

# VALORA

# GALICIA

**INSTRUMENTO PARA A  
VALORACIÓN DA GRAVIDADE  
DAS SITUACIÓNS DE  
DESPROTECCIÓN INFANTIL  
NOS SERVIZOS SOCIAIS  
ESPECIALIZADOS EN  
PROTECCIÓN DE MENORES  
NA COMUNIDADE  
AUTÓNOMA DE GALICIA**



**XUNTA  
DE GALICIA**





**Edita:** Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

<https://libraria.xunta.gal>

1ª ed., Santiago de Compostela, 2021

© do texto, os autores

© da edición, Xunta de Galicia. 2021. Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0



España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

[https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

**Autora:**

Mª Ignacia Arruabarrena Madariaga

**Autores da adaptación do instrumento**

**Coordinadora:** Teresa Gutiérrez Manjón

Xefatura Territorial da Coruña

Lorenzo Sierra, Lucía

Mª Teresa Hermida Pérez

Jara Mª Echarren Pérez

Xefatura Territorial de Lugo

Mª Jesús Rodríguez Rodríguez

Vitalia García Méndez

Xefatura Territorial de Ourense

Mercedes Agulleiro Outes

Xefatura Territorial de Vigo

Antonio Garra López

Eva Rial Gil

# VALORA-GALICIA

INSTRUMENTO PARA A VALORACIÓN DA GRAVIDADE DAS SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN INFANTIL  
NOS SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS EN PROTECCIÓN DE MENORES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA  
DE GALICIA




# Índice

<b>Presentación</b>	<b>10</b>
<b>PARTE 01</b> Contextualización do instrumento	<b>14</b>
<b>PARTE 02</b> Situacións de risco e desamparo: definición e niveis de gravidade	<b>20</b>
<b>PARTE 03</b> Criterios xerais e procedemento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección	<b>32</b>
Quen aplica o instrumento	33
Período de tempo que abarca	33
Niveis de gravidade, cualificación e significado	33
Declaración administrativa de risco e valoración do grao de colaboración dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras	36
Procedemento para a recollida de información	41
Avaliación do dano no neno, nena ou adolescente	43
Circunstancias particulares (parellas separadas ou divorciadas, prácticas vinculadas a valores ou costumes particulares, adolescentes non emancipados legalmente que viven de forma independente)	49
Intervención que se ha seguir cando a información non é concluínte	52
Elaboración do informe	52
Servizos implicados: servizos sociais comunitarios e especializados. Coordinación e derivación de casos	53
Intervención posterior en situacións de risco grave e con medida de tutela ou garda	57

## PARTE 04 Escalas: Tipoloxías de desprotección e niveis de gravidade

.....	<b>58</b>
Tipos de situacións de desprotección .....	59
Malos tratos físicos .....	61
Neglixencia .....	64
Neglixencia coas necesidades físicas .....	64
Alimentación .....	64
Coidado da saúde física .....	66
Vestido .....	68
Hixiene persoal .....	69
Condicións hixiénicas da vivenda .....	70
Estabilidade e condicións de habitabilidade da vivenda .....	72
Neglixencia respecto das necesidades de seguridade .....	74
Seguridade física da vivenda e prevención de riscos .....	74
Supervisión .....	76
Protección ante situacións de maltrato grave perpetradas por outras persoas .....	81
Neglixencia respecto das necesidades cognitivas .....	83
Estimulación .....	83
Neglixencia respecto das necesidades formativas .....	86
Neglixencia respecto das necesidades emocionais .....	89
Interacción e afecto .....	89
Atención específica a problemas emocionais graves ou necesidades especiais.....	91
Normas, límites, rutinas e transmisión de valores morais positivos .....	92
Violencia sexual .....	94
Malos tratos psicolóxicos .....	97
Malos tratos emocionais .....	97
Implicación do neno, nena ou adolescente en conflitos entre as figuras parentais e conflitos entre as figuras parentais e outros familiares significativos pertencentes ao núcleo convivente .....	101
Exposición a situacións de violencia de parella ou entre membros da unidade convivente .....	103
Ameazas de agresión física .....	105
Abandono .....	107

Incapacidade parental de control da conduta do neno, nena ou adolescente .....	110
Outras .....	113
Malos tratos prenatais .....	113
Trato non apropiado .....	115
Privación deliberada de comida ou auga .....	115
Confinamento ou restrición física .....	116
Expulsión ou negación da entrada ao domicilio .....	117
Corrupción .....	119
Mendicidade .....	122
Explotación laboral .....	124
Outras situacións específicas que constitúen risco grave ou desamparo .....	126
Risco de malos tratos prenatais .....	126
Antecedentes de desprotección grave perpetrada polo pai, pola nai ou polas persoas que exercen a tutela ou garda .....	127
Graves dificultades persoais no pai, na nai ou nas persoas que exercen a tutela ou garda .....	127
Imposibilidade temporal ou definitiva do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para cumprir os deberes de protección .....	128
Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados .....	128
<b>PARTE 05 Anexos</b> .....	<b>130</b>
Anexo I – Información para incluír no informe e folla-resumo do instrumento .....	131
Anexo II – Taxonomía de necesidades básicas na infancia e adolescencia e indicadores para a súa avaliación .....	137
Anexo III – Instrumentos de screening para a avaliación do dano no neno, nena ou adolescente, e outros instrumentos de interese para a avaliación de competencias parentais .....	159
Anexo IV – Glosario .....	171
Anexo V – Bibliografía, webgrafía e fontes de información de interese .....	177
Anexo VI – Guía rápida .....	187



# Presentación

Os pais teñen o dereito e a responsabilidade de previr calquera situación de desprotección dos seus fillos. De igual modo, existe a responsabilidade social, exercida a través dos poderes públicos, de dispoñer prestacións e servizos dirixidos a apoiar as familias para garantir o cumprimento efectivo das súas obrigacións parentais. Neste sentido, o sistema de protección social á infancia, familia e adolescencia é competencia da Consellería de Política Social, que traballa para protexer os dereitos e intereses das persoas menores e lograr a súa adecuada atención, especialmente cando se trata de nenos, nenas e adolescentes vulnerables ou en situación de desprotección social.

Nesta tarefa, os profesionais e as profesionais dos Servizos Sociais especializados en protección da infancia, que traballan con menores que viven situacións de risco e desprotección, necesitan contar con criterios que lles axuden a valorar a súa gravidade e tomar decisións acertadas que contribúan a mellorar a vida destes nenos e nenas. Coa implementación do instrumento Valora-Galicia na nosa Comunidade Autónoma preténdese mellorar e axilizar a intervención nestas situacións, xa que a utilización dos mesmos criterios e categorías de malos tratos vai permitir un coñecemento máis profundo deste fenómeno e unha abordaxe máis homoxénea. Con este propósito, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, en colaboración cun grupo de traballo formado por profesionais das catro xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, impulsou a adaptación do 'Instrumento para a Valoración da Gravidade das Situacións de Risco, Desprotección e Desamparo da Infancia e Adolescencia para Galicia: VALORA-GALICIA.

Este instrumento técnico que se presenta parte de estudos e experiencias de boas prácticas na materia xa existentes, como son o "Instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desamparo nos Servizos Municipais e Territoriais á Infancia e Adolescencia na Comunidade Autónoma Vasca – BALORA", o 'Instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil dos Servizos Sociais de Atención Primaria e Especializados da Rexión de Murcia', así como o instrumento 'VALÓRAME', da Xunta de Andalucía e as adaptacións realizadas en Extremadura e a Comunidade de Madrid.

Coa utilización das valoracións e orientacións derivadas da aplicación deste instrumento, incrementamos a eficacia da intervención profesional, obxectivo que perseguimos para alcanzar a maior calidade na atención que prestamos aos nenos e ás nenas e ás súas familias e lograr, así, diminuír, as situacións de desprotección en Galicia. Por este motivo, queda ao dispor do resto de Administracións con competencias na valoración e xestión das situacións de risco das nenas, nenos e adolescentes, e do resto de axentes implicados no sistema de protección, como entidades sociais ou asociacións de familias acolledoras ou adoptivas.

A elaboración e implementación deste instrumento supón unha mostra do esforzo e coordinación que vén realizando desde esta Administración para abordar o problema da infancia e adolescencia en situación de risco e desprotección. É por iso que desexo expresar aos seus autores o meu máis sincero agradecemento pola súa implicación e participación activa e voluntaria nesta iniciativa que, ao mesmo tempo, debe servir como un recoñecemento do papel fundamental e da enorme responsabilidade dos profesionais e as profesionais na protección e defensa da infancia e adolescencia en Galicia.

Moitas grazas a todos,

**Jacobo Rey Sastre, director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.**



O instrumento Valora-Galicia foi deseñado para ser aplicado polos servizos sociais especializados en protección de menores da Xunta de Galicia para a execución das competencias establecidas na [Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia](#) (en diante, Lei 3/2011), con relación á investigación e valoración das situacións de desprotección que afectan a nenos, nenas e adolescentes. O instrumento achega criterios técnicos para a valoración da gravidade destas situacións e as correspondentes tomas de decisión. Preséntase como unha ferramenta que, do mesmo xeito ca outros instrumentos técnicos, ha de ser utilizada por profesionais capacitados, como orientación, fundamento e apoio ao xuízo profesional, nunca como substituto deste. O seu contido baséase en instrumentos similares implantados inicialmente na Comunidade Autónoma do País Vasco e, posteriormente, na Rexión de Murcia e nas comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Madrid.



<https://www.boe.es/buscar/pdf/2011/BOE-A-2011-13120-consolidado.pdf>

#### **Navegación por el documento:**

O índice permite acceder directamente aos distintos apartados do documento simplemente pulsando sobre eles. Noutros lugares do documento hai enlaces internos. Para volver á orixe tras utilizar un enlace, hai que utilizar a tecla Alt+frecha esquerda.

#### **Acrónimos:**

**SSE:** Servizos sociais especializados en protección de menores

**SSC:** Servizos sociais comunitarios

**RUSSVI:** Registro Unificado de Servicios Sociales sobre Violencia contra la Infancia

---

Parte

01

# Contextualización do instrumento

**O instrumento que se presenta neste documento parte dos seguintes supostos:**

- Foi deseñado co fin de ser aplicado polos servizos sociais especializados en protección de menores da Xunta de Galicia para a execución das competencias establecidas na [Lei 3/2011](#) con relación á investigación e valoración das situacións de desprotección nas que se poden ver afectados os nenos, nenas e adolescentes. O instrumento achega criterios para a valoración da gravidade destas situacións e as correspondentes tomas de decisión.
- Insírese nun determinado procedemento de intervención, estruturado en fases diferenciadas e secuenciadas (recepción, investigación, avaliación, deseño e execución do plan de intervención, reavaliación permanente do plan, fin da intervención) e cada unha delas ten os seus propios obxectivos, metodoloxía e prazos de tempo. Porén, tal diferenciación e secuenciación de fases non ha de entenderse de forma ríxida, estática ou máis alá do que o xuízo profesional aconselle, pois de feito e de forma inevitable na realidade mestúranse e compaxínanse. Así, por exemplo, as tarefas de investigación e avaliación desenvólvense en moitos casos de forma simultánea e realízanse non unicamente de forma previa ao deseño ou execución do plan de intervención<sup>1</sup>, senón tamén cando durante a execución do devandito plan se obtén nova información que aconsella realizar unha nova investigación ou avaliación do caso. Máis aínda, a execución do plan de intervención leva implícita a investigación e a reavaliación permanente do caso. De igual forma, en moitas ocasións é apropiado ou necesario que os servizos sociais leven a cabo intervencións directas coa familia durante o propio proceso de investigación ou avaliación; ademais, convén asumir que a propia investigación ou avaliación é unha intervención en si mesma. O sentido das fases, por tanto, é ordenar o proceso de intervención e sinalar cal ha de ser a actuación predominante ou prioritaria, que non exclusiva, en cada momento do devandito proceso.
- A súa utilización non se restrinxe a un único momento do proceso de intervención, senón que ha de ser aplicado ao longo das diferentes fases deste, desde a recepción da notificación ata a finalización da intervención e o peche de expediente. Concretamente, o instrumento aplicarase:

**Obxectivos do instrumento e inserción no proceso de intervención dos servizos sociais especializados en protección de menores**

<sup>1</sup> Plan de intervención: No articulado da [Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia](#), o “proxecto de intervención social e educativo familiar” aplícase nas situacións de risco, o “plan individualizado de protección” nos casos con medida de protección de tutela ou garda e o “plan de intervención” é a forma xenérica de referirse á intervención realizada en situacións de desprotección. .

1. Na investigación de posibles situacións de desprotección que poidan estar producíndose na familia na que convive o neno, nena ou adolescente.
2. Na valoración de situacións de desprotección ocorridas no pasado cuxa consideración sexa relevante no momento actual, dada a súa influencia na situación do neno, nena ou adolescente.
3. Nos procesos de valoración dunha posible reunificación familiar, a condición de que existan espazos de convivencia suficientemente prolongados para valorar o coidado e o trato recibidos polo neno, nena ou adolescente na súa familia.
4. En procesos de valoración de solicitudes de garda en que se considere conveniente descartar posibles situacións de desprotección grave que requiran unha asunción de tutela.

### **Casos nos que se debe aplicar o instrumento**

Os cadros que se mostran nas páxinas seguintes recollen de forma esquemática o procedemento actual de intervención dos servizos sociais especializados en protección de menores nas situacións de desprotección, así como os momentos de toma de decisión en que este instrumento é de utilidade.

## PROCEDIMENTO DE INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS EN SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN INFANTIL

### NOTIFICACIÓNS DE NENOS, NENAS OU ADOLESCENTES EN POSIBLE DESPROTECCIÓN

Realizadas por particulares ou servizos (centros educativos, sanitarios, policía, xulgados, Fiscalía, etc.)

**SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS – SSC**  
(vía ordinaria e principal de recepción de notificacións; con frecuencia actúan tamén como fonte de detección)

**SERVIZOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS - SSE**  
(recepción dalgunhas notificacións; p.ex., hospitais, abandonos, nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, Fiscalía, xulgados, RUSSVI, Teléfono Infancia)

### APERTURA DE HISTORIA/EXPEDIENTE E PRIMEIRA VALORACIÓN DO CASO: APRECIACIÓN DA EXISTENCIA DE DESPROTECCIÓN E NIVEL DE URXENCIA CON QUE É PRECISO ACTUAR

Non hai desprotección ou risco leve

Hai ou pode haber desprotección

### SSE - DETERMINACIÓN DA GRAVIDADE DA DESPROTECCIÓN

Non hai desprotección  
ou risco leve

Desprotección non  
confirmada pero  
persisten sospechas

Risco leve ou  
desprotección moderada

Desprotección grave  
ou moi grave

Actuación en función  
das necesidades da  
familia:  
  
Derivación a SSC ou  
a outros servizos,  
se fose pertinente

#### Sospeitas de desprotección moderada - Derivación e Seguimento Valorativo SSC:

Actuación posterior en función  
da confirmación das sospeitas.

#### Sospeitas de desprotección grave ou moi grave – SSE:

SSE continuará realizando un  
seguimento próximo do caso  
ata confirmar ou refutar  
as sospeitas.

#### Intervención SSC

- Avaliación e orientación do caso
- Elaboración do plan de actuación
- Execución do plan
- Declaración administrativa de risco, cando sexa pertinente
- Derivación aos SSE cando aumenta nivel de gravidade
- Peche de expediente

#### Intervención SSE

- Avaliación e orientación do caso
- Declaración administrativa de risco ou desamparo, ou asunción da garda do menor, cando sexa pertinente
- En situacións de desamparo, posta en marcha do procedemento de actuación ordinario ou urxente segundo sexa necesario (art 53 e 55, Lei 3/2011)
- Elaboración e execución do plan de intervención
- Derivación aos SSC cando diminúe o nivel de gravidade e a familia require intervención dos SSC
- Peche de expediente

# MOMENTOS DE TOMA DE DECISIONS E APLICACIÓN DO INSTRUMENTO

## 1. RECEPCIÓN

- Trátase dunha situación cuxa atención é ou pode ser competencia dos servizos sociais?
- É ou pode ser unha situación de desprotección?
- En caso afirmativo, a que servizo (SSC ou SSE) corresponde a atención inicial a esa notificación?
- Con que nivel de urxencia hai que actuar?

Non hai vulnerabilidade, risco ou desamparo.

**Derivación, no seu caso, a outros servizos**

Non hai desprotección, pero constátase situación de vulnerabilidade ou risco leve.

**Intervención preventiva SSC**

**Cconstatase ou hai sospeitas de desprotección**

**Apertura de expediente e designación de técnico de referencia**

## 2. INVESTIGACIÓN

- Hai desprotección?
- Está ou pode estar o neno, nena ou adolescente correndo perigo?, é ou pode ser necesaria unha actuación protectora de urxencia?

## 3. EVALUACIÓN

- Causas ou factores asociados?
- Recursos propios na familia, menor, contorna?
- Necesidades de apoio e tratamento?
- Prognóstico?

## 4. ELABORACIÓN DEL PLAN DE INTERVENCIÓN

- Determinación do técnico/a de referencia
- Problemas que deben abordarse, obxetivos
- Secuenciación
- Recursos
- Teempos

## 5. POSTA EN MARCHA E REEVALUACIÓN PERMANENTE DO PLAN

Cada seis meses máximo

- Grao de consecución dos obxetivos?
- Situación do neno, nena ou adolescente?
- Cambios no plan?

## 6. FIN DA INTERVENCIÓN E PECHE DE EXPEDIENTE

Derivación, se é o caso, a outros servizos

Cando haxa indicios de desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada, ha de aplicarse o Instrumento completo, incluíndo a Folla-Resumen. En casos de indicios de vulnerabilidade ou Risco leve, o instrumento utilizarase como referencia.

#### APLICACIÓN DO INSTRUMENTO (1)

En base á información recollida na Recepción, ha de facerse unha primeira apreciación –de carácter rápido- de se hai ou pode haber unha situación de desprotección e, en caso afirmativo, apreciar a súa gravidade aparente para actuar de forma urxente se é preciso.

Para iso utilizarase o Instrumento Valora-Galicia como referencia (non se require o enchemento da Folla-Resumen). Salvo excepcións (ver páxina anterior), a recepción de notificacións corresponde a SSC.

#### APLICACIÓN DO INSTRUMENTO (2)

Se é necesario, na fase de Investigación complétase a información recollida na recepción para poder determinar con claridade se existe desprotección e o seu nivel de gravidade.

#### APLICACIÓN DO INSTRUMENTO (3)

Se é necesario, na fase de Avaliación complétase a información recollida ou a valoración realizada na fase de Investigación.

#### APLICACIÓN DO INSTRUMENTO (4)

Durante a posta en marcha do Plan de Intervención é preciso reevaluar de forma permanente a situación do neno, nena ou adolescente para valorar se hai cambios no nivel de gravidade da desprotección. Procederase en consecuencia a modificar o Plan de Intervención e, se é pertinente, derivar o caso a outros servizos.

---

Parte

02

## **Situaciones de riesgo e desamparo: definición e niveis de gravidade**

A lexislación actualmente vixente en materia de atención e protección á infancia e á adolescencia asígnalles aos servizos sociais a responsabilidade —non exclusiva, pero si ineludible— de intervir en situacións de risco e **desamparo** que afecten a persoas menores de idade:

- O **desamparo** aplícase a aquelas situacións nas que se produce un “incumprimento ou un imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material”. Implica a separación do neno, nena ou adolescente da súa contorna familiar, a asunción da súa tutela por parte da entidade pública competente na materia e a suspensión da patria potestade ou tutela ordinaria das persoas que a tivesen ata o momento (artigos 172 do CC e 18 da [Lei orgánica 1/1996](#), do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, na redacción dada pola [Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia](#)).
- O risco defínese como aquelas situacións nas que “por mor das circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, o menor se vexa prexudicado no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos de forma que, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo e a asunción da tutela por ministerio da lei, sexa precisa a intervención da Administración pública competente para eliminar, reducir ou compensar as dificultades ou a inadaptación que lle afecten e evitar o seu desamparo e exclusión social, sen ter que ser separado da súa contorna familiar” (artigo 17 da [Lei orgánica 1/1996](#), na redacción dada pola [Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia](#)).



Mentres que o desamparo se aplica exclusivamente a situacións vinculadas ao exercicio dos deberes de protección, o risco inclúe máis circunstancias:

- a) Situacións de **desprotección**: nestas situacións existe un inadecuado exercicio dos deberes de protección dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras que, aínda que non constitúe desamparo, podería chegar a constituílo nun futuro e, en calquera caso, supón un prexuízo para o desenvolvemento da persoa menor de idade.
- b) Situacións de **dificultade social**: nestas situacións, malia que hai un exercicio adecuado dos deberes de protección, existen outras circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos fóra do control dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras que están prexudicando ou poden prexudicar o desenvolvemento da persoa menor de idade (por exemplo, falta de servizos, pobreza, delincuencia, marxinación ou violencia na súa contorna, incluído o centro escolar etc.).

#### Clarificación terminolóxica:

- **Risco / Desamparo**
- **Desprotección / Dificultade social.**

A sociedade no seu conxunto, incluída a cidadanía, os seus representantes na Administración pública, e particularmente os servizos sociais, están obrigados a lles proporcionar un trato adecuado aos nenos, nenas e adolescentes, a velar polos seus dereitos e a intervir en situacións de desprotección e dificultade social, para o cal han de protexer os nenos, nenas e adolescentes de calquera circunstancia que poida prexudicar o seu desenvolvemento. Estas circunstancias poden ser múltiples e requirir respostas diferenciadas. Aínda que as liñas xerais da intervención dos servizos sociais nas situacións de desprotección comparten aspectos comúns coa intervención en situacións de dificultade social, a súa concreción supón procedementos e criterios de actuación diferentes. Neste sentido, **o instrumento Valora-Galicia foi deseñado para aplicarse en situacións de desamparo e de risco sinaladas no apartado a): Situacións de desprotección nas que se produce un incumprimento inadecuado ou un imposible exercicio dos deberes de protección que lles corresponden aos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras<sup>2</sup>, é dicir, cando estas persoas lle causen dano ao menor ou no caso de que non o protexan das agresións ou da vulneración de dereitos labores por terceiras persoas<sup>3</sup>.**

**O instrumento Valora-Galicia foi deseñado para ser aplicado en situacións de desprotección infantil.**

A definición do **concepto de desprotección**, do tipo de situacións concretas que constitúen desprotección cara a un neno, nena ou adolescente, variou ao longo do tempo e do contexto sociocultural. Trátase dun concepto dinámico que foi evolucionando ao longo do tempo. A barreira entre o que se considera un trato adecuado e inadecuado cara aos nenos, nenas e adolescentes e a tolerancia social ante determinadas condutas por parte das persoas que se responsabilizan do seu coidado varía en función do período histórico e dos costumes

<sup>2</sup> Inclúe persoas acolledoras ou gardadoras de feito.

<sup>3</sup> O instrumento recolle algunhas excepción e inclúe como situacións de desprotección algunhas accións perpetradas por familiares ou persoas achegadas que conviven coa persoa menor de idade.


e normas sociais. Afortunadamente, en sociedades desenvolvidas como a nosa, as leis e costumes sociais evolucionaron cara a unha consideración e unha cobertura cada vez máis amplas dos dereitos da infancia e da adolescencia.

A definición que se presenta neste documento sobre cales son os nenos, nenas e adolescentes necesitados de protección parte da consideración de que hai unha serie de dereitos<sup>4</sup> e necesidades básicas que toda persoa menor de idade ten que ter garantidos e satisfeitos para promover o seu desenvolvemento integral, independentemente do grupo sociocultural ao que pertenza ou dos valores e costumes que os seus pais e nais ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda adquirisen pola súa pertenza a este. Aínda que os servizos sociais deben tomar en consideración e mostrar o máximo respecto aos valores ou costumes culturais particulares, estes deben garantir a cobertura dos dereitos e necesidades básicas de todo neno, nena ou adolescente, entre os que se inclúe a igualdade entre mulleres e homes. En caso de non ser así, os devanditos servizos teñen o mandato legal de intervir para corrixir esa situación.

O instrumento será tamén de necesaria aplicación para determinar a correspondencia das diferentes situacións de desprotección ás descritas legalmente como risco e desamparo. A diferente gradación na valoración da gravidade da desprotección asociarase a unha categoría de risco (leve, moderado ou grave) ou á proposta da declaración de desamparo ou a asunción da garda do neno, nena ou adolescente (ver figura páxina seguinte).

---

4 Recollidos na [Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia](#).



**Nota:** As situacións de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada poden supor a proposta de tutela (desamparo) en función de: (1) se a situación supón un perigo para a vida e a integridade básica da persoa menor de idade e se pode ser contrarrestada ou non na contorna familiar e (2) o grao de colaboración da familia (fundamentalmente, pero non de forma exclusiva, do pai, da nai ou das persoas titoras ou gardadoras) coa proposta de intervención realizada polos servizos sociais.

O cadro que se presenta na páxina seguinte recolle de forma esquemática e como parte dun continuo as diferentes situacións que requiren a atención dos servizos sociais. En páxinas posteriores, defínense e describíense de forma máis detallada.



SEN RISCO	VULNERABILIDADE Á DESPROTECCIÓN <sup>5</sup> E RISCO LEVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás necesidades do neno, nena ou adolescente. Sen factores de vulnerabilidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás necesidades do neno, nena ou adolescente, pero hai dificultades persoais, familiares ou sociais que implican vulnerabilidade á desprotección. A desprotección podería aparecer no futuro. Inclúe situacións de risco prenatal,  <b>e/ou</b></li> <li>Déficits leves na atención ao neno, nena ou adolescente..</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Intervención para desenvolver</b></p> <p>Programas de promoción da saúde e prevención universal.</p>	<p style="text-align: center;"><b>Intervención para desenvolver</b></p> <p>Programas de prevención selectiva e indicada</p>
<p style="text-align: center;"><b>Institución competente</b></p> <p>Rede de servizos comunitarios</p>	<p style="text-align: center;"><b>Institución competente</b></p> <p>Rede de servizos comunitarios; Servizos sociais comunitarios</p>

**En circunstancias de carácter transitorio e resoluble que imposibiliten aos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda exercer os seus deberes de protección, os servizos**

<sup>5</sup> O instrumento Valora-Galicia define de maneira máis concreta as situacións que poden constituír risco leve ou desprotección e requirir, polo tanto, a intervención dos servizos sociais. O documento non detalla o amplo espectro de situacións nas que, malia que hai unha atención adecuada ás necesidades do neno, nena ou adolescente, existen antecedentes de problemas familiares ou dificultades persoais, familiares ou sociais que implican vulnerabilidade á desprotección e cuxa atención tamén é competencia dos servizos sociais. A non inclusión destas situacións neste instrumento non implica que a intervención nelas poida considerarse menos importante ou prioritaria. Estas intervencións deben iniciarse canto antes e hai que prestarlles unha especial atención aos nenos e nenas de idades inferiores (menores de seis anos) e a aqueles que presenten discapacidades físicas, mentais ou sensoriais ou outras condicións que os coloquen nunha situación de especial vulnerabilidade.

## SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN

RISCO MODERADO	RISCO GRAVE	DESAMPARO (TUTELA)
<ul style="list-style-type: none"> <li>Inadecuado cumprimento dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente. Desprotección moderada en calquera das tipoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Imposible exercicio dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente,</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>ou</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente. Desprotección de gravidade elevada ou moi elevada en calquera das súas tipoloxías.</li> </ul>	<p>O neno, nena ou adolescente queda privado da necesaria asistencia moral ou material por algunha das seguintes causas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Incumprimento dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente,</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>ou</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Imposible exercicio dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente,</li> </ul> <p style="text-align: center;"><b>ou</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente: desprotección de gravidade elevada ou moi elevada en calquera das súas tipoloxías.</li> </ul>
<b>Intervención para desenvolver</b>	<b>Intervención para desenvolver</b>	<b>Intervención para desenvolver</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Programas de preservación familiar.</li> <li>Declaración administrativa de risco, cando sexa pertinente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cando a situación pode ser contrarrestada na contorna familiar: programas de preservación familiar.</li> <li>Cando a situación non pode ser contrarrestada na contorna familiar e se conta coa colaboración dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda: garda voluntaria, recursos de acollida para o neno, nena ou adolescente e programas de reunificación familiar.</li> <li>Declaración administrativa de risco, cando sexa pertinente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Declaración de desamparo e asunción da tutela do neno, nena ou adolescente por ministerio de lei. Separación temporal: programas de reunificación familiar e recursos de acollida temporal (acollemento residencial ou familiar).</li> <li>Separación permanente: recursos de acollida permanente (acollemento residencial, acollemento familiar, adopción) e servizos de apoio ao neno, nena ou adolescente.</li> </ul>
<b>Institución competente</b>	<b>Institución competente</b>	<b>Institución competente</b>
Servizos sociais comunitarios	Servizos sociais especializados	Servizos sociais especializados

**servizos sociais especializados poderán asumir a garda do neno, nena ou adolescente, nas condicións establecidas na LO 1/1996**

## VULNERABILIDADE Á DESPROTECCIÓN E RISCO LEVE

### DEFINICIÓN

Nenos, nenas e adolescentes que, malia teren as súas necesidades básicas satisfeitas e sen que os seus pais, nais ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda se atopen incapacitados ou imposibilitados para exercer os deberes de protección, viven e desenvólvense en contornas familiares ou sociais cuxas condicións **poden provocar** un dano significativo a curto, medio ou longo prazo no seu benestar e desenvolvemento. O neno, nena ou adolescente aínda non sufriu un dano significativo, pero podería sufrilo nun futuro próximo.

### SITUACIONES E INTERVENCIÓN

	Situacións	Intervención
<b>A</b>	<p><b>VULNERABILIDADE Á DESPROTECCIÓN:</b></p> <p>Hai <b>antecedentes</b> de problemas familiares ou unha situación de crise, déficits ou problemas na familia que se prevé que poden afectar negativamente ou limitar de forma significativa a capacidade das figuras parentais para lle proporcionar un coidado e atención adecuados ao neno, nena ou adolescente e provocar a aparición nun futuro próximo de situacións de desprotección. Inclúense, por exemplo, un alto nivel de estrés; o consumo non incapacitante de drogas ou alcol dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente; a maternidade e paternidade do ou da adolescente; o illamento social; problemas físicos, mentais ou psicolóxicos importantes, aínda que non incapacitantes, nas figuras parentais ou antecedentes de desprotección moderada cara a outros nenos, nenas ou adolescentes. Inclúe tamén situacións de risco prenatal.</p>	<p><b>A atención aos nenos, nenas e adolescentes que se atopan nestas circunstancias correspóndelles aos SSC, en colaboración coa rede de servizos comunitarios. A intervención para desenvolver é de carácter preventivo a través de programas de prevención selectiva e indicada. O seu obxectivo principal hase de centrar en evitar a aparición de danos significativos no neno, nena ou adolescente do seguinte xeito:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. <b>Eliminando, reducindo, controlando ou contrarrestando os factores que poden provocarlle un dano significativo.</b></li><li>2. <b>Corrixindo as pautas inadecuadas educativas ou de coidado, trato ou relación existentes na familia.</b></li></ol>
<b>B</b>	<p><b>RISCO LEVE:</b></p> <p>Os pais, nais, persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente ou as persoas adultas que conviven na familia utilizan <b>unhas pautas educativas ou de coidado, trato ou relación co neno, nena ou adolescente non adecuadas</b>. A situación non provocou un dano significativo no neno, nena ou adolescente (no ámbito físico, emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual), pero se se mantén podería provocalo no futuro.</p>	

## DESPROTECCIÓN

### DEFINICIÓN

Un neno, nena ou adolescente atópase en situación de desprotección cando:

1. Ten **necesidades básicas sen satisfacer que lle provocaron ou que se valora que é probable que lle provoquen un dano SIGNIFICATIVO na súa saúde, benestar ou desenvolvemento, e esa situación é CONSECUENCIA DIRECTA da incapacidade ou imposibilidade do pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda para cumprir os deberes de protección ou do inadecuado exercicio dos devanditos deberes<sup>6</sup>,**
- O
2. **A incapacidade ou imposibilidade do pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda para cumprir os deberes de protección é de tal gravidade ou intensidade que lles impide garantir no futuro inmediato a satisfacción das necesidades básicas do neno, nena ou adolescente.**

1

As persoas responsables de garantir a satisfacción dunha ou varias necesidades básicas dun neno, nena ou adolescente, non cumpren coa súa responsabilidade porque non poden ou non queren, ou se dan determinadas condicións externas que llo impiden.

2

A rede de apoio da familia non contrarresta esta situación e non satisfai as necesidades do neno, nena ou adolescente.

3

**Como consecuencia** desta situación, o neno, nena ou adolescente **sufriu ou é probable que sufra un dano significativo** na súa saúde, benestar ou desenvolvemento.

<sup>6</sup> Nestes casos, a valoración dos factores que motivan que os pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda non cumpran adecuadamente os seus deberes de protección son relevantes para decidir a intervención que se ha seguir, pero non son determinantes á hora de valorar se hai desprotección ou non.

## SITUACIÓNS E INTERVENCIÓN

	Situacións	Intervención
<b>A</b>	<p><b>Imposibilidade temporal ou definitiva dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda para cumprir os deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente, que pode provocar a privación da súa necesaria asistencia moral ou material:</b> por falecemento; encarceramento; enfermidade física, mental ou toxicomanía incapacitantes ou causas de natureza similar e ausencia de familiares que se fagan cargo do coidado do neno, nena ou adolescente (inclúense nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados).</p>	<p><b>Asunción da garda ou tutela<sup>7</sup> do neno, nena ou adolescente.</b> A intervención será competencia <b>dos servizos sociais especializados en protección de menores.</b></p>
<b>B</b>	<p><b>Incumprimento por parte dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente, que pode provocar a privación da súa necesaria asistencia moral ou material:</b> abandono total da persoa menor de idade ou causa de natureza similar.</p>	<p><b>Declaración de desamparo e asunción da tutela do neno, nena ou adolescente.</b> A intervención será competencia <b>dos servizos sociais especializados en protección de menores.</b></p>
<b>C</b>	<p><b>Inadecuado exercicio por parte dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda dos deberes de protección establecidos para a garda do neno, nena ou adolescente, que pode provocar a privación da súa necesaria asistencia moral ou material:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada (en calquera das súas tipoloxías) perpetrada polos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda.</li> <li>2. Incapacidade dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda para protexer o neno, nena ou adolescente do maltrato de gravidade moderada, elevada ou moi elevada (en calquera das súas tipoloxías) perpetrada por outras persoas, sexan adultas ou menores de idade.</li> </ol>	<p>Segundo a súa gravidade, estas situacións poden constituír:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Desprotección de gravidade moderada. A intervención será competencia dos servizos sociais comunitarios.</b></li> <li>● <b>Desprotección de gravidade elevada ou moi elevada, con ou sen separación do neno, nena ou adolescente da familia. A intervención será competencia dos servizos sociais especializados en protección de menores.</b></li> </ul>

<sup>7</sup> Referido unicamente aos casos atendidos polos servizos sociais. Noutros casos, a intervención desenvolverase exclusivamente desde instancias xudiciais (por exemplo, solicitudes de tutelas ordinarias).



---

Parte

03

# **Cristerios xerais e procedemento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección**

## QUEN APLICA O INSTRUMENTO

- O instrumento está deseñado para ser utilizado polos equipos técnicos dos servizos sociais especializados en protección de menores da Xunta de Galicia. Pode ser utilizado e aplicado por profesionais das diferentes disciplinas que traballan nestes servizos, fundamentalmente traballo social, pedagogía, educación e psicoloxía. A súa aplicación require (1.º) recoller información e (2.º) proceder á súa valoración. Aínda que a responsabilidade da recollida da información requirida polo instrumento poderá ser asignada a un técnico de referencia -que contará co apoio doutros profesionais do seu equipo cando sexa necesario-, **a análise e valoración desta realizarase sempre en equipo cun enfoque multidisciplinar.**
- O instrumento poderá tamén ser incorporado como ferramenta técnica polos servizos sociais comunitarios.

### Dous procesos:

1. Recollida de información
2. Análise e valoración

## PERÍODO DE TEMPO QUE ABARCA

- O instrumento ha de ser aplicado para valorar a gravidade da desprotección que está a afectar a un neno, nena ou adolescente nun momento determinado e nas súas diferentes tipoloxías. Aínda que se recollerá información e se terán en conta as situacións de desprotección que puidesen acontecer no pasado, a valoración referirase aos **últimos seis meses.**
- As situacións de desprotección que puidesen producirse no pasado pero que non se atopen presentes no momento da valoración non serán cualificadas como actuais, aínda cando as súas secuelas no neno, nena ou adolescente poidan persistir. Obviamente, si se incorporará na valoración a información sobre este tipo de situacións (por exemplo: "Hai constancia de que cando a nena tiña tres anos se produciu unha situación de negligencia de gravidade moderada nas áreas de alimentación e hixiene persoal, que se corrixiu tras a intervención levada polos servizos sociais comunitarios"). Coñecer a existencia previa de situacións de desprotección é importante para elaborar o pronóstico sobre as posibilidades de capacitación parental, para entender a orixe dos problemas ou dificultades do neno, nena ou adolescente etc. Pero esta circunstancia non ha de influír na valoración acerca da existencia ou non de desprotección e a súa gravidade noutro momento diferente.

### Avaliación dos últimos 6 meses

## NIVEIS DE GRAVIDADE, CUALIFICACIÓN E SIGNIFICADO

- O instrumento recolle as distintas tipoloxías de desprotección que poden producirse. Aínda que a listaxe pretende ser exhaustiva, poden existir **situacións excepcionais non recollidas** que deberán ser debidamente descritas.

Todas as situacións incluídas no instrumento teñen en común que:

## Tipoloxías de desprotección

- a) Implican o incumprimento ou o imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección.
- b) Supoñen unha desatención ou atención inadecuada (por acción ou omisión) ás necesidades básicas (físicas, emocionais, cognitivas, sociais e afectivo-sexuais) do neno, nena ou adolescente.
- c) Están provocando ou é probable que lle provoquen un dano significativo, que pode mesmo chegar á privación da súa necesaria asistencia moral ou material.

- Para cada tipoloxía de desprotección, o instrumento describe:

## Descritores para os distintos niveis de gravidade en cada tipoloxía

### Significado de “risco leve”

1. Os niveis de gravidade moderada, elevada e moi elevada (salvo excepcións nas que non se contempla a existencia dalgún nivel de gravidade).
  2. Situacións que non chegan a constituír desprotección, pero que implican déficits no exercicio da garda e constitúen un risco leve.
- En cada tipoloxía proporcióname unha descrición de cada nivel de gravidade. Dado que non resulta posible recoller de forma exhaustiva a totalidade de circunstancias que poden presentarse, **se se producen situacións non sinaladas en ningún nivel de gravidade deberán clasificarse no nivel que describa circunstancias similares.**
  - As circunstancias incluídas en cada nivel de gravidade descríbense nun parágrafo. Ese parágrafo está composto por diferentes **frases que pretenden, en conxunto, describir unha determinada situación ou un tipo de relación familiar.** Para cualificar un nivel de gravidade non se han de presentar necesariamente todas e cada unha das frases recollidas neses parágrafos, é suficiente con que se presente unha parte substancial delas e que o tipo de situación descrita no parágrafo reflecta ou se axuste ao que sucede no caso avaliado. O instrumento indica mediante un “Y” (maiúsculo e subliñado) as situacións nas que se esixe a presenza simultánea de varias circunstancias para cualificar un determinado nivel de gravidade.

## Cualificar o nivel de gravidade que máis se achega ou asemella ao que sucede na familia que se está avaliando

- Cando a mesma conduta ou situación poida incluírse en varias tipoloxías ou escalas, cualificarase **unicamente nunha delas**, naquela que presente un **maior nivel de gravidade**. Se as escalas presentasen un idéntico nivel de gravidade, cualificarase na escala cuxos indicadores **sexan máis relevantes**.
- Os niveis de gravidade de determinadas tipoloxías toman en consideración a **idade cronolóxica** do neno, nena ou adolescente e establecen **intervalos** con base na **diferenciación xenérica de etapas evolutivas**: (1) idade inferior a seis anos, (2) entre seis e once anos e (3) doce anos ou máis (adolescente). A cualificación do nivel de gravidade debe realizarse respectando estes intervalos.

## Escalas que describen situacións particulares

- O instrumento inclúe na súa parte final cinco **situacións particulares** (“Risco de malos tratos prenatais”, “Antecedentes de desprotección grave perpetrada polo pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda”, “Graves dificultades persoais no pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda”, “Imposibilidade temporal ou definitiva do pai, da nai ou das persoas que

exercen a tutela ou garda para cumprir os deberes de protección”, “Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados”) que, de atoparse presentes nas condicións recollidas no instrumento, implican de forma automática a valoración global do nivel de gravidade do caso como elevada -risco grave ou proposta de tutela/garda-. Estas situacións particulares poden presentarse simultaneamente a unha ou varias tipoloxías de desprotección ou de forma illada.

- **Unha vez valorada a gravidade individual de cada tipoloxía, ha de realizarse unha valoración global do nivel de gravidade do caso: SEN RISCO, RISCO LEVE, RISCO MODERADO, RISCO GRAVE OU PROPOSTA DE TUTELA<sup>8</sup>.** Esta valoración levarase a cabo de acordo cos criterios que se detallan a continuación:

**Unha vez cualificada a gravidade de cada tipoloxía, realízase a valoración global**

- **A presenza dun indicador de gravidade moi elevada ou gravidade elevada supoñerá, independentemente da gravidade do resto de indicadores, a valoración global do caso como risco grave ou proposta de tutela/garda,** o que implica que a intervención con este será competencia dos servizos sociais especializados. Isto será así independentemente da actitude e disposición da familia cara á intervención. Serán os servizos sociais especializados os que, co conxunto da información solicitada sobre o neno, nena ou adolescente e a súa familia, determinen se se trata dunha situación de risco grave ou de desamparo.

- **A presenza de polo menos un indicador de gravidade moderada sen que existan indicadores de gravidade elevada ou moi elevada supoñerá a valoración da desprotección global do caso como risco moderado.** Salvo excepcións debidamente argumentadas, a presenza simultánea de varios indicadores de gravidade moderada non incrementa o nivel de gravidade global do caso. **A presenza de indicadores de risco leve sen que existan indicadores de gravidade moderada, elevada ou moi elevada supoñerá a valoración global do caso como risco leve.** Tampouco neste caso, salvo excepcións debidamente argumentadas, a presenza simultánea de varios indicadores de gravidade leve incrementará o nivel de gravidade global do caso a risco moderado. A intervención nestes casos corresponderá aos servizos sociais comunitarios.

**Criterios para determinar a cualificación global do nivel de gravidade da desprotección**

**Valoración do grao de colaboración da familia**

- A existencia de **demanda de axuda** para resolver as súas dificultades por parte dos pais, nais ou persoas que exerzan a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente aos servizos sociais especializados, a manifestación de **conciencia de problema** e, de forma prioritaria, o seu **grao de colaboración activa coa proposta de intervención** realizada desde estes servizos son elementos que, ademais da presenza ou non de indicadores de desprotección e a súa gravidade, **sempre deberán ser valorados** antes de determinar o nivel global de gravidade do caso.

- Prestaráselles unha especial atención aos **nenos, nenas e adolescentes con enfermidades ou discapacidade físicas, psíquicas ou sensoriais** ou características de especial vulnerabilidade que presentan un risco incrementado non só de falta de protección, senón tamén de sufrir un dano significativo ou grave.

**Atención a nenos, nenas e adolescentes con especial vulnerabilidade**

<sup>8</sup> A determinación de se un caso con indicadores de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada constitúe risco grave ou é preciso propoñer unha medida de protección corresponde aos servizos sociais especializados.

- É importante ter en conta que as situacións de risco moderado, risco grave e tutela/garda implican a existencia dun dano significativo -real ou potencial- no benestar e desenvolvemento do neno, nena ou adolescente. Neste sentido, **aínda que as situacións de risco moderado implican un dano menor que as situacións de risco grave ou tutela/garda, non son en ningún caso menos preocupantes nin implican unha menor necesidade de intervención.**

### Atención ás situacións de desprotección moderada

Por outra banda, cada un dos diferentes niveis de gravidade constitúe un continuo onde se inclúen situacións diversas que poden achegarse máis ou menos a cada un dos seus extremos. Isto significa, por exemplo, que no nivel de gravidade moderada poden incluírse casos que se achegan máis a risco leve e outros casos que se achegan máis a risco grave. O mesmo sucede no resto de niveis.

### Diferenciar entre gravidade da desprotección, e número e gravidade dos problemas que afectan a familia

- **Nas situacións de desprotección de gravidade moderada, elevada e moi elevada, é importante ter en conta que gravidade da desprotección non é sinónimo de gravidade dos problemas presentes na familia nin de dificultade con relación á súa abordaxe,** aínda que hai unha asociación entre a gravidade do dano inflixido ao neno, nena ou adolescente e o número e severidade de problemas na familia (dificultades persoais nas figuras parentais, déficits de habilidades parentais, abuso de drogas ou alcol, illamento social, dificultades económicas e laborais etc.). **A gravidade da desprotección avalíase fundamentalmente en función do impacto que o comportamento dos pais e nais ou persoas que exercen a tutela ou garda ten ou pode ter no neno, nena ou adolescente, non en función do número ou gravidade dos problemas que afectan a familia.**

- Do mesmo xeito que as circunstancias dunha familia poden cambiar, a gravidade da desprotección tamén pode variar ao longo do tempo. Os cambios poden producirse ben pola intervención dos servizos sociais ou ben pola propia evolución da familia e da súa contorna. Iso implica que, independentemente do tipo de intervención levada a cabo polos devanditos servizos, calquera familia na que se detecte unha situación desta índole, especialmente se se trata de desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada, deberá ser obxecto de avaliación **continuada en canto á situación dos nenos, nenas e adolescentes** ata garantir que os cuidados e atención recibidos por estes se atopan nun nivel adecuado e os cambios sexan suficientemente estables..

### Avaliación periódica

## DECLARACIÓN ADMINISTRATIVA DE RISCO E VALORACIÓN DO GRAO DE COLABORACIÓN DOS PAIS E NAIS OU PERSOAS TITORAS OU GARDADORAS

### Cando e como proceder á declaración administrativa de risco

- En casos en que se atopen **en risco moderado ou risco grave e haxa ausencia de colaboración activa (niveis insuficiente ou nulo)** dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente (ver o parágrafo seguinte), e de conformidade co disposto no artigo 17.5 da [Lei orgánica 1/1996](#) (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia), **deberá**

**procederse á declaración, mediante resolución administrativa, da situación de risco do neno, nena ou adolescente**, co fin de les proporcionar aos pais, nais ou persoas que exercen a súa garda ou tutela a información de como deben proceder para **evitar un aumento do nivel de gravidade ou unha ulterior declaración de desamparo**. En última instancia, a declaración da situación de risco configúrase como unha medida que pretende **actuar como axente promotor da necesaria e requirida colaboración**.

A resolución administrativa dítase **polos servizos sociais comunitarios en casos de risco moderado** e polos servizos sociais especializados en casos de risco grave, tras a audiencia aos proxenitores, titores, gardadores ou acolletores e ao neno, nena ou adolescente se tivese suficiente madurez e, en todo caso, a partir dos doce anos. Esta resolución deberá estar suficientemente motivada e incluírá as medidas tendentes a corrixir a situación de risco, incluídas as atinentes aos deberes respecto dos proxenitores, titores, gardadores ou acolletores. Fronte á resolución administrativa que declare a situación de risco, poderase interpoñer recurso conforme á Lei de Axuízamento Civil. En todo caso, **a declaración da situación de risco por si mesma non implica un aumento do nivel de gravidade da desprotección**.

Sexa como for, realizarase unha única declaración da situación de risco que lle corresponderá realizar ao servizo social comunitario ou especializado que estea a intervir no caso no momento en que concorran as circunstancias ou orzamentos que, de acordo co artigo 17.5 da [Lei orgánica 1/1996](#) (en la redacción dada por la Ley 26/2015, de 28 de julio, de modificación del sistema de protección a la infancia y adolescencia), motivan tal declaración. Se unha vez declarada a situación de risco, durante o procedemento de intervención se producise un cambio das circunstancias que a motivaron e que, pola súa vez, supoña un aumento ou diminución do nivel de gravidade da situación de risco facendo necesaria a derivación do caso entre distintos servizos sociais (comunitarios e especializados), a declaración de risco realizada no servizo de orixe manterase, sen necesidade de que o novo servizo que resulte competente para realizar a intervención deba realizar unha nova declaración da situación de risco.

Deberá procederse a cesar a declaración da situación de risco cando desaparezan as causas que a motivaron.

- **Para concluír que hai ausencia de colaboración activa (niveis insuficiente ou nulo) dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente** deberá acreditarse e documentarse debidamente:
  - a) Cales foron as actuacións profesionais levadas a cabo cos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras para conseguir a súa colaboración; por exemplo: programas, servizos ou recursos ofertados; datas/momentos/número de ocasións en que se ofertaron; procedemento; número de xestións/contactos intentados e efectivamente realizados; profesionais intervinientes.
  - b) Que os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras recibiron ou foron coñecedores das devanditas intervencións, que non se logrou unha colaboración activa suficiente pola súa parte e especificarase en que se concreta a falta de colaboración.
  - c) Que esta situación impide corrixir a situación de desprotección que lle afecta ao neno, nena ou adolescente.

**Importancia de acreditar e documentar debidamente a ausencia de colaboración activa**

**Condições para concluír ausencia de colaboración activa**

É importante, seguindo o establecido no artigo 17.4 da [Lei orgánica 1/1996](#), na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, que quede demostrado que os servizos sociais realizaron todos os esforzos posibles en tempo e forma apropiados para elaborar e poñer en marcha un proxecto de intervención social e educativo familiar

ou un plan individualizado de atención dirixido a resolver os problemas da familia; que se procurou a participación dos proxenitores, titores, gardadores ou acolledores e do neno, nena ou adolescente, se tivera suficiente madurez e, en todo caso, a partir dos doce anos, na elaboración deste proxecto ou plan e que, malia que se intentou nestes termos, os proxenitores, titores, gardadores ou acolledores se negaron á subscrición deste plan ou non colaboraron posteriormente nel.

- O grao de colaboración ha de referirse a aquelas áreas ou comportamentos parentais relacionados coa situación de desprotección; é dicir, cos comportamentos que provocan o dano real ou potencial significativo no neno, nena ou adolescente. Ademais, a colaboración deberá referirse sempre a un plan de intervención focalizado nas necesidades concretas non satisfeitas do neno, nena ou adolescente.
- En casos de sospeita ou confirmación de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada —salvo que se trate dunha situación de urxencia, na que a intervención deberá ser inmediata—, poderá tamén concluírse que hai ausencia de colaboración activa cando os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras non respondesen ás citas convocadas polos SSE (dúas citas, con xustificante de recepción, con tres días mínimo entre ambas, de acordo co establecido nos artigos 42 e 44 da [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas](#)<sup>9</sup>). Logo de intentar o anterior sen resultado, solicitarase a colaboración das forzas e corpos de seguridade para unha terceira e última notificación da citación).
- **Supostos:**

### Consecuencias da ausencia de colaboración activa suficiente na cualificación do nivel de gravidade e a actuación que se ha seguir

- En casos atendidos en servizos sociais comunitarios nos que (1) non se conseguiu a colaboración activa suficiente a pesar de procederse á declaración de risco e de levar a cabo unha actuación profesional continuada durante polo menos seis meses e (2) a gravidade se sitúa no límite entre “risco moderado” e “risco grave”, **poderase proceder a cualificar o caso como “risco grave”, a condición de que así o consideren de forma consensuada os equipos técnicos dos servizos sociais comunitarios e especializados.**

- Nos casos de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada, a falta de colaboración activa suficiente constitúe un **elemento decisivo para determinar se a situación constitúe “risco grave” ou se procede a propoñer o desamparo.**
- **A colaboración activa coa proposta de intervención non supoñerá unha diminución no nivel global de gravidade** de risco grave a moderado ou de risco moderado a leve.
- **A valoración do grao de colaboración dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras realizarase de acordo cos seguintes criterios:**

9 **Art. 42.1:** “Art. 42.1: “Cando a notificación se practique no domicilio da persoa interesada, de non atoparse presente esta no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo desta calquera persoa maior de catorce anos que se atope no domicilio e que faga constar a súa identidade. Se ninguén se fixese cargo da notificación, farase constar esta circunstancia no expediente, xunto co día e a hora en que se tentou a notificación, intento que se repetirá por unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixárase en todo caso polo menos unha marxe de diferenza de tres horas entre ambos os intentos de notificación. Se o segundo intento tamén resultase infrutuoso, procederase na forma prevista no artigo 44”.  
Art. 44: “Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, cando se ignore o lugar da notificación ou ben, unha vez intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado. Así mesmo, previamente e con carácter facultativo, as administracións poderán publicar un anuncio no boletín oficial da comunidade autónoma ou da provincia, no taboleiro de edictos do concello do último domicilio do interesado ou do consulado ou sección consular da embaixada correspondente. As administracións públicas poderán establecer outras formas de notificación complementarias a través dos restantes medios de difusión, que non excluirán a obriga de publicar o correspondente anuncio no Boletín Oficial do Estado.».

## COLABORACIÓN ACTIVA DOS PAIS E NAIS OU PERSOAS TITORAS OU GARDADORAS

### Niveis de conciencia do problema, demanda de axuda e colaboración coa proposta de intervención

#### Idóneo

- Os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras recoñecen as súas dificultades na relación ou coidado que lle proporcionan ao neno, nena e adolescente, as causas diso e o efecto negativo que a situación está a provocar no neno, nena e adolescente.
- Manifestan o seu desexo de resolver os seus problemas.
- Demandan ou aceptan a axuda dos servizos sociais.
- Están de acordo cos e coas profesionais dos servizos sociais nas circunstancias familiares que deben modificarse.
- Aceptan os recursos que se lles ofrecen con este obxectivo e manifestan a súa intención de implicarse e de colaborar de forma activa.
- Non hai información que faga pensar que o seu compromiso non sexa fiable.

#### Suficiente

- Os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras recoñecen algunhas das súas dificultades principais na relación ou coidado que lle proporcionan ao neno, nena e adolescente, as causas diso e os efectos negativos que a situación está a provocar no neno, nena e adolescente.
- Teñen dificultades para recoñecer outros problemas. Aínda que poden culpar o neno, nena e adolescente, a terceiros ou a circunstancias externas das súas dificultades, recoñecen que eles tamén teñen unha parte importante de responsabilidade.
- Manifestan o seu desexo de resolver os seus problemas.
- Demandan ou aceptan a axuda dos servizos sociais.
- Están de acordo cos e coas profesionais dos servizos sociais nas circunstancias familiares que deben modificarse.
- Aceptan os recursos que se lles ofrecen con este obxectivo e manifestan a súa intención de implicarse e de colaborar de forma activa, aínda que poden mostrar certa resistencia e dificultade para entender e aceptar algunhas valoracións e propostas.
- Implícanse na planificación da intervención a un nivel suficiente, pero non chegan a un nivel idóneo.
- Aceptan a maioría dos obxectivos da intervención, pero poden non facer un uso óptimo dos servizos provistos ou recomendados.
- Non hai información que faga pensar que o seu compromiso cara á intervención non sexa fiable.

## Insuficiente

- Os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras recoñecen algunhas das súas dificultades na relación ou coidado que lle proporcionan ao neno, nena e adolescente e algúns dos efectos negativos que a situación está a provocar no neno, nena e adolescente.
- Teñen dificultades para recoñecer algúns problemas importantes que lles afectan a eles e á súa familia. Tenden a culpar o neno, nena e adolescente, a terceiros ou a circunstancias externas dificultades.
- Poden manifestar o seu desexo de resolver os seus problemas e de demandar axuda aos servizos sociais, pero non comparten cos e coas profesionais dos servizos sociais o diagnóstico con relación ás circunstancias familiares que deben modificarse.
- Poden aceptar unha intervención a condición de que non lles implique a eles.
- Mostran resistencia ou dificultade para entender e aceptar as valoracións e propostas dos servizos sociais.
- Hai antecedentes ou información actual que fai pensar que o seu compromiso cara á intervención non é fiable.
- Aceptan os servizos verbalmente, aínda que se resisten a cooperar, de maneira activa ou pasiva. Implícanse minimamente.
- A súa implicación e participación mantense unicamente se os profesionais exercen unha supervisión e control constantes e directos. Tentan manipular os profesionais e evitar o seu control.
- Son abertamente compracentes ou hostís.
- A súa implicación coa intervención é unicamente o resultado dunha presión externa exercida para iso.

## Nulo

- Os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras negan as súas dificultades na relación ou coidado que lle proporcionan ao neno, nena e adolescente e os efectos negativos que a situación está a provocarlle.
- Non recoñecen os problemas que lles afectan a eles e á súa familia e que están relacionados coa situación de desprotección.
- Tenden a culpar o neno, nena e adolescente, a terceiros ou a circunstancias externas das súas dificultades.
- Non manifestan ningún desexo de resolver os seus problemas nin de recibir axuda dos servizos sociais.
- Mostran unha intensa resistencia para entender e aceptar as valoracións e propostas dos servizos sociais.
- Néganse de maneira clara a cooperar coa planificación ou desenvolvemento da intervención.
- Resístense activa ou pasivamente a manter calquera tipo de contacto ou implicación cos servizos. Boicotean a intervención.
- Son evasivos, verbalmente hostís ou agriden fisicamente, ou ameazan con facelo, os profesionais. Hai serias dificultades para establecer ou manter o contacto con eles.
- Opóñense abertamente a seguir o tratamento proposto.

## PROCEDIMENTO PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

- **A información con base na cal se realice a valoración da existencia de desprotección e a súa gravidade ha de ser completa, actualizada e suficientemente contrastada.** En ningún caso se deberá dar por confirmada ou refutada a existencia dunha situación de desprotección con base na información que non cumpra estas condicións.
 

**Información completa, actualizada e contrastada**
- **Ademais da información que se poida obter directamente dos membros da familia a través de entrevistas, observación directa ou, se fose pertinente, instrumentos estandarizados (ver anexo “Instrumentos de screening para a avaliación do dano no neno, nena ou adolescente e outros instrumentos de interese para avaliar competencias parentais”),** sestablecerase sempre **contacto cos e coas profesionais do ámbito sanitario e escolar que atenden o neno, nena ou adolescente, así como con profesionais doutros servizos relevantes** que estean intervindo coa familia (por exemplo, servizos de atención psiquiátrica). É imprescindible dispoñer do informe médico que xustifique os danos físicos graves no neno, nena ou adolescente.
 

**Acceso a profesionais en contacto co neno, nena e adolescente e coa familia**
- Cando se sospeite a presenza dun trastorno psicopatolóxico, problemas emocionais ou limitacións intelectuais nunha persoa adulta ou nun neno, nena ou adolescente e non sexa posible —por exemplo, pola non colaboración da persoa afectada— levar a cabo unha valoración ou diagnóstico confirmatorio con suficiente profundidade por parte de profesionais da psicoloxía ou psiquiatría, só poderá concluírse a existencia de sospeitas e así deberá ser recollido no correspondente informe. Aínda que é recomendable, non é necesaria contar cun informe escrito de profesionais da rede pública de saúde mental para considerar confirmada algunha destas circunstancias. A valoración dos e das profesionais da psicoloxía que traballan en e para os servizos sociais é suficiente, a condición de que se realice coa profundidade requirida e as técnicas adecuadas (ver o apartado seguinte).
- Na valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade evítanse intromisións innecesarias na intimidade dos nenos, nenas e adolescentes e das súas familias.
- **Durante o proceso de valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade, o servizo responsable desta levará a cabo todas aquelas actuacións** co caso de que resulten necesarias para asegurar a protección e benestar do neno, nena ou adolescente e, se é pertinente, proporcionaralles apoio aos membros da familia.
 

**Valoración individualizada de todos os nenos, nenas ou adolescentes na familia**
- **A valoración da existencia de desprotección e a súa gravidade estenderase a todos os nenos, nenas e adolescentes que vivan nunha familia, independentemente de que se iniciase pola notificación referida a un deles.** Valorarase a situación de cada un deles de forma **individualizada**.
- A pertenza ao mesmo grupo familiar ou experimentar o mesmo trato ou coidado por parte das figuras parentais non implica un impacto idéntico en todos os nenos, nenas e adolescentes. O efecto da desprotección no desenvolvemento e benestar infantil non só depende do trato ou do coidado recibido por parte das persoas que asumen as funcións parentais, senón tamén doutra serie de factores, como son a idade do neno, nena ou adolescente, o momento de inicio da desprotección ou a presenza doutro tipo de factores protectores ou de vulnerabilidade. Entre eses factores de vulnerabilidade atópase a experimentación de circunstancias adversas ou traumáticas temperás (frecuentes, por exemplo, en nenos ou nenas adoptados).

- Prestaráselles unha especial atención aos **nenos, nenas e adolescentes con enfermidades ou discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais** pola súa maior vulnerabilidade a sufrir desprotección, a padecer secuelas negativas como consecuencia diso e a que as secuelas revistan maior gravidade. Por estes motivos, a súa situación deberá valorarse con especial sensibilidade e meticulosidade tanto con relación á presenza de síntomas de dano -que poden aparecer enmascarados ou resultar menos evidentes- como ao risco incrementado de que tal dano se produza e sexa de carácter grave. Tamén os **nenos, nenas e adolescentes expostos a violencia de xénero** serán considerados colectivo con necesidade de especial protección.

### Atención a nenos, nenas e adolescentes con especial vulnerabilidade

- Na valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade deberase realizar unha **revisión** do grao de atención e cobertura por parte dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras ás necesidades físicas e psicolóxicas básicas (emocionais, cognitivas, sociais e afectivo-sexuais) do neno, nena ou adolescente. Iso significa que **en todos os casos -independentemente de que o inicio da valoración se produza pola afectación dunha área concreta de atención ao neno, nena ou adolescente- se debe explorar a posible presenza de negligencia** (escalas de negligencia coas necesidades físicas, de seguridade, cognitivas e psicolóxicas) **e malos tratos emocionais**. O resto de tipoloxías (por exemplo, malos tratos físicos, violencia sexual, mendicidade, explotación laboral) só serán exploradas se hai algún indicador ou dato que faga pensar na súa posible existencia. É importante ter en conta que na maioría dos casos a desprotección afecta a diferentes áreas e que non se presenta unha única tipoloxía, senón varias de forma simultánea e non necesariamente todas co mesmo nivel de gravidade.

### Non focalizarse exclusivamente no motivo da notificación

- En termos xerais, a **gravidade da desprotección** determínase **(a) polo tipo de comportamento dos pais e nais ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente, pero fundamentalmente (b) polo impacto que ten ou pode ter o devandito comportamento sobre a saúde, benestar e desenvolvemento da persoa menor de idade<sup>10</sup>**. É importante ter en conta que no noso contexto os casos en que o neno, nena ou adolescente sofre ou pode sufrir secuelas físicas significativas como consecuencia dunha situación de desprotección son escasos (constitúen casos extremos ou que afectan a nenos e nenas de pouca idade). Na maioría das ocasións, é o impacto psicolóxico sobre o neno, nena ou adolescente e a súa repercusión no seu desenvolvemento emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual o que determina a gravidade do caso. Por esta razón, **na valoración da gravidade é fundamental a toma en consideración dos compoñentes afectivos das relacións familiares e do impacto actual ou potencial da desprotección no desenvolvemento físico, emocional, social, cognitivo e afectivo-sexual do neno, nena ou adolescente**.

<sup>10</sup> En xeral, as circunstancias ou factores causais ou asociados á desprotección non son determinantes á hora de valorar se existe desprotección e o seu nivel de gravidade, pero si o son posteriormente, á hora de decidir a intervención que se ha seguir. Na maioría dos casos de desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada, os pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda dun neno, nena ou adolescente non teñen intención de provocarlle dano co seu comportamento ou actitude. Na súa maioría vense sometidos a circunstancias sobre as que non teñen control suficiente (por exemplo, alcoholismo ou toxicomanía, trastornos psicolóxicos, déficits de habilidades educativas, descoñecemento das necesidades dos nenos, nenas ou adolescentes) que lles impiden exercer adecuadamente os seus deberes de garda.

## AVALIACIÓN DO DANO NO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

### Acceso ao neno, nena ou adolescente

- Os e as profesionais dos SSE que estean valorando casos de sospeita de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada deberán manter -salvo circunstancias de forza maior- **contacto directo** non só co pai, nai ou persoas titoras ou gardadoras, senón tamén, **en polo menos unha ocasión -vía observación ou entrevista-, co neno, nena ou adolescente**. Coa excepción daquelas situacións en que o interese superior do neno, nena ou adolescente determine o contrario, é aconsellable contar co consentimento do pai, da nai ou das persoas que exerzan a tutela ou garda para ese contacto. De ser necesario, poderase solicitar autorización da Fiscalía.
- Ademais de corroborar, contrastar ou completar a información obtida de fontes indirectas, o contacto directo co neno, nena ou adolescente permite respectar o seu dereito para ser oído e escoitado, tal como recollen distintos artigos da [Lei Orgánica 1/1996](#).
- O contacto directo co neno, nena ou adolescente cobra especial relevancia e será **ineludible cando se estea valorando ou se vaia propoñer a adopción dunha medida de protección**. Con todo, cando se deba proceder a unha **separación de urxencia** e este contacto non se puido producir ou cando non fose posible completar a avaliación do neno, nena ou adolescente antes da adopción da medida, os equipos profesionais e persoas que interveñan no caso (por exemplo, centro ou familia de acollida, programa de intervención) colaborarán activamente cos e coas profesionais responsables do caso nos SSE para completala.
- Se finalmente o contacto directo co neno, nena ou adolescente non fose posible, suplirase coa información achegada por terceiras fontes cualificadas.

**Contacto directo co neno, nena ou adolescente**

**Imprescindible contacto directo en propostas de medida de protección**

### O concepto de “dano significativo”

- A consideración de que un neno, nena ou adolescente sofre ou está en risco de sufrir un “dano significativo” na súa saúde, benestar ou desenvolvemento como consecuencia do comportamento do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, constitúe un compoñente central para determinar se existe situación de desprotección ou non e a súa gravidade.

O comportamento dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda dun neno, nena ou adolescente pode facer que este último sufra un dano en diferentes áreas:

### Áreas nas que pode evidenciarse o dano no neno, nena ou adolescente:

1. **Física**
2. **Emocional**
3. **Social**
4. **Cognitiva**
5. **Afectivo-sexual**

1. **Física.**
2. **Emocional**, referida fundamentalmente á construción da identidade; autoestima; seguridade e confianza nun mesmo e no mundo que o rodea; identificación, manexo, expresión e control de emocións.
3. **Social**, referida ás pautas de comunicación e relación con outras persoas, tanto iguais coma persoas adultas.
4. **Cognitiva**, referida á adquisición progresiva dun conxunto de habilidades adaptativas -capacidades, condutas e destrezas- que lle permiten á persoa desempeñar de forma adecuada os seus diferentes roles nas súas contornas habituais e nos seus grupos de referencia, de acordo coa súa idade cronolóxica<sup>11</sup>.
5. **Afectivo-sexual**, referida ao proceso de construción da identidade e orientación sexual, expresión da sexualidade e comportamento sexual.

- Na valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade, é necesario tomar en consideración a intensidade —real ou potencial— do devandito dano, pois unicamente cando este sexa ou poida ser significativo concluírase a existencia de desprotección. Neste sentido, considerarase que o dano experimentado por un neno, nena ou adolescente como consecuencia do comportamento do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda constitúe un **dano significativo** cando se presenten **unha ou varias das seguintes circunstancias:**

---

11 **Desenvolvemento cognitivo non é equivalente a aproveitamento académico.** O desenvolvemento das capacidades cognitivas inflúe poderosamente no rendemento escolar, pero un rendemento pobre pode estar determinado por múltiples factores, o que non significa necesariamente que exista un atraso ou un dano cognitivo significativo.

### Crterios para determinar a existencia de dano significativo

#### Para cualificar a existencia de “dano significativo” deberá presentarse unha ou varias das seguintes circunstancias:

1. O dano que padece o neno, nena ou adolescente nunha ou varias áreas de desenvolvemento (físico, emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual):
  - a. Colócao nos límites do esperable á súa idade e condición ou manifesta un funcionamento extremadamente limitado ou perturbado.
  - b. As dificultades nunha ou varias áreas de desenvolvemento persisten ao longo de diferentes etapas evolutivas.
  - c. O dano afecta simultaneamente polo menos a dúas áreas de desenvolvemento (físico, emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual). Segundo a área afectada, requírese a valoración por parte dun ou dunha profesional con capacitación.
2. A desprotección colocou o neno, nena ou adolescente en risco de morte, dunha discapacidade permanente ou dunha enfermidade ou trastorno físico de carácter grave.
3. O neno, nena ou adolescente presenta lesións físicas en zonas vitais do corpo (cara, cabeza, lesións internas, ano, xenitais) ou require hospitalización ou tratamento médico como consecuencia dos malos tratos. Nestes casos, deberá dispoñerse de informe médico.
4. O neno, nena ou adolescente é abandonado polo seu pai e nai ou polas persoas que exercen a súa tutela ou garda, sen que estas persoas manifesten intención de volver.
5. O neno, nena ou adolescente foi obxecto de violencia sexual intrafamiliar de gravidade elevada ou moi elevada, con ou sen contacto físico.
6. O neno, nena ou adolescente foi inducido a cometer accións delituosas graves, á prostitución ou foi explotado sexualmente.

- O **dano significativo representa un continuo**, en cuxo extremo se sitúa o **dano grave**.
- Como se sinalou anteriormente, o dano sufrido ou que pode sufrir un neno, nena ou adolescente depende non só do comportamento do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, senón tamén das súas características persoais. Algunhas delas poden facelo especialmente vulnerable. Estes nenos, nenas e adolescentes -entre os que se atopan os **acabados de nacer, con idades inferiores a seis anos, con enfermidades ou discapacidades físicas, mentais ou sensoriais ou con experiencias temperás adversas ou traumáticas**- requiren unha especial atención por parte dos servizos sociais.

**Gradación dano significativo/  
dano grave**

**Especial consideración a nenos,  
nenas e adolescentes con  
maior vulnerabilidade: idades  
inferiores, con discapacidades,  
experiencias adversas ou  
traumáticas previas**

## Particularidades da avaliación do dano nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual

- En xeral, a presenza de dano físico e a súa gravidade é máis fácil de detectar e de avaliar que o dano nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual. Neste último caso, os **síntomas de dano** poden manifestarse de diferentes formas de acordo co nivel evolutivo do neno, nena ou adolescente. Inclúen **problemas de tipo internalizado** (por exemplo, síntomas depresivos, ansiedade, inhibición comportamental, retraemento, illamento) e **externalizado** (por exemplo, condutas agresivas, comportamentos asociais ou desafiantes). Poden manifestarse tamén en forma de sintomatoloxía psicósomática, sobreadaptación ou pseudomadureza. Con todo, a sobreadaptación ou pseudomadureza non necesariamente han de ser considerados síntomas de dano, se non que poden ser reflexo dunha adaptación adecuada e dunha superación exitosa por parte do neno, nena ou adolescente do trato ou coidado inadecuados recibidos na súa familia.

- **A presenza e gravidade do dano nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual deberá ser avaliada por profesionais capacitados** a través de metodoloxía e instrumentos específicos<sup>12</sup>, que inclúen a observación e a entrevista, así como a aplicación de instrumentos estandarizados, que poden

### Avaliación do dano nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual

complementarse cando sexa necesario ou pertinente con probas de carácter proxectivo. Na aplicación dalgúns deses instrumentos poderán participar e colaborar profesionais de distintas disciplinas; por exemplo, traballadores e traballadoras sociais, pedagogos e pedagogas, psicólogos e psicólogas, educadores e educadoras sociais, profesores e profesoras. Cando se utilicen instrumentos estandarizados, optarase por aqueles que dispoñan de probada fiabilidade e validez, especialmente cando se apliquen en casos de gravidade elevada ou

cando vaian utilizarse para xustificar a intervención dos servizos sociais con oposición dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras ás medidas de protección (ver unha selección de instrumentos de screening recomendados no [anexo "Instrumentos de screening para a avaliación do dano no neno, nena ou adolescente e outros instrumentos de interese para a avaliación de competencias parentais"](#)).

- **A ausencia de síntomas observables nun neno, nena ou adolescente que non ten satisfeitas as súas necesidades básicas non significa necesariamente ausencia de dano.** Este pode estar producíndose e manifestándose en forma de síntomas agudos en momentos posteriores ou pode ocorrer que, aínda que a situación pode non estar provocando un dano significativo no momento actual, é probable que se produza nun futuro próximo se a situación non se corrixe.
- É preciso recoller datos **non só sobre o impacto actual** do comportamento parental no neno, nena ou adolescente (situación actual), senón tamén da súa evolución (como estaba hai 6, 12, 18 meses). A evolución da sintomatoloxía (se mellora, empeora ou é estable) é un elemento clave nalgunhas tipoloxías para determinar a súa gravidade. É importante precisar naqueles síntomas relevantes a súa intensidade e dar detalles.
- O establecemento dun nexo causal entre os síntomas de dano que presenta un neno, nena ou adolescente e o trato que recibe por parte do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda é de gran dificultade, especialmente para os síntomas que non son de índole física. Na maioría dos casos, o devandito nexo unicamente pode establecerse en forma de hipóteses ou estimacións de probabilidade, raramente como certezas absolutas. Cando sexan formuladas, as devanditas **hipóteses ou estimacións** deberán ser **debidamente argumentadas** e basearse no coñecemento actualmente dispoñible sobre as consecuencias das situacións de desprotección no desenvolvemento infantil e adolescente. Os mesmos criterios deberán aplicarse cando se formulen predicións de futuro con relación ao dano potencial que unha determinada situación pode producir no desenvolvemento e benestar dun neno, nena ou adolescente.

<sup>12</sup> Na avaliación de nenos e nenas de pouca idade, con discapacidades ou con necesidades especiais utilizaranse os criterios, metodoloxía e técnicas específicas dispoñibles respecto diso.

## Dano grave

- Dentro do dano significativo, e tendo en conta o sinalado no apartado anterior, defínese como **dano grave nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual** a presenza constatada no neno, nena ou adolescente **dunha ou varias das seguintes circunstancias:**

### Cráterios para determinar a existencia de dano grave nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual



- A existencia de dano grave en base a problemas **“de comportamento ou síntomas de malestar emocional severos que comprometen seriamente o proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social do neno, nena ou adolescente”** deberá fundamentarse como segue:
  - Unha **listaxe completa** dos problemas comportamentais ou síntomas de malestar emocional que presenta o neno, nena ou adolescente nas diferentes áreas. Inclúranse tamén problemas ou síntomas pasados e presentes que, aínda que non puideron ser graves, foron observables e poden ser relevantes.
  - O **momento de inicio e evolución** dos problemas ou síntomas principais, con especial atención á súa situación nos últimos seis meses.
  - A descrición de como os devanditos problemas ou síntomas **afectan a vida diaria** do neno, nena ou adolescente no momento da valoración.

É importante ter en conta que unha lista de problemas ou síntomas por si mesma non é suficiente para xustificar un dano grave se non se describe como afectan o día a día do neno, nena ou adolescente, nin como evolucionan.

O informe que fundamente a presenza de problemas comportamentais ou síntomas de malestar emocional severos deberá recoller esta información. A súa redacción será clara e centrarse en describir a afectación no neno, nena ou adolescente. A información acerca dos problemas ou síntomas principais

obterase de diferentes contextos (por exemplo, centro escolar, familia nuclear, familia extensa) e contrastarase con polo menos dúas fontes independentes de información.

- Para determinar a existencia de problemas “**comportamentais ou síntomas de malestar emocional severos no neno, nena ou adolescente que comprometen seriamente o seu proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social e requiren tratamento especializado inmediato**”, utilizaranse os seguintes **criterios**:

### **Criterios para determinar a existencia de problemas comportamentais ou síntomas de malestar severos no neno, nena ou adolescente que comprometen seriamente o seu proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social e requiren tratamento especializado inmediato**

**Importante -Para cualificar a existencia de “dano grave” deberán presentarse os cinco criterios**

1. Os problemas ou síntomas do neno, nena ou adolescente son claramente perceptibles, afectan polo menos a dúas áreas do desenvolvemento (física, emocional, cognitiva, social ou afectivo-sexual) e non son puntuais, senón estables no tempo, aínda que puideron ser leves nos seus inicios e ir aumentando en intensidade.
2. Os problemas ou síntomas maniféstanse en polo menos un dos ámbitos en que se desenvolve o neno, nena ou adolescente (familiar, escolar/formativo/laboral, social).
3. Os problemas ou síntomas interfíren ou limitan seriamente o neno, nena ou adolescente nunha ou varias das seguintes circunstancias:
  - O mantemento de relacións interpersoais positivas e construtivas con iguais e adultos.
  - A súa adaptación aos diferentes ámbitos nos que se desenvolve (por exemplo, familia, contorna escolar<sup>13</sup>/formativa/laboral, social).
  - O logro dos fitos evolutivos, a consecución do grao de autonomía, a asunción de responsabilidades ou a realización de actividades esperables á idade.
  - A preservación da súa propia seguridade e integridade ou a doutras persoas.
  - A preservación da súa saúde física ou o autocoidado de necesidades físicas básicas esperable á idade (por exemplo, descanso, alimentación, nivel de actividade, saúde).
  - O respecto ás normas sociais (é dicir, implican condutas antisociais).
4. O tipo ou intensidade do comportamento do neno, nena ou adolescente non corresponde ao esperable de acordo coa súa idade, sexo e cultura.
5. Requírese unha intervención terapéutica<sup>14</sup> inmediata para estabilizar ou corrixir os problemas ou síntomas do neno, nena ou adolescente.

<sup>13</sup> Inclúese rendemento e comportamento escolar.

<sup>14</sup> Intervención terapéutica significa intervención rehabilitadora. Inclúe tanto a atención psicoterapéutica ou farmacolóxica como intervencións de apoio, asesoramento, estimulación etc. Non implica necesariamente a intervención directa de profesionais co neno, nena ou adolescente e pode desenvolverse, por exemplo, a través da modificación das pautas de interacción dos pais ou responsables legais co neno, nena ou adolescente.

## CIRCUNSTANCIAS PARTICULARES

### Parellas separadas ou divorciadas

- **Cando a valoración da existencia de desprotección e a súa gravidade implique a nenos, nenas ou adolescentes que pasan períodos relativamente prolongados e regulares de tempo en diferentes núcleos conviventes** -como o caso de fillos e fillas de parellas separadas ou divorciadas-, a valoración levarase a cabo unicamente con relación ao núcleo convivente no que se sospeite ou no que se identificaron indicios de desprotección.

**En casos de parellas separadas ou divorciadas que cheguen ao coñecemento dos servizos sociais a través dun dos proxenitores (sexa o custodio ou o non-custodio) referindo indicios de desprotección no outro núcleo convivente**, deberase determinar, en función das circunstancias do caso, se se ha de iniciar un proceso de investigación dos devanditos indicios ou se, independentemente de se o devandito proceso se inicia ou non, procede orientar o proxenitor referente ás instancias xudiciais correspondentes (penal —se refire un posible delito— ou civil) para solicitar das devanditas instancias medidas dirixidas á protección do neno, nena ou adolescente (en situacións urxentes, poderase orientar o proxenitor para que solicite medidas cautelares)<sup>15</sup>.

En **separacións ou divorcios contenciosos asociados ao dano significativo nos nenos, nenas ou adolescentes**, a súa valoración e a determinación da intervención que se ha seguir corresponderalles ás instancias xudiciais. Os servizos sociais intervirán cando os mecanismos/recursos xudiciais postos en marcha non resolvan o problema e cando se valore que existe desprotección, é dicir, que o dano derive do comportamento dun ou de ambos os proxenitores.

En casos de **parellas separadas ou divorciadas en que se sospeiten ou detecten indicios de desprotección en ambos os núcleos conviventes**, valorarase o trato e o nivel de coidados recibidos polo neno, nena ou adolescente **en cada un dos núcleos familiares**<sup>16</sup>. Con todo, a valoración final de se o neno, nena ou adolescente sofre unha situación de desprotección e o seu nivel de gravidade, será única. Isto non obvia, como xa se sinalou, que deban diferenciarse os comportamentos parentais presentes en cada núcleo convivente que provocan a desprotección (isto é, o trato e os coidados recibidos polo neno, nena ou adolescente en cada un deles), xa que de aí derivará a proposta de intervención co caso. Cando sexa pertinente, a devandita proposta poderá consistir na orientación dun dos proxenitores ás instancias xudiciais correspondentes cos propósitos indicados no parágrafo anterior.

Cando se dean as circunstancias descritas nos parágrafos previos, se o caso está a ser atendido polos servizos sociais comunitarios, serán estes quen inste o proxenitor correspondente para que recorra ás instancias xudiciais, se se valora que coa devandita intervención e as medidas que adopte o xulgado a situación pode ser corrixida rapidamente e se consegue eliminar ou reducir a gravidade da desprotección. Se isto se atinxe, non se procederá a derivar o caso aos servizos sociais especializados e manterase baixo a atención dos servizos sociais comunitarios cando persista unha situación de risco leve ou moderado ou de vulnerabilidade á desprotección. Se, pola contra, a situación de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada non se corrixe, derivarase o caso aos servizos sociais especializados. Cando non haxa resposta xudicial por inactividade (isto é, cando non haxa pronunciamento xudicial en ningún sentido) nun prazo de tempo que se valorará en función das circunstancias do caso, os servizos sociais levarán a cabo a intervención necesaria seguindo o seu procedemento habitual (a cargo dos

15 Neste último caso, serán as instancias xudiciais as que valoren a situación do neno, nena ou adolescente e o trato e coidados recibidos polos seus proxenitores, que poderán solicitar se así o consideran a colaboración dos servizos sociais especializados en protección de menores. Así mesmo, as instancias xudiciais poderán requirir, unha vez adoptadas as medidas que consideren pertinentes, a intervención posterior dos servizos sociais especializados en protección de menores para a provisión de servizos de apoio ou rehabilitación á familia ou a realización dun seguimento do caso.

16 No caso de que a devandita valoración sexa realizada por profesionais diferentes ou pertencentes a municipios distintos, farase de forma coordinada.

servizos sociais comunitarios se se trata dun caso de risco leve ou moderado ou a cargo dos servizos sociais especializados se se trata dun caso de risco grave ou posible tutela/garda).

- **Actuación para seguir cando o proxenitor non custodio ou un dos proxenitores en custodias compartidas se opoñan á intervención dos servizos sociais**

Os servizos sociais con competencia na atención e protección á infancia e á adolescencia teñen a obriga legal de intervir en situacións de posible desprotección e realizarán as seguintes actuacións:

- Prestar a **atención inmediata** ue precisen os nenos, nenas e adolescentes, de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei orgánica 1/1996 (na redacción dada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia) e no artigo 55 da Lei 3/2011.
- **Valorar** a situación na que se atopan e cales son as necesidades do caso, consonte os procedementos de actuación previstos para a intervención en situacións de risco e desamparo e de conformidade co artigo 16 da Lei orgánica 1/1996; cos artigos 52 a 54 da Lei 3/2005 -situacións de risco- e co artigo 172.1 do Código Civil (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia) e co artigo 52 da Lei 3/2011 -situacións de desamparo-.
- **Poñer en marcha as actuacións e medidas** pertinentes para resolver a situación de desprotección detectada e asegurar a atención das súas necesidades, segundo dispoñen os artigos 10.1, 16, 17 e 18 da Lei orgánica 1/1996 (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Realizar un **seguimento** da súa evolución e a da súa familia, conforme ao artigo 17 da Lei orgánica 1/1996 (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

Nestes procedementos, o principio xurídico do interese superior do neno, nena ou adolescente atendido e a protección dos seus dereitos debe primar sobre calquera outro interese que poida concorrer e fundamentar as intervencións e medidas que aplican os servizos sociais, segundo o disposto no artigo 2 da Lei orgánica 1/1996 e no artigo 38 da Lei 3/2011.

De acordo co exposto, naqueles supostos en que se detecte unha situación de desprotección en parellas separadas ou divorciadas e o proxenitor non custodio ou un dos dous en casos de custodia compartida non desexe colaborar ou manifieste que non está de acordo coa intervención proposta para resolver a situación de desprotección, os servizos sociais estarán tamén lexitimados para intervir en cumprimento das obrigacións legais antes sinaladas e o principio do interese superior do menor.

Nas intervencións que se leven cabo nestes procedementos, procurarase contar coa colaboración dos dous proxenitores, conforme establece o artigo 15 da Lei orgánica 1/1996. Así mesmo, será necesario neste tipo de intervencións, aínda que os pais e as nais non teñan a garda e custodia dos fillos ou fillas e con independencia do seu grao de colaboración ou oposición, respectar os dereitos que os asisten como titulares da patria potestade e como cidadáns e cidadás a ser informados das actuacións levadas a cabo e previstas, a ser oídos e a que se teña en conta a súa opinión e a opoñerse ás intervencións e medidas en vía xudicial, entre outros dereitos. Iso de conformidade co artigo 154 do Código Civil (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, no que respecta á regulación da patria potestade) e ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (no que respecta á regulación dos dereitos dos cidadáns e cidadás nas súas relacións coas administracións).

É de suma importancia documentar as actuacións que se leven a cabo nestes procedementos cos pais e nais, especialmente naqueles casos nos que estes manifesten o seu desexo de non colaborar ou nos que se opoñan ás intervencións.

## Prácticas vinculadas a valores ou costumes particulares

Tal e como se sinalou en apartados previos deste documento, este instrumento parte da consideración de que hai unha serie de dereitos e necesidades básicas que todo neno, nena ou adolescente ten que ter garantidas e satisfeitas para promover o seu desenvolvemento integral, independentemente do grupo sociocultural ao que pertenza ou dos valores e costumes que os seus pais e nais ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda adquiriron pola súa pertenza a este. Aínda que os servizos sociais deben tomar en consideración e mostrar o máximo respecto aos valores e costumes culturais particulares, estas deben garantir a cobertura dos dereitos e necesidades básicas de todo neno, nena ou adolescente. En caso de non ser así, os devanditos servizos teñen o mandato legal de intervir para corrixir a situación.

Hai determinadas **prácticas, particulares ou máis frecuentes en determinados grupos socioculturais ou étnicos que supoñen claramente unha violación dos dereitos fundamentais dos nenos, nenas ou adolescentes e que quedan recollidas no instrumento como situacións de desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada**. Algúns exemplos inclúen a mutilación xenital feminina ou a manifestación externa da vontade de cometela —tipificadas ambas no Código Penal—; a utilización dos nenos, nenas ou adolescentes para o exercicio da mendicidade; a explotación laboral ou o abandono da escolarización antes dos 16 anos para realizar outro tipo de tarefas —tipificada tamén no Código Penal—. Con todo, hai **outras situacións**, como a celebración de matrimonios temperáns (entre os 16 e os 18 anos) concertados ou a promoción do contacto ou relación dunha adolescente cun varón adulto co obxectivo de preparar un futuro matrimonio, que **requiren unha valoración individualizada**. A devandita valoración ha de centrarse en:

- (1) O grao en que a persoa menor de idade está a recibir un trato adecuado, sen que se detecte a presenza de ningunha das situacións de desprotección recollidas neste instrumento.
- (2) O risco de que, como consecuencia do que o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda están facendo, a persoa menor de idade poida ser obxecto no futuro próximo de explotación, violencia ou malos tratos por parte doutras persoas.
- (3) O grao de madurez e a aceptación da situación por parte da persoa menor de idade.
- (4) A presenza de síntomas de dano ou malestar emocional.

Unicamente cando se identifiquen dificultades importantes nunha ou varias destas áreas poderá ser indicada a intervención dos servizos sociais especializados.

## Adolescentes non emancipados legalmente que viven de forma independente

O feito de que un ou unha **adolescente non emancipado legalmente viva de forma independente do seu pai e nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda** (pode vivir só, en parella cunha persoa adulta, con outros adolescentes etc.) non supón en si mesmo unha situación de desprotección. Aplicaranse nestes casos os criterios sinalados no parágrafo anterior

## INTERVENCIÓN PARA SEGUIR CANDO A INFORMACIÓN NON É CONCLUÍNTE

### Casos de sospeita cuxo seguimento corresponde a servizos sociais especializados

A información con base na cal se cubra o instrumento Valora-Galicia ha de ser completa, actualizada e suficientemente contrastada. **En ningún caso deberá darse por confirmada ou refutada a existencia dunha situación de desprotección ou a súa gravidade con base na información que non cumpra estas condicións.** Cando a pesar dos esforzos realizados non fose posible dispoñer de información suficientemente contrastada, poñerase un especial

coidado e cautela nas conclusións da valoración, o que se reflectirá no correspondente informe e na folla-resumo do instrumento.

Nestas circunstancias, os servizos sociais comunitarios continuarán realizando un **seguimento do caso co obxectivo de completar a investigación**. Exceptúanse os seguintes casos, cuxo seguimento lles corresponderá aos SSE:

- Os casos de sospeita de violencia sexual de gravidade elevada ou moi elevada con indicadores específicos ou de probable violencia sexual.
- Sospeitas de posibles situacións de urxencia na que a integridade física do neno, nena ou adolescente pode atoparse en perigo serio e inminente.
- Situacións nas que os pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras se negan a colaborar na investigación dos SSC, non permiten o acceso a outras fontes de información e hai indicadores ou unha sospeita fundada de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada.

## ELABORACIÓN DO INFORME

- Tras a aplicación do instrumento, **cubrirase unha folla-resumo para cada neno, nena ou adolescente.**

A folla-resumo acompañará o correspondente informe descritivo, que poderá integrar a información de todos os nenos, nenas e adolescentes da familia. O contido do informe variará segundo a fase e obxectivo para o que sexa elaborado (por exemplo, investigación ou avaliación inicial, reavaliación do plan de intervención en preservación familiar, avaliación de procesos de reintegración familiar) e incorporarse ao expediente ou historia do caso (ver [anexo I](#)).

### Redacción de informe descritivo, acompañado da folla-resumo de cada neno, nena ou adolescente

- Tal e como se sinalou en apartados previos, aínda que a responsabilidade da recollida da información requirida polo instrumento corresponderá a un técnico ou técnica de referencia -que contará co apoio doutros profesionais do seu equipo cando sexa necesario-, a análise e valoración desta realizarase sempre en equipo e cun enfoque multidisciplinar. A folla-resumo e o informe descritivo incluírán a **identificación (por exemplo, perfil profesional e número de técnico) e as sinaturas dos e das profesionais participantes na valoración.**

- O informe **elaborarase en todos os casos, independentemente de cales fosen as súas conclusións (confirmación ou non do risco ou desamparo).**

- Como se sinalou anteriormente, no informe hase de facer unha revisión do grao de atención e cobertura por parte dos pais e nais ou das persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente ás súas necesidades básicas. **Cando se identifiquen situacións de desprotección de gravidade moderada, elevada e moi elevada, a parte descritiva do informe deterase con maior detalle nas áreas que se identifiquen como deficitarias, é dicir, nas tipoloxías de desprotección presentes no caso.**

**Atención non só ás tipoloxías de desprotección, senón tamén ás áreas de coidado adecuado**

Prestarase tamén atención, e así deberá recollerse explicitamente no informe, ás **necesidades do neno, nena ou adolescente que se atopan adecuadamente cubertas e aos aspectos positivos do comportamento parental e do funcionamento do menor.**

Se houbo tipoloxías non exploradas por non existir ningún indicador ou dato que fixese pensar na súa posible existencia, non será necesario facer mención a iso no informe (é dicir, non será necesario sinalar “non hai violencia sexual”, “non hai mendicidade”, “non hai...”), aínda que si **deberá reflectirse na folla-resumo** do instrumento na casa de “non existe ou non indicios”.

- Cando sexa pertinente, poderase incluír unha valoración das competencias parentais.
- Evitarase a utilización de terminoloxía ou expresións que poidan ser inadecuadamente utilizadas en posibles procesos xudiciais (por exemplo, “síndrome de alienación parental”).

## SERVIZOS IMPLICADOS: SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS E ESPECIALIZADOS. COORDINACION E DERIVACION DE CASOS.

- A valoración da existencia dunha situación de desprotección e a súa gravidade corresponderalles aos servizos sociais comunitarios ou especializados, segundo o caso. Os servizos sociais comunitarios actúan como vía principal de entrada ao sistema de servizos sociais, a quen lle corresponde a valoración da maior parte de casos. Exceptúanse as notificacións dos hospitais, do teléfono da infancia, do RUSVI, da Fiscalía, dos xulgados, dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados, os asentimentos para a adopción e o abandono de menores realizadas aos servizos sociais especializados, que deberán ser investigadas e valoradas por parte destes últimos.

**Nunha parte importante de casos, a valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade recaerá nos servizos sociais comunitarios e deberá ser completada por estes, e derivarase aos servizos sociais especializados cando se conclúa que existe unha situación de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada.**

Con todo, se durante o proceso de valoración ou intervención dos servizos sociais comunitarios se identificase unha situación na que se considera necesaria **unha intervención de protección de urxencia, procederase á derivación inmediata do caso aos servizos sociais especializados coa información da que se dispoña.** A resposta dos servizos sociais especializados tamén deberá ser inmediata e levará a cabo a intervención de urxencia se fose necesario. Ambos os servizos acordarán posteriormente a estratexia que se ha seguir para continuar o proceso de intervención e completar o proceso de valoración, que pasará a

- **Equipos técnicos multidisciplinares e con capacitación específica**
- **Implicación doutros servizos e profesionais**
- **Finalización da valoración de forma áxil (tres meses máximo, salvo casos urxentes e excepcionais)**

ser responsabilidade dos servizos sociais especializados.

- Para realizar a valoración da existencia de desprotección e a súa gravidade, os SSC e os SSE necesitarán dispoñer de equipos técnicos:
  - **Multidisciplinares**, incluídos profesionais da psicoloxía, traballo social e educación social, ademais doutras disciplinas afíns que puidesen incorporarse.
  - Con profesionais con **formación específica** en protección á infancia e á adolescencia.
  - **Que busquen a colaboración activa e integren** no proceso de valoración outros profesionais e equipos tanto de servizos sociais coma de **servizos comunitarios** que están en relación con neno, nena ou adolescente e coa súa familia.
  - Capaces de completar o proceso de valoración de forma áxil, nun **prazo máximo de tres meses** para casos ordinarios, que poderían prorrogarse de forma motivada e, se fose necesario, por outros tres meses adicionais.
- **A intervención posterior cos casos de risco grave e tutela/garda corresponderalles aos SSE, mentres que a intervención con casos de risco moderado, risco leve e vulnerabilidade á desprotección lles corresponderá aos SSC.**
- Cando haxa de procederse á derivación de casos entre ambos os servizos, é importante ter en conta que a derivación non é un mero acto administrativo que se executa de forma inmediata, senón que é un **proceso cunha fase inicial moi importante de coordinación, análise conxunta e establecemento de acordos entre servizos sociais comunitarios e especializados e de preparación das familias, que require un tempo e que ha de ser planificada e levada a cabo coidadosamente**. Só desta maneira se poderá conseguir unha derivación exitosa e posibilitar unha intervención eficaz.
- A derivación poderá producirse en **diferentes momentos do proceso de intervención:**

- Tras a recepción dun caso, cando as primeiras informacións proporcionan datos suficientes sobre o nivel de gravidade e urxencia que fan valorar que a intervención corresponde a outro servizo.
- Tras a investigación, cando se confirma o nivel de gravidade.
- Durante ou tras a avaliación, cando se obteñen novos datos sobre a situación dos nenos, nenas ou adolescentes que fan recualificar o nivel de gravidade.
- Durante o proceso de intervención, cando se producen cambios na gravidade da desprotección (ben diminuindo ou aumentando) ou cando se obteñen novos datos sobre a situación dos nenos, nenas ou adolescentes que fan recualificar o nivel de gravidade.

- **Derivación de casos entre servizos sociais comunitarios e especializados segundo a valoración da gravidade da desprotección**
- **Importancia de coidar o proceso**

● En situacións **non urxentes, a derivación de casos de servizos sociais comunitarios a especializados** producirase cando tras o proceso de valoración da existencia de desprotección e da súa gravidade ou durante a intervención municipal se valore que existe unha situación de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada. O **proceso para seguir** será o seguinte:

- A derivación realizarase sempre a través dun informe escrito que expoña de forma detallada a información obtida con relación ao caso e a xustificación do nivel de gravidade asignado. Todo iso deberá facerse seguindo os criterios recollidos no instrumento Valora-Galicia. O informe irá

acompañado da folla-resumo do instrumento. Sempre que sexa posible, manterase unha reunión posterior na que se poida expoñer e ampliar a información e a valoración recollida no informe de derivación e realizar unha análise conxunta do caso.

- Os servizos sociais especializados tomarán no prazo máximo dun mes a decisión de se asumen a intervención co caso e informarán dela por escrito os servizos sociais comunitarios. En caso de considerar que a atención do caso non é da súa competencia, argumentarán a súa decisión.
- Cando os servizos sociais especializados conclúan que a atención do caso é da súa competencia, dispoñerán doutro mes adicional -e excepcionalmente de dous, a condición de que haxa acordo entre as dúas institucións- para proceder á posta en marcha dos recursos requiridos no caso. Durante ese tempo, a intervención coa familia continuará baixo responsabilidade dos servizos sociais comunitarios, que manterán os recursos de intervención que sexan necesarios.

**Derivacións de casos non urxentes dos SSC aos SSE. Deberá realizarse de acordo cos criterios do instrumento Valora-Galicia e ha de incluír a folla-resumo**

● **Para considerar que a gravidade dun caso atendido nos servizos sociais especializados diminuíu a niveis leves ou moderados e proceder á súa derivación aos servizos sociais comunitarios, deberán darse as seguintes condicións:**

1. Houbo un mínimo de doce meses de intervención ou seguimento por parte dos servizos sociais especializados<sup>17</sup>.
2. A diminución do nivel de gravidade e os cambios conseguidos na familia respecto ao coidado do neno, nena e adolescente mostráronse consolidados e estables durante un período mínimo de catro meses (estes catro meses poden estar incluídos no período mínimo de intervención de doce meses).
3. Nos casos en que se procede á reunificación familiar tras unha separación temporal, os servizos sociais especializados levarán a cabo un seguimento da situación do neno, nena ou adolescente no domicilio familiar durante polo menos seis meses, tempo no que se confirmará a non reaparición da situación de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada e a consolidación e estabilidade dos cambios conseguidos na contorna familiar.

**Criterios para a derivación de casos de SSE a SSC unha vez finalizada a súa intervención**

**Cando se dean estas circunstancias e se valore que a familia require servizos de apoio de competencia municipal**, os servizos sociais especializados procederán á súa derivación aos servizos sociais comunitarios a través dun informe escrito que resuma a intervención realizada co caso, a situación actual da familia e da persoa menor de idade e a xustificación do nivel de gravidade asignado, todo iso consonte os criterios do instrumento VALORA-GALICIA. O informe irá acompañado da folla-resumo do instrumento. Sempre que sexa posible, manterase unha reunión posterior na que se poida

<sup>17</sup> Enténdese que os prazos de tempo de intervención ou seguimento sinalados neste punto e o seguinte han de cumprirse a condición de que non haxa cambios substanciais na estrutura familiar. Se estes cambios se producisen (por exemplo, modificación do réxime de garda e custodia do neno, nena ou adolescente, que pasa a vivir cun proxenitor protector), deberase levar a cabo unha nova valoración de se hai desprotección e da súa gravidade. Segundo o resultado desta valoración (mantemento de risco grave ou desamparo, diminución a gravidade leve ou moderada, desaparición da desprotección), os servizos sociais especializados deberán manter ou finalizar a súa intervención e procederán á súa derivación ou notificación aos servizos sociais comunitarios segundo o sinalado nos parágrafos seguintes.

expoñer e ampliar a información e a valoración recollida no informe de derivación e realizar unha análise conxunto do caso.

Cando se valore que o nivel de gravidade nun caso de risco grave ou de desamparo diminuíu e **a familia non requira servizos de apoio de competencia municipal pero si un seguimento**, procederase á derivación do caso aos servizos sociais comunitarios a través do correspondente informe escrito e, sempre que sexa posible, realizarase unha reunión posterior.

Se os servizos sociais especializados valoran que **a familia non necesita ningún tipo de apoio nin seguimento por parte dos servizos sociais comunitarios**, informaraa da finalización da súa intervención unicamente se esta foi derivada por eles ou se ten ou tivo recentemente algún expediente aberto nos devanditos servizos. En caso contrario, non será preciso realizar ningunha comunicación aos servizos sociais comunitarios sobre a situación do caso.

- **Cando (1) un ou varios dos nenos, nenas ou adolescentes dunha familia se atopen en situación de risco grave ou con medida de tutela/garda e a finalidade da intervención dos servizos sociais especializados sexa a preservación ou reunificación familiar e (2) haxa outros irmáns ou irmás en situación de risco leve ou moderado**, os SSE asumirán a coordinación da intervención coa totalidade do núcleo familiar.

### Coordinación entre os SSC e os SSE en familias con menores con desprotección con distinto nivel de gravidade

- **Cando os servizos sociais especializados adopten cun ou varios dos nenos, nenas ou adolescentes dunha familia unha medida de protección de separación permanente sen previsión de retorno á familia de orixe e haxa outros irmáns ou irmás en situación de risco leve ou moderado**, a intervención con estes últimos —se fose necesaria— será coordinada polos servizos sociais

comunitarios, mentres que a intervención cos irmáns ou irmás con medida de separación permanente será coordinada polos servizos sociais especializados. Ambos os servizos deberán manter o nivel de coordinación necesario no caso para asegurar unha intervención coherente, coordinada e integral..

## INTERVENCIÓN POSTERIOR EN SITUACIONES DE RISCO GRAVE E CON MEDIDA DE TUTELA OU GARDA

- Tras a identificación dunha situación de risco grave ou da adopción de medidas de protección, os servizos sociais especializados deberán levar a cabo unha análise detallada da situación familiar (fase de avaliación) que incluírá:
  - Os problemas que afectan a familia e que se atopan asociados á xénese ou ao mantemento da situación de desprotección.
  - Os recursos propios da familia e aspectos positivos do funcionamento familiar.
  - O prognóstico para a capacitación parental.
  - As necesidades de apoio e tratamento do neno, nena ou adolescente e da súa familiapara deseñar e, posteriormente, poñer en marcha un plan de intervención que estableza os recursos de apoio e rehabilitación necesarios en cada caso.
- De acordo co artigo 17.4 da [Lei Orgánica 1/1996](#) (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia), na elaboración do plan de intervención en situacións de risco procurarase a participación dos pais e nais ou das persoas que exercen a tutela ou garda. En calquera caso, a súa opinión será oída e tida en conta no intento de acordar o devandito plan, que deberá ser asinado polas partes, para o que se lles comunicará de forma comprensible e en formato accesible. Tamén se comunicará e consultarás co neno, nena ou adolescente se tivese suficiente madurez e, en todo caso, a partir dos doce anos.
- Os servizos sociais especializados deberán dispoñer de recursos suficientes, flexibles e diversificados segundo o establecido no [Decreto 192/2015, do 29 de outubro, da carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia](#), de maneira que cada neno, nena e adolescente e a súa familia poidan recibir os servizos que necesitan, no momento e coa intensidade que precisen. Así mesmo, coordinarán cos servizos sociais comunitarios a provisión dos recursos que deles dependan e resulten necesarios. A implicación dos servizos sociais comunitarios será especialmente importante cando a finalidade da intervención sexa a preservación ou a reunificación familiar.

---

Parte

04

# Escalas: Tipologías de desprotección e niveis de gravidade

## TIPOS DE SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN

### I. TIPOLOXÍAS DE DESPROTECCIÓN

#### MALOS TRATOS FÍSICOS

#### NEGLIXENCIA

A. Neglixencia coas necesidades físicas

- Alimentación
- Coidado da saúde física
- Vestido
- Hixiene persoal
- Condicións hixiénicas da vivenda
- Estabilidade e condicións de habitabilidade da vivenda

B. Neglixencia coas necesidades de seguridade

- Seguridade física da vivenda e prevención de riscos
- Supervisión
- Protección ante situacións de maltrato grave perpetradas por outras persoas

C. Neglixencia coas necesidades cognitivas

- Estimulación
- Necesidades formativas

D. Neglixencias coas necesidades emocionais

- Necesidades de interacción e afecto
- Atención específica a problemas emocionais graves ou necesidades especiais
- Normas, límites, rutinas e transmisión de valores morais positivos

#### VIOLENCIA SEXUAL

#### MALOS TRATOS PSICOLÓGICOS

A. Malos tratos emocionais

B. Implicación en conflitos entre as figuras parentais e en conflitos entre as figuras parentais e outros familiares significativos para o neno, nena ou adolescente pertencentes ao núcleo convivente

C. Exposición a situacións de violencia de parella ou entre membros da unidade convivente

D. Ameazas de agresión física

#### INCAPACIDADE PARENTAL DE CONTROL DA CONDUCTA DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

#### OUTRAS

A. Malos tratos prenatalais

B. Trato inapropiado  
(inclúe privación deliberada de comida e de auga, confinamento ou restrición física, expulsión ou negación da entrada ao domicilio)

C. Corrupción

D. Mendicidade

E. Explotación laboral

#### ABANDONO

## II. OUTRAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS QUE CONSTITÚEN RISCO GRAVE OU DESAMPARO<sup>18</sup>

- A. RISCO DE MALOS TRATOS PRENATAIS
- B. ANTECEDENTES DE DESPROTECCIÓN GRAVE PERPETRADA POLO PAI, A NAI OU PERSOAS QUE EXERCEN A TUTELA OU GARDA
- C. GRAVES DIFICULTADES PERSOAIS NO PAI, NAI OU PERSOAS QUE EXERCEN A TUTELA OU GARDA
- D. IMPOSIBILIDADE TEMPORAL OU DEFINITIVA DO PAI, NAI OU PERSOAS QUE EXERCEN A TUTELA OU GARDA PARA CUMPRIR OS DEBERES DE PROTECCIÓN
- E. NENOS, NENAS E ADOLESCENTES MIGRANTES NON ACOMPAÑADOS

---

<sup>18</sup> Inclúe situacións nas que, independentemente de que exista ou non algunha das tipoloxías de desprotección anteriormente sinaladas, se presentan unha serie de circunstancias de carácter extremo que implican un serio perigo para a vida ou a integridade básicas do neno, nena ou adolescente e non existen elementos suficientes de control na contorna familiar. A presenza destas circunstancias supoñerá automaticamente a cualificación da gravidade do caso como elevada. A intervención corresponderalles aos servizos sociais especializados, que deberán determinar se o neno, nena ou adolescente pode permanecer no domicilio familiar con medidas de redución do risco ou se se require adoptar unha medida de protección (tutela ou garda).

## I. TIPOLOXÍAS DE DESPROTECCIÓN

### MALOS TRATOS FÍSICOS

**O neno, nena ou adolescente sufriu un dano físico ou hai risco de que o sufra como consecuencia directa das agresións do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda.**

Nota:

Esta tipoloxía refírese exclusivamente a aspectos de tipo físico tanto con relación ao comportamento do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda como con relación ás súas consecuencias no neno, nena ou adolescente. Do mesmo xeito que no resto de tipoloxías desta índole, **sempre deberá avaliarse a presenza asociada doutras tipoloxías de desprotección, especialmente as incluídas na categoría de “malos tratos psicolóxicos”.**

- ➔ **Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).**
- ➔ **A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base na gravidade das lesións ou dano físico que o comportamento do pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda provocou ou puido provocar no neno, nena ou adolescente.**

#### 1. Non presente

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente utilizan estratexias adecuadas e técnicas de disciplina positiva para controlar a conduta do neno, nena ou adolescente. Isto inclúe o uso do reforzo positivo ou a supresión de privilexios ante comportamentos negativos. Cando teñen que mostrar a súa desaprobación cara ao neno, nena ou adolescente, fano de forma clara e respectuosa. **Nunca se castiga nin agride fisicamente o neno, nena ou adolescente.** Non permiten que outras persoas o fagan.

#### 2. Risco leve

- Utilización **ocasional da forza física**, aínda que **non de forma excesiva**, e **non se provocan lesións ou unicamente avermellamento** que desaparece rapidamente. O tipo de castigo é non apropiado (por exemplo, labazadas coa man aberta, estiróns de orellas, beliscos), aínda que non se utiliza unha forza física excesiva. O neno, nena ou adolescente non sufriu unha lesión física nin dor física considerable e prolongada, nin hai risco de que sufra unha lesión física. Normalmente, utilízanse estratexias disciplinarias non físicas nin violentas.
- Utilización **habitual ou frecuente da forza física**, aínda que **non de forma excesiva**, e **non se provocan lesións ou unicamente avermellamento** que desaparece rapidamente. O tipo de castigo é non apropiado (por exemplo, labazadas coa man aberta, estiróns de orella, beliscos), aínda que non se utiliza unha forza física excesiva. O neno, nena ou adolescente non sufriu unha lesión física nin dor física considerable e prolongada, nin hai risco de que sufra unha lesión física.

### 3. Gravidade moderada

- Utilización **habitual ou frecuente da forza física** de forma **excesiva** que provoca **lesiões superficiais**. Exceptúanse os nenos e nenas menores de trece anos sinalados en apartados posteriores. As lesiões superficiais están localizadas nunha ou en dúas áreas e implican rozaduras e avermellamentos na pel. Pode haber un lixeiro sangrado (por exemplo, do nariz).
- Utilización **habitual ou frecuente da forza física** de forma **excesiva, pero sen que se provoquen lesiões**. A forza e o tipo de castigo son excesivos. O neno, nena ou adolescente non sufriu unha lesión física, pero as agresións provócanlle un dano considerable durante un período prolongado de tempo e hai un risco potencial de que no futuro se produza unha lesión física.
- **Síndrome de Munchausen por poderes que non provocou nin colocou o neno, nena ou adolescente en risco de sufrir unha lesión ou enfermidade moi grave ou grave**. (é dicir, non poñe en risco a súa vida nin é probable que provoque ningunha incapacidade aínda cando non se proporcione atención médica).

### 4. Gravidade elevada

- Utilización **excesiva da forza física**<sup>19</sup> que provocou unha **lesión grave** ou colocou o neno ou nena nun risco importante de sufrir unha lesión grave. Unha lesión grave non pon en risco a vida do neno, nena ou adolescente e non é probable que provoque ningunha incapacidade aínda cando non se proporcione atención médica (por exemplo, torceduras, conmocións leves, dentes rotos, queimaduras de primeiro e segundo grao, cortes que necesitan puntos de sutura, fracturas de ósos pequenos etc.).
- **Neno ou nena entre seis e doce anos sen discapacidade nin necesidades especiais** con marcas de golpes en zonas vitais, como a cara, a cabeza, o nariz, os xenitais ou o abdome.
- **Neno ou nena menor de seis anos ou de máis idade con algunha discapacidade ou necesidades especiais**, con marca de agresión física ou lesión (sexa superficial ou de maior gravidade) nunha zona non vital.
- **Neno, nena ou adolescente maior de seis anos sen discapacidade nin necesidades especiais** con síntomas de consumir drogas, alcol ou fármacos potencialmente perigosos non prescritos nin recomendados medicamente que foron administrados polo seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, co obxectivo de que o neno, nena ou adolescente non os perturbe, se manteña durmido ou similar.
- **Síndrome de Munchausen por poderes**<sup>20</sup> que provoca ou coloca o neno, nena ou adolescente en **risco** de sufrir unha **lesión ou enfermidade grave** (é dicir, non pon en risco a súa vida nin é probable que provoque ningunha incapacidade, aínda cando non se proporcione atención médica).

Estas situacións cualificaranse como gravidade elevada, mesmo no caso de que aparezan nunha soa ocasión.

19 Definición de “forza excesiva”: A intensidade da agresión física provoca un dano físico considerable no neno, nena ou adolescente e é claramente desproporcionada con relación á súa corpulencia ou condicións físicas ou prólongase indebidamente.

20 **Síndrome de Munchausen por poderes: O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda someten o neno, nena ou adolescente a repetidos ingresos e exames médicos alegando síntomas físicos patolóxicos ficticios ou xerados de maneira activa por eles (mediante a inoculación de substancias, por exemplo).**

## 5. Gravidade moi elevada

- Utilización **excesiva da forza física** que provocou unha **lesión moi grave** ou colocou o neno ou nena nun risco importante de sufrir unha lesión moi grave. Unha lesión moi grave implica que o neno, nena ou adolescente require atención médica inmediata, a miúdo de forma urxente (por exemplo, fracturas dos ósos longos, lesións internas, hematoma subdural, síndrome do neno ou nena zarandeada -en nenos e nenas menores de 24 meses-, queimaduras de terceiro grao, lesións oculares). Inclúense malos tratos físicos derivado de actos rituais..
- **Neno ou nena menor de seis anos ou de máis idade con algunha discapacidade ou necesidades especiais**, con marcas de golpes en zonas vitais: cara, cabeza (inclúe guechos de pelo arrincados), nariz, xenitais ou abdome.
- **Neno ou nena menor de seis anos ou de máis idade con algunha discapacidade ou necesidades especiais**, con síntomas de consumir drogas, alcol ou fármacos potencialmente perigosos non prescritos nin recomendados medicamente que foron administrados polo seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, co obxectivo de que o neno ou nena non os perturbe, se manteña durmido ou simila<sup>21</sup>.
- **Síndrome de Munchausen por poderes** que provoca ou coloca o neno, nena ou adolescente en **risco** de sufrir unha **lesión ou enfermidade moi grave** (é dicir, con necesidade de atención médica inmediata).

Estas situacións cualificaranse como gravidade moi elevada, mesmo no caso de que aparezan nunha soa ocasión.

<sup>21</sup> Facilitar a un niño, niña o adolescente de drogas, alcohol o fármacos potencialmente peligrosos no prescritos ni recomendados Facilitarlle a un neno, nena ou adolescente drogas, alcol ou fármacos potencialmente perigosos non prescritos nin recomendados medicamente ou permitirlle o seu uso con obxectivos diferentes aos sinalados neste apartado queda recollido na tipoloxía de “Corrupción”.

## NEGLIXENCIA

O neno, nena ou adolescente sufriu un dano nas áreas física, emocional, social, cognitiva ou afectivo-sexual ou hai risco de que o sufrira como consecuencia da incapacidade<sup>22</sup> do seu pai, nai ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda de proporcionarlle unha atención adecuada ás súas necesidades físicas, de seguridade, cognitivas e psicolóxicas.

### A - NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES FÍSICAS

- ➔ A forma en que un pai, unha nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente atenden as súas necesidades de cuidados físicos só constituirá desprotección se provocan ou se lle poden provocar un dano significativo ao neno, nena ou adolescente. En determinadas escalas e para determinados niveis de gravidade requírese un ditame médico. Este resulta especialmente importante cando se valoren situacións que implican a utilización de hábitos minoritarios de alimentación, medicinas alternativas etc.

### ALIMENTACIÓN (comida e bebida)

- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades de alimentación do neno, nena ou adolescente e (2) no seu impacto na súa saúde ou desenvolvemento físico.

#### 1. Non presente

- Proporciónaselle ao neno, nena ou adolescente unha alimentación adecuada en cantidade, regular e apropiada á idade que normalmente cobre os requisitos nutritivos básicos.

#### 2. Risco leve

- Comidas irregulares e a miúdo nin sequera preparadas, pero normalmente proporcióname unha comida suficientemente nutritiva ao día. De cando en vez, sáltanse algunhas comidas.
- Alimentación suficiente, pero algo desequilibrada desde o punto de vista nutritivo.
- É frecuente que o neno, nena ou adolescente colla a comida en por si, pero ás veces só hai comida nutritivamente inadecuada ou en cantidades insuficientes.

Aínda que se dan unha ou varias destas circunstancias, non produciron ningunha repercusión negativa significativa, segundo ditame médico, no estado e indicadores de saúde do neno, nena ou adolescente. É aconsellable un cambio na dieta ou hábitos alimentarios.

<sup>22</sup> Sexa de forma deliberada, por falta de coñecementos, por unha valoración inadecuada da situación do neno, nena ou adolescente e/ou por falta de motivación.

### 3. Gravidade moderada

- O neno, nena ou adolescente recibe unha **alimentación insuficiente en cantidade ou inadecuada en canto a achegas nutritivas**, pero **non** padece ningunha **enfermidade** por iso **nin afectación relevante na súa saúde e desenvolvemento pondoestatural e físico**. Non é o habitual, pero con frecuencia non se lle proporciona polo menos unha comida suficientemente nutritiva ao día. A **necesidade de corrixir a dieta** é clara e existe unha **recomendación médica explícita** neste sentido. Exemplos: neno ou nena (non bebé) ou adolescente a quen non se lle dan algunhas comidas; hai pouca comida dispoñible na casa e o neno, nena ou adolescente pode roubar ou pedir comida fóra; poden proporcionárselle alimentos non apropiados á idade; alimentación baseada en exceso en produtos nutritivamente inadecuados.

### 4. Gravidade elevada

- O neno, nena ou adolescente sofre algúns **síntomas clínicos de desnutrición, deshidratación, intoxicación** ou presenta un **sobrepeso excesivo** debido á inadecuación da alimentación proporcionada polo seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda. Necesita **atención médica e/ou dieta de rehabilitación**, pero non hai necesidade de hospitalización por estes motivos. Estas circunstancias supoñen, segundo valoración médica, un **risco serio para a súa saúde** -aínda que non para a súa vida- se non se corrixen.
- **Bebé** ao que se lle dá o peito ou outro tipo de alimentación, pero que requiriría **segundo valoración médica** tomar **leite ou suplementos nutritivos** que **non se lle proporcionan**.

### 5. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente está **gravemente desnutrido ou deshidratado** (grave perda de peso, anemia etc.) e necesita **hospitalización** por este motivo.
- O neno, nena ou adolescente sufriu unha **intoxicación** (febre, vómitos etc.) por proporcionárselle ou por deixarlle comer alimentos que non son de consumo humano ou en mal estado e necesita **hospitalización** por este motivo. A provisión ou disposición na casa de alimentos destas características é unha pauta **frecuente ou habitual** na familia.
- Segundo valoración médica, o **exceso e a inadecuación da alimentación** proporcionada ao neno, nena ou adolescente é unha das razóns determinantes da súa obesidade e esta situación provocou no neno, nena ou adolescente outros problemas graves de saúde que requiriron a súa **hospitalización**.
- **Bebé** ao que se lle deixan de dar tomas ou ao que se lle dá leite diluído de forma regular, con **síntomas de desnutrición ou deshidratación**, aínda que só requira dieta de rehabilitación e non se precise hospitalización.

## COIDADADO DA SAÚDE FÍSICA (saúde e descanso)

- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades hixiénico-sanitarias e de descanso do neno, nena ou adolescente (inclúense coidados durante o embarazo) e (2) no impacto que teñen ou poden ter na súa saúde, na das persoas que están ao seu redor e no seu rendemento.

### 1. Non presente

- O neno, nena ou adolescente non ten feridas, enfermidades ou incapacidades que puidesen necesitar tratamento médico. Lévaselle rapidamente a recoñecemento médico cando aparecen síntomas dalgunha enfermidade e as indicacións médicas séguense de forma adecuada. Recibe coidados sanitarios preventivos adecuados para a súa idade.
- O pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda adoptan as medidas preventivas necesarias para evitar ou reducir ao máximo as posibilidades de contaxio cando algunha persoa que vive no domicilio familiar padece unha enfermidade deste tipo.

### 2. Risco leve

- O neno, nena ou adolescente non ten necesidades médicas sen atender que puidesen necesitar tratamento médico, **pero deberían mellorar os coidados sanitarios preventivos** (por exemplo, coidado dental, prevención ou tratamento de parasitos). Cando o neno, nena ou adolescente está baixo tratamento médico, as indicacións séguense de forma adecuada.
- **Bebé san**, sen indicadores de problemas físicos, que non é levado aos controis médicos rutineiros, **sen seguimento pediátrico**.
- En ocasións non xustificadas, o pai, nai ou persoas que exercen a tutela do neno, nena ou adolescente non organizan a vida diaria deste e as condicións físicas da vivenda, de forma que o neno, nena ou adolescente poida descansar e durmir o suficiente para a súa idade e necesidades. Iso non provocou ningunha secuela negativa no neno, nena ou adolescente a nivel de saúde, aínda que nesas ocasións observóuselle **canso, con sono e con dificultades de atención e concentración**.

### 3. Gravidade moderada

- O neno, nena ou adolescente non está a recibir coidados médicos por unha lesión, ferida ou enfermidade que normalmente debería recibir tratamento, foi levado con excesiva demora ao médico ou, malia que se levou (ben por propia iniciativa do pai, da nai ou das persoas que exerzan a tutela ou garda ou ben seguindo indicacións de profesionais da saúde ou do centro educativo), o tratamento non se segue de forma adecuada. **O estado do neno, nena ou adolescente probablemente mellorará por si só mesmo sen coidados médicos. Con todo, o tratamento reduciría o risco de complicacións, aliviaría a dor, aceleraría a curación ou reduciría o risco de contaxio.**

- É habitual que, cando algunha das persoas que viven no domicilio familiar presenta algunha enfermidade contaxiosa, o pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda **non adopten as medidas hixiénicas e sanitarias necesarias para evitar ou reducir a probabilidade de contaxio**. O neno, nena ou adolescente estivo enfermo en varias ocasións por este motivo, polo que requiriu repouso ou tratamento médico, aínda que non hospitalización. Esta situación non supuxo unha ameaza seria para a vida ou saúde do neno, nena ou adolescente.
- Os hábitos ou horarios familiares establecidos polo pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente non permiten que este ou esta **descanse ou durma** o suficiente de acordo coa súa idade e necesidades particulares. Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente presenta **cansazo manifesto**, acompañado de **perturbacións comportamentais** (por exemplo, irritabilidade, pasividade, dificultades de concentración). Se está en idade escolar, obsérvase **afectación no seu rendemento académico**.

#### 4. Gravidade elevada

- El niño, niña o adolescente tiene una enfermedad o incapacidad –congénita o no- que interfiere seriamente. O neno, nena ou adolescente ten unha enfermidade ou incapacidade —conxénita ou non— que interfiere seriamente no seu funcionamento normal. Non se pediron nin coidados médicos nin un exame exploratorio, pedíronse pero cunha demora excesiva ou malia que se pedisen (ben por propia iniciativa do pai, da nai ou das persoas que exerzan a tutela ou garda ou ben seguindo indicacións de profesionais da saúde ou do centro educativo) non se segue o tratamento prescrito da forma adecuada. Con tratamento, o problema podería corrixirse ou polo menos controlarse. Con todo, **sen un tratamento adecuado a enfermidade ou incapacidade empeorará, aínda que non supón unha ameaza para a vida** do neno, nena ou adolescente.
- Inclúe situacións en que un neno, nena ou adolescente tivo algúns **síntomas físicos serios (por exemplo, dor intensa ou sinais de enfermidade contaxiosa grave que non ameazan a súa vida)** durante algún tempo, pero non se lle levou ao médico, levouse demasiado tarde ou levouse pero non se seguiron as súas indicacións.
- **Habitualmente ou de forma frecuente**, o pai, nai ou persoas que exercen a tutela do neno, nena ou adolescente non organizan a vida diaria deste e as condicións físicas da vivenda de forma que o neno, nena ou adolescente poida descansar e durmir o suficiente para a súa idade e necesidades. Esta situación provocoulle **problemas significativos de saúde ou trastornos do sono** que requiren ser corrixidos, pero non precisan tratamento especializado inmediato e/ou hospitalización, e/ou coloca o neno, nena ou adolescente **en risco de sufrir unha enfermidade grave**.

#### 5. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente non foi levado a tratamento médico por unha lesión, ferida, enfermidade —conxénita ou non— ou incapacidade, foi levado cunha demora excesiva ou, malia que se levou (ben por propia iniciativa do pai, da nai ou das persoas que exerzan a tutela ou garda ou ben seguindo as indicacións de profesionais da saúde ou do centro educativo), non se acepta nin se segue o tratamento médico prescrito da forma adecuada. **Se se deixa sen tratar de forma adecuada, o problema supón unha ameaza para a vida do neno, nena ou adolescente, provocaralle unha deterioración permanente de carácter grave ou constitúe unha ameaza seria para a saúde das persoas que están ao seu redor**.

- O pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **non respectan normas hixiénicas e sanitarias básicas** (por exemplo, desinfección de biberón, pratos, cubertos, vasos etc. tras ser utilizados con substancias potencialmente tóxicas, retirada de elementos infectados como xiringas), o que implica unha **seria ameaza para a vida ou a saúde** do neno, nena ou adolescente.
- Unha persoa que vive no domicilio familiar padece unha enfermidade contaxiosa de carácter grave ou, malia que non é grave, pode afectar seriamente o neno, nena ou adolescente debido a que este presenta condicións de especial vulnerabilidade. O pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **deberían adoptar medidas rigorosas para evitar o contaxio, pero non o fan**. Esta situación implica unha **seria ameaza para a vida ou a saúde** do neno, nena ou adolescente.
- **En xeral**, o pai, nai ou persoas que exercen a tutela do neno, nena ou adolescente non organizan a vida diaria deste e as condicións físicas da vivenda de forma que o neno, nena ou adolescente poida descansar e durmir o suficiente para a súa idade e necesidades. Esta situación provocoulle **problemas graves de saúde que supoñen unha ameaza para a súa vida, serios trastornos do sono ou unha deterioración permanente grave que requiren tratamento especializado inmediato e/ou hospitalización**.

Nota: seguimento pediátrico e a vacinación non son de carácter obrigatorio, unicamente constitúen recomendacións.

## VESTIDO

- **Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).**
- **A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades do neno, nena ou adolescente de dispoñer dun vestiario suficiente, en boas condicións e adecuado ao tempo atmosférico e (2) no impacto que ten ou poden ter na súa saúde e na súa participación en actividades cotiás.**
- **Nesta tipoloxía non hai cualificación de gravidade moi elevada ou elevada.**

### 1. Non presente

- O neno, nena ou adolescente ten a roupa esencial, pero pode que teña pouca roupa para cambiarse ou que lle falten algunhas pezas apropiadas á estación. A roupa pode verse usada e a miúdo zurcida, pero non descosida, rachada ou sucia. Pode que algunha roupa non lle sente ben (por exemplo, mangas demasiado longas, falta de botóns...).
- O neno, nena ou adolescente ten todas as pezas de roupa esenciais. A roupa é apropiada para a hora, lugar e tempo atmosférico. Ten roupa adecuada para a estación do ano (gabardina, luvas, pezas lixeiras). O cambio de roupa é suficiente para ir arraxado e limpo. A roupa non é necesariamente nova, pero está en boas condicións e séntalle adecuadamente.

## 2. Risco leve

- Ao neno, nena ou adolescente **fáltanlle unha ou dúas pezas de vestir esenciais** ou algunhas delas están en tan **malas condicións**. Arránxase adaptando as roupas que ten (por exemplo, poñendo algún xersei máis no canto dun abrigo).
- O neno, nena ou adolescente pode ir **vestido de maneira inadecuada** a algunhas das súas actividades normais e necesarias (por exemplo, o colexio), **pero pode participar adecuadamente**.

En calquera destes casos, **a roupa protexe o neno, nena ou adolescente dos fenómenos atmosféricos**.

## 3. Gravidade moderada

- Ao neno, nena ou adolescente **fáltanlle moitas pezas de vestir básicas e esenciais**. Hai tan pouca roupa, ou tan pouca roupa adecuada, que **ás veces non pode realizar actividades normais e necesarias** (por exemplo, saír á rúa, ao colexio). Ás veces, a roupa é **insuficiente ou non apropiada para protexelo dos fenómenos atmosféricos**. O pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda non lle proporcionan a roupa adecuada ao neno, nena ou adolescente unha vez que dispoñen de recursos para iso.

## HIXIENE PERSOAL

- Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades do neno, nena ou adolescente con relación á súa hixiene persoal, (2) no grao en que iso afecta ou pode afectar a súa saúde e (3) no grao en que iso afecta a súa relación con iguais e con outras persoas.
- Nesta tipoloxía non hai cualificación de gravidade moi elevada.

### 1. Non presente

- O neno, nena ou adolescente lávase, báñase ou dúchase diariamente ou cada dous ou tres días. Ten o pelo peiteado e limpo. Cámbiase de roupa con regularidade, aínda que non estea exteriormente sucia. Pon roupa interior limpa todos os días.

### 2. Risco leve

- **Habitualmente**, o neno, nena ou adolescente non se lava, baña ou ducha con regularidade aínda que o necesite, ten o pelo visiblemente sucio, pode que despida cheiro corporal ou que teña mal alento, a roupa está bastante sucia e non se cambia durante varios días. Porén, estas circunstancias **non lle provocou ningunha enfermidade nin trastorno físico, nin provoca rexeitamento ou ausencia ou restrición de relacións con iguais**.

- **Ocasionalmente**, o neno, nena ou adolescente non se lava, baña ou ducha aínda que o necesite, ten o pelo visiblemente sucio ou despeiteado, pode que despida cheiro corporal ou que teña mal alento, a roupa está bastante sucia e non se cambia. Pero iso **non lle provocou ningunha enfermidade nin trastorno físico, nin provoca rexeitamento e ausencia ou restrición de relacións cos seus iguais**.

### 3. Gravidade moderada

- Hai unha **falta de hixiene moi notoria** (por exemplo, o neno, nena ou adolescente non se bañou nin duchou en polo menos varias semanas, despide un forte cheiro corporal ou bucal, ten os dentes cubertos de sarrio, amarelados ou con manchas, leva a roupa sucia e con manchas que probablemente non se poden quitar, pelo con restos de comida ou feces), aínda que o neno, nena ou adolescente **non padece ningunha enfermidade nin trastorno físico** como consecuencia diso. Houbo **queixas doutras persoas** (por exemplo, por parte do colexio) sobre a hixiene do neno, nena ou adolescente. Aínda que esta situación **non provocou unha ausencia ou unha grave restrición na relación cos seus iguais**, tivo **algunhas repercusións negativas** (algunha restrición) a este nivel.

### 4. Gravidade elevada

- Hai unha **falta de hixiene moi notoria** (por exemplo, o neno, nena ou adolescente non se ha bañou nin duchou en polo menos varias semanas, grave desatención á saúde bucodental, bebé ao que habitual ou frecuentemente non se lle cambian os cueiros coa regularidade necesaria). Isto provocou que o neno, nena ou adolescente sufra unha **enfermidade ou trastorno físico que require tratamento médico** ou houbo **queixas doutras persoas** (por exemplo, colexio) sobre a súa hixiene. Os seus compañeiros e compañeiras non xogan nin queren estar preto del ou dela e sofre un **forte rexeitamento social** por este motivo que provoca unha **ausencia ou unha grave restrición das relacións cos seus iguais**.

## CONDICIÓNS HIXIÉNICAS DA VIVENDA

- ➔ **Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).**
- ➔ **A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na severidade das deficiencias observadas nas condicións hixiéticas da vivenda e (2) no impacto que teñen ou poden ter na saúde do neno, nena ou adolescente. Tense en conta tamén a disposición do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente a corrixir a situación.**

### 1. Non presente

- A casa está xeralmente limpa e ordenada; a alfombra, moquetas e chan várense a miúdo e límpanse cando é necesario (aínda que pode haber algo de peluxe, fíos e anacos de papel); quítase o po regularmente (non hai máis que unha fina capa de po encima dos mobles); cheiros agradables ou neutros; a casa está ordenada (pero pode haber obxectos de uso diario desordenados, abrigos sen colgar); o lixo recóllese nun recipiente adecuado; os pratos fréganse ou polo menos póñense no vertedoiro despois de cada comida; os alimentos gárdanse adecuadamente; a roupa branca está limpa, sen restos orgánicos nin bichos.

## 2. Risco leve

- A casa está **desordenada, con po**; pode que as cousas estean espaxeadas por todas partes e que haxa restos visibles de sucidade en portas, xanelas, chan etc., pero **non hai pilas de lixo e os produtos perecedoiros gárdanse no frigorífico**. Esta situación pode ser **ocasional ou habitual**, pero **ningún dos nenos, nenas e adolescentes enfermou ou requiriu tratamento médico como consecuencia diso nin a situación supón un risco para a súa saúde**.

## 3. Gravidade moderada

- Hai **moita sucidade** na vivenda, **pero non presenza xeneralizada de refugallos orgánicos en estado de descomposición**. Exemplos: a alfombra, moqueta e baldosas están sucias, a alfombra cheira; hai po e sucidade por todas partes e acumulada nas esquinas; a casa cheira a humidade e podrecido; o baño ten un forte cheiro a sucio; algunhas esquinas ou habitacións utilízanse para amontoar trastes; os pratos só se lavan cando non queda ningún limpo; hai **comida perecedoira fóra do frigorífico e ás veces estragada**; durante o día poden verse insectos polo chan, pode que haxa ratos (non ratas); as paredes, portas e instalacións do baño están descoloridas e con manchas de sucidade e graxa; a roupa branca utilízase aínda que estea sucia (aínda que sen restos de ouriños, feces ou refugallos orgánicos). Pode que haxa una certa **acumulación de lixo** porque non se saca coa frecuencia necesaria, pero está **en bolsas**. Esta é unha situación habitual, aínda que **ningún dos nenos, nenas e adolescentes enfermou ou requiriu tratamento médico como consecuencia diso**.

## 4. Gravidade elevada

- Danse **varias condicións de falta grave de hixiene**<sup>23</sup>, pero **non supoñen un serio perigo para a saúde** do neno, nena ou adolescente. Ningún dos nenos, nenas e adolescentes enfermou nin requiriu tratamento médico como consecuencia diso.
- Danse as **circunstancias sinaladas como gravidade moderada** e o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela do neno, nena ou adolescente **non responderon ás indicacións dos servizos sociais municipais de corrir a situación**.

## 5. Gravidade moi elevada

- Casa extremadamente sucia, danse **varias condicións de falta grave de hixiene** que supoñen un **serio perigo para a saúde** do neno, nena ou adolescente. Pode que algún dos nenos, nenas ou adolescentes enfermase por este motivo (por exemplo, trastorno intestinal, intoxicación), o que require tratamento médico.

<sup>23</sup> **Falta grave de hixiene:** Inclúe fundamentalmente a **acumulación na vivenda de residuos orgánicos en estado de descomposición** que, en xeral, se asocia á presenza de insectos parasitos, parasitos e/ou roedores. Tamén se inclúen situacións nas que a falta de hixiene provoca a aparición de pragas non controladas de insectos, parasitos ou outro tipo de animais que poden transmitir enfermidades ou causar lesións serias nos nenos, nenas e adolescentes. *Exemplos de condicións de falta grave de hixiene:* moqueta, alfombras, paredes, portas, chans, baños e enxoval doméstico (pratos, roupa de cama etc.) con gran cantidade de restos de comida, desperdicios ou refugallos incrustados; grosa capa de sucidade ou graxa por todas as partes e acumulada nas esquinas; parasitos, insectos ou ratas; mobles ou colchóns empapados en ouriños; excrementos no chan; comida podrecida que non se retira; lixo desbordado ou acumulado en diferentes partes da casa; olores intolerables (ouriños, feces, refugallos); desperdicios humanos ou animais.

## ESTABILIDADE E CONDICIÓN S DE HABITABILIDADE DA VIVENDA

- Para calificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten las circunstancias descritas Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na disposición por parte do neno, nena ou adolescente dunha vivenda cunhas mínimas condiciones de estabilidade, seguridade, espazo e habitabilidade e (2) no grao en que a súa nai, pai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda teñen conciencia da importancia diso e mostran un comportamento responsable neste sentido.

### 1. Non presente

- A familia dispón de vivenda estable -arrendada ou en propiedade-, con espazo e equipamento básico suficiente para as súas necesidades e en boas condicións de funcionamento. O neno, nena ou adolescente dispón de intimidade suficiente e espazo/equipamento para facer as súas tarefas escolares.

### 2. Risco leve

- A vivenda conta co **equipamento básico** -aínda que pode haber déficits leves-, pero **non dispón de condicións adecuadas para que o neno, nena ou adolescente teña intimidade cando a necesita ou espazo/equipamento para realizar as súas tarefas escolares.**

### 3. Gravidade moderada

- A familia vive nunha tenda de campaña, furgoneta, coche, caravana, edificio en estado moi precario ou similar que non dispón do equipamento e servizos mínimos en canto a auga corrente, calefacción, electricidade, equipamento para cociñar, espazo e/ou elementos para a hixiene persoal (WC). Pode que se trate dunha vivenda ocupada ou compartida con outras familias ou persoas, que poden ser descoñecidas. Pode que non haxa espazo para que a familia dispoña de momentos de intimidade e interacción relaxada. O neno, nena ou adolescente non dispón dun espazo propio que lle proporcione unha mínima intimidade ou espazo/equipamento para realizar as súas tarefas escolares. **O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente aceptan a axuda dos servizos sociais comunitarios para dispoñer dun aloxamento en mellores condicións.**

#### 4. Gravidade elevada

- A familia non dispón de vivenda, perdeuna ou está a piques de perdela por desafuzamento ou falta de pagamento da renda e non teñen un lugar alternativo ao que ir ou o lugar ao que poden ir non conta coas condicións mínimas de habitabilidade. Os servizos sociais municipais realizaron as xestións necesarias para lle axudar á familia a que dispoña dun aloxamento en condicións adecuadas, pero non foi posible<sup>24</sup>.
- A familia vive nunha tenda de campaña, furgoneta, coche, caravana, edificio en estado moi precario ou similar que non dispón do equipamento e servizos mínimos en canto a auga corrente, calefacción, electricidade, equipamento para cociñar, espazo e/ou elementos para a hixiene persoal (WC). Pode que se trate dunha vivenda ocupada ou compartida con outras familias ou persoas, que poden ser descoñecidas. Pode que non haxa espazo para que a familia dispoña de momentos de intimidade e interacción relaxada. O neno, nena ou adolescente non dispón dun espazo propio que lle proporcione unha mínima intimidade ou espazo/equipamento para realizar as súas tarefas escolares. A familia vive habitualmente neste tipo de condicións e rexeitaron ou fixeron un uso non apropiado das axudas económicas ou vivendas que lle ofreceron os servizos sociais. Pode haber frecuentes cambios de localización ou domicilio, pero sempre en condicións similares.

#### 5. Gravidade moi elevada

- A familia vive nunha casa en estado ruinoso ou en condicións que implican perigo de derrubamento. Estas condicións supoñen un perigo evidente para a seguridade do neno, nena ou adolescente, pero a familia négase a abandonar a casa a pesar de lle indicar a existencia do devandito risco.

<sup>24</sup> Ante familias cuxa única problemática con relación á atención e coidado dos nenos, nenas e adolescentes sexan as dificultades materiais, e concretamente a carencia de vivenda, a súa perda inminente ou a non dispoñibilidade de vivenda en condicións minimamente adecuadas, os servizos sociais comunitarios levarán a cabo as actuacións oportunas para promover o acceso das devanditas familias a un aloxamento temporal —ben a través da súa propia rede natural de apoio ou a través dos recursos da Administración pública— que permita a preservación da unidade familiar e xestionarán os apoios necesarios para que a familia poida chegar a dispoñer dunha vivenda estable cuxas condicións aseguren o benestar dos nenos, nenas e adolescentes. Só cando non sexa posible conseguir devandito o aloxamento, estará xustificada a valoración da existencia dunha situación de desprotección elevada e a consecuente intervención dos servizos sociais especializados. Estes valorarán entón a pertinencia de asumir a garda do neno, nena ou adolescente, entendida como unha medida temporal dirixida a evitar que este sufra un dano severo. A duración desta medida será limitada e restrinxida ao tempo necesario para resolver os problemas materiais e de vivenda da familia (nota: nestes casos, non será necesario que os servizos sociais especializados interveñan un mínimo de doce meses coa familia). Para iso, os servizos sociais especializados e comunitarios traballarán de forma coordinada non só cos seus propios recursos, senón cos que poidan obterse da rede natural de apoio da familia e dos dependentes doutros sectores da Administración pública competentes na materia.

## B - NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES DE SEGURIDADE

### SEGURIDADE FÍSICA DA VIVENDA E PREVENCIÓN DE RISCOS

- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinalase cun punto).
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na presenza de déficits de seguridade na vivenda, (2) na intensidade ou frecuencia de condutas temerarias do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda co neno, nena ou adolescente, (3) no grao de ameaza que tales déficits supoñen para a integridade física do neno, nena ou adolescente e (4) no grao en que o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda teñen conciencia da importancia diso e mostran un comportamento responsable neste sentido.

#### 1. Non presente

- Non existen condicións perigosas obvias na casa.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non protagonizaron condutas temerarias co neno, nena ou adolescente.

#### 2. Risco leve

- Hai unha ou dúas condicións perigosas na casa. A supervisión que exercen as persoas adultas que viven no domicilio é adecuada, pero existe o risco dun accidente doméstico que pode provocar un dano serio no neno, nena ou adolescente. Ningún neno, nena ou adolescente da familia sufriu dano ou lesión física por iso.

#### 3. Gravidade moderada

- Hai unha ou varias condicións perigosas na casa presentes desde hai tempo. Hai momentos en que as persoas adultas non supervisan adecuadamente o neno, nena ou adolescente, o que implica un perigo de que sufra un dano serio; é pouco probable que poña en risco a súa vida, pero podería ocorrer un accidente grave. Ningún neno, nena ou adolescente da familia sufriu algún dano ou lesión física por iso.
- En varias ocasións, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda protagonizaron condutas temerarias co neno, nena ou adolescente que supuxeron un perigo de que este ou esta sufra un dano serio. Valórase probable que tal situación poida volver repetirse; aínda que é pouco probable que poña en risco a vida do neno, nena ou adolescente, podería ocorrer un accidente grave. Ningún neno, nena ou adolescente da familia sufriu algún dano ou lesión física por iso.

#### 4. Gravidade elevada

- Hai unha ou varias condicións perigosas na casa presentes desde hai tempo. Hai perigo de que o neno, nena ou adolescente sufra un dano serio; é pouco probable que poña en risco a súa vida, pero podería ocorrer un accidente grave. As persoas adultas que viven na casa non mostran conciencia do perigo que corre o neno, nena ou adolescente, non tomaron medidas para resolvelo e, en xeral, non exercen unha supervisión suficiente. Pode que algún neno, nena ou adolescente da familia sufrise algún dano ou lesión física que requiriu atención médica.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda protagonizaron frecuentes condutas temerarias co neno, nena ou adolescente que supuxeron un perigo de que este ou esta sufra un dano serio. Valórase altamente probable que tal situación poida volver repetirse, aínda que é pouco probable que poña en risco a vida do neno, nena ou adolescente, podería ocorrer un accidente grave. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non mostran conciencia diso. Pode que algún neno, nena ou adolescente da familia sufrise algún dano ou lesión física que haxa requirido atención médica.

#### 5. Gravidade moi elevada

- Hai unha ou varias condicións obviamente perigosas na casa presentes desde hai tempo. Hai un perigo evidente para a vida do neno, nena ou adolescente e as persoas adultas que viven na casa non mostran conciencia diso, non tomaron medidas para resolvelo e non exercen unha supervisión suficiente. Pode que algún neno, nena ou adolescente da familia sufrise algún dano ou lesión física que requirise atención médica.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda protagonizaron condutas temerarias co neno, nena ou adolescente (por exemplo, condución temeraria, portar un bebé en estado de completa embriaguez ou baixo os efectos de drogas) que supuxeron un perigo evidente para a vida deste ou esta. Non mostran conciencia diso e valórase altamente probable que tal situación poida volver repetirse. Pode que algún neno, nena ou adolescente da familia sufrise algún dano ou lesión física que requirise atención médica.

**Exemplos de condicións perigosas:** Escape de gas de estufas ou da cociña; incendio recente nalgunha habitación ou no edificio; escape de auga quente ou vapor dos radiadores; substancias (por exemplo, produtos químicos, medicinas) ou obxectos perigosos (armas, coitelos, tesoiras) en andeis baixos ou en armarios sen pechar con chave, debaixo do vertedoiro ou ao descuberto; xanelas abertas sen protección; xanelas con cristais rotos ou sen cristais; escaleiras sen protección.

## SUPERVISIÓN

### CADRO ORIENTATIVO:

#### Critérios para valorar as necesidades de supervisión dun neno, nena ou adolescente

A responsabilidade última da protección, seguridade e benestar dun neno, nena ou adolescente é do seu pai, da súa nai ou da persoa ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda, independentemente de que estean presentes para supervisalo persoalmente ou non.

A idade non é o único factor que hai que ter en conta para valorar as necesidades de supervisión dun neno, nena ou adolescente. Outros factores que hai que considerar son o seu grao de madurez ou a presenza de problemas emocionais ou limitacións físicas ou intelectuais. Os criterios orientativos recollidos no cadro seguinte deberán, por tanto, adaptarse en función da presenza e severidade de limitacións que afecten a autonomía e o grao de desenvolvemento do neno, nena ou adolescente.

Idade do neno, nena ou adolescente	Só ou soa durante dúas horas ou menos	Só ou soa de dúas a catro horas	Só ou soa pola noite na casa	
0-4 anos	NON	NON	NON	
5-6 anos	NON	NON	NON	
7-8 anos	NON	NON	NON	
9 anos	SI durante o día	NON	NON	
10-11 anos	SI, con acceso rápido a unha persoa adulta (teléfono)	SI, con acceso rápido a unha persoa adulta (teléfono)	NON	
12-14 anos	SI	SI	NON	
15-17 anos	SI	SI	SI	

Sempre que se indique "SI", os pais, as ou as persoas que exerzan a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente teñen que valorar a situación concreta e tomar medidas para previr calquera incidente ou contratempo que poida producirse. Ha de terse coidado con deixar a adolescentes de 15 a 17 anos sen unha persoa adulta responsable pola noite.

	Fóra da casa sen unha persoa adulta	Só ou soa no coche durante un tempo limitado	Pode coidar outros nenos, nenas ou adolescentes
	NON	SI, agás se fai moito frío ou calor; á vista dunha persoa adulta e atado na súa cadeira; coas chaves quitadas e o freo de man posto	NON
	SI, en zona de xogo ou xardín con acceso inmediato a unha persoa adulta (con supervisión visual ou a unha distancia que permita oír ou falar co neno ou nena)	SI, agás se fai moito frío ou calor; á vista dunha persoa adulta e atado na súa cadeira; coas chaves quitadas e o freo de man posto	NON
	SI, con acceso a unha persoa adulta	SI, agás se fai moito frío ou calor; coas chaves quitadas e o freo de man posto	NON
	SI	SI, coas chaves quitadas e o freo de man posto	NON
	SI	SI, coas chaves quitadas e o freo de man posto	NON
	SI	SI	SI, con instrucións claras
	SI	SI	SI

- ➔ A diferenza entre o “abandono” e a “neglixencia en supervisión” céntrase na intención -sexa explícita ou observable- do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda de volver para facerse cargo do neno, nena ou adolescente. Nos casos de abandono, tal intención non existe, polo menos a curto prazo.
- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto). Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente.
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) na presenza e frecuencia de déficits con relación á supervisión do neno, nena ou adolescente tanto dentro coma fóra do domicilio familiar e (2) no grao de ameaza que tales déficits supoñen para a súa integridade física do neno, nena ou adolescente. **É importante ter en conta as características particulares do neno, nena ou adolescente (idade, capacidade intelectual etc.) á hora de considerar as súas necesidades de supervisión.**

### 1. Non presente

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda supervisan adecuadamente e no momento preciso as actividades do neno, nena ou adolescente dentro e fóra do domicilio. Saben onde está e que está a facer, con quen está e cando volverá. Póñense límites precisos e adecuados ás súas actividades. Cando non están, deixan o neno, nena ou adolescente a cargo dunha persoa adulta responsable ou, se se trata dun ou dunha adolescente, é o bastante maior como para non necesitar que ningunha persoa adulta o coide.

### 2. Risco leve

- **Nenos e nenas menores de seis anos:** Aínda que **non é o habitual**, en ocasións o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda teñen **dificultades para vixiar o neno ou nena no domicilio e/ou fóra del**. Hai algúns momentos nos que non están pendentes del ou dela e non saben o que está a facer, téñeno fóra do seu campo visual, aínda que saben onde está. O neno ou nena pode estar a facer cousas que non debe. Con todo, non sufriu ningunha lesión ou dano físico grave por iso e o seu pais, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **poderían acceder a el ou ela nun tempo razoable se hai unha emerxencia**.
- **Nenos e nenas entre seis e doce anos:** O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda teñen **dificultades para vixiar o neno ou nena cando están no domicilio**. Non adoitan estar pendentes del ou dela e non sempre saben o que está a facer, pero sempre saben onde está. O neno ou nena está a miúdo facendo cousas que non debe. Ás veces, implícase en xogos violentos. Con todo, non sufriu ningunha lesión ou dano físico por iso e o seu pais, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **poderían acceder a el ou ela nun tempo razoable se hai unha emerxencia. Preocúpase por supervisar as actividades do neno ou nena fóra do domicilio**.
- **Adolescentes (13 anos ou máis):** O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **póñenlle normas** ao ou á adolescente e **xeralmente fanllas cumprir**, pero o adolescente ás veces convénceos para que **lle permitan ou toleren certas actividades contrarias ao seu criterio** (por exemplo, chegar ao domicilio demasiado tarde, acudir a lugares dos que non hai información suficiente ou onde non hai ningunha persoa adulta que se responsabilice del ou dela).

### 3. Gravidade moderada

- **Nenos e nenas menores de seis anos:** O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda teñen **dificultades para vixiar o neno ou nena no domicilio e/ou fóra del**. É **bastante frecuente que non estean suficientemente pendentes del ou dela e non saiban o que está a facer**, pérdeno do seu campo visual, aínda que saben onde está. O neno ou nena pode estar a facer cousas que non debe. Con todo, non sufriu ningunha lesión ou dano físico grave por iso o seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **poderían acceder a el ou ela nun tempo razoable se houbese unha emerxencia**.
- **Nenos e nenas entre seis e doce anos:** O neno ou nena xoga na rúa á beira do domicilio. O seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **poden saber onde está, pero non o comprobán o bastante a miúdo**. Pode depender moito doutras persoas que estea vixiado ou vixiada. É posible que non poidan acceder rapidamente ao lugar onde está a xogar se fose necesario. **En ocasións, deixouse o neno ou nena ao coidado dunha persoa incompetente** (por exemplo, outro neno ou nena pequena, unha persoa adulta incapacitada). Con todo, o neno ou nena nunca sufriu lesións como consecuencia disto.
- **Adolescentes (13 anos ou máis):** O/a adolescente implícase a miúdo en actividades non apropiadas sen que o seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda o saiban; **a miúdo non saben onde está. Ás veces non se esforzan o suficiente para descubrir ata onde pode chegar o/a adolescente ou non reaccionan coas sancións necesarias cando se incumpren as normas. Mostran preocupación pola situación**. Teñen dificultades para conseguir o respecto do ou da adolescente, pero non o perderon completamente. Pode ser frecuente que o deixen só ou soa pola noite no domicilios.

### 4. Gravidade elevada

- De forma habitual, déixase un **nenou nena entre seis e doce anos sen supervisión durante un tempo excesivo** (ver o cadro da páxina anterior) **ou a cargo dunha persoa non competente** (por exemplo, outro neno ou nena pequena, un ou unha adolescente claramente non responsable, unha persoa adulta incapacitada). O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno ou nena vixíano pouco dentro e/ou fóra do domicilio. Pode atoparse sen supervisión adecuada nunha área moi perigosa (por exemplo, hai unha alta probabilidade de que o atople un coche, de que caia por unha ventá ou de que se queime) ou nunha área insegura onde existen elementos perigosos (por exemplo, acceso a cristais rotos, produtos químicos, aparellos eléctricos...). O pai e a nai ou os adultos que exercen a súa tutela ou garda a miúdo non saben onde está ou que está facendo durante o día, pero asegúranse de que estea no domicilio ou saben onde está pola noite. Hai nenos ou nenas maiores ou adolescentes que non saben onde están o seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda pola noite ou cando van volver, aínda que son capaces de pedir axuda ante unha emerxencia. Pode que o neno, nena ou adolescente ande por zonas descoñecidas. En xeral, **fáiselle demasiado responsable da súa propia seguridade. Pode que o neno ou nena sufrise un dano físico ou que fose agredido por outra persoa como consecuencia desta situación. Existe un risco claro de que isto ocorra ou de que se vexa sometido ou sometida a unha situación de estrés importante**.
- **Adolescentes (13 anos ou máis):** A miúdo o/a adolescente permanece fóra do domicilio toda a noite, **sen que o seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda saiban onde está ou cando volverá. Normalmente non saben o que está a facer e non fan nada para sabelo**. Mostran pouco ou ningún interese polas súas actividades tanto dentro coma fóra do domicilio mentres estas non lles causen problemas. Poden dicir que non poden controlalo ou defender a independencia do ou da adolescente (“ten que descubrir por si mesmo como é o mundo”). O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou a garda non se preguntan acerca do diñeiro ou dos obxectos que o adolescente obtén fóra do domicilio ou do feito de que frecuente a compañía de persoas adultas descoñecidas ou non apropiadas ou outros ou outras adolescentes con serios problemas de adaptación. ○

O adolescente **fuxiu** do domicilio. O pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda non saben onde está ou non o saben con seguridade e **non levaron a cabo ningunha acción nin teñen previsto facelo para asegurarse de que se atopa ben**.

## 5. Gravidade moi elevada

- De forma habitual, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non exercen unha supervisión continuada -ou non garanten que outra persoa competente o faga- sobre un neno ou nena menor de seis anos. Vixían pouco o neno ou nena dentro e/ou fóra do domicilio. . Pode atoparse sen supervisión adecuada nunha área moi perigosa (por exemplo, alta probabilidade de que o atropele un coche, de que caia por unha xanela ou de que se queime) ou nunha área insegura onde existen elementos perigosos (por exemplo, acceso a cristais rotos, produtos químicos, aparellos eléctricos).
- De forma habitual ou ocasional déixase un neno ou nena menor de seis anos sen supervisión durante un tempo excesivo (ver o cadro das páxinas previas) ou a cargo dunha persoa non competente (por exemplo, outro neno ou nena menor de doce anos, un ou unha adolescente claramente non responsable, unha persoa adulta incapacitada) e o seu pai, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda non volven ou non poderían volver antes de que o neno ou nena tivese necesidades básicas sen satisfacer (por exemplo, recibir alimento ou auga, evitar un accidente, pedir axuda ante unha emerxencia, ir ao baño).
- Deixouse un neno, nena ou adolescente con historia de actos perigosos ou destrutivos graves (por exemplo, ideas suicidas, comisión de incendios) sen supervisión adecuada.
- Deixouse un neno, nena ou adolescente a cargo dunha persoa con historia previa de violencia física ou sexual cara a outro neno, nena ou adolescente, unha circunstancia coñecida polo pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou a garda.
- En máis dunha ocasión deixouse o neno, nena ou adolescente nunha situación que pon en risco a súa vida ou non se tomaron as medidas preventivas adecuadas para afastalo de perigos realmente graves (por exemplo, neno ou nena menor de doce anos con armas de fogo ou elementos realmente perigosos ao seu alcance; neno ou nena menor de tres anos preto dunha piscina sen supervisión; bebé na bañeira sen vixilancia).
- Un neno ou nena de doce anos ou menos fuxiu do domicilio. O pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda non saben onde está ou non o saben con seguridade e non levaron a cabo ningunha acción nin teñen previsto facelo para asegurarse de que se atopa ben.

**Pode que o neno, nena ou adolescente sufrise un dano físico ou fose agredido ou agredida por outra persoa como consecuencia dalgunha destas situacións. Existe un risco claro de que isto ocorra ou de que se vexa sometido ou sometida a unha situación de estrés importante.**

## PROTECCIÓN ANTE SITUACIÓN DE MALTRATO GRAVE PERPETRADAS POR OUTRAS PERSOAS

Esta situación só se aplica se a persoa (maior ou menor de idade) que maltratou, abusou<sup>25</sup>, agrediu ou ameazou o neno, nena ou adolescente foi alguén diferente ao seu pai, á súa nai ou á persoa ou persoas que exerzan a súa tutela ou garda. Inclúense situacións de vitimización en relacións de noivado.

- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinalase cun punto). Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) no coñecemento por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda do que lle estaba ocorrendo ao neno, nena ou adolescente, (2) na súa capacidade para percibir os sinais de que iso se estaba producindo e (3) na adecuación<sup>26</sup> da súa resposta ante a situación.
- ➔ Para determinar se os malos tratos, agresión ou violencia sexual perpetradas por unha terceira persoa foron graves, tomaranse como referencia os criterios de gravidade elevada ou moi elevada descritos ao longo do instrumento.
- ➔ A denominación “malos tratos, agresión ou violencia” fai referencia a todas as tipoloxías (carácter físico/psicolóxico/sexual, por acción/omisión).
- ➔ Nesta tipoloxía non hai cualificación de risco leve.

### 1. Non presente

- O neno, nena ou adolescente foi obxecto de malos tratos, agresión ou violencia sexual graves por unha terceira persoa a pesar do feito de que o seu país, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda tivesen bo xuízo. Non parecía haber ningún indicador previo de que se fosen dar os malos tratos, agresión ou violencia sexual e/ou tomaban as precaucións razoables para tentar protexer o neno, nena ou adolescente de calquera posible maltrato. Unha vez coñecido o sucedido, restrinxiron ou tentaron controlar de maneira adecuada o contacto co neno, nena ou adolescente das persoas responsables dos malos tratos, agresión ou violencia sexual. En caso de necesitalo, procuraron proporcionarlle ao neno, nena ou adolescente a axuda profesional apropiada.

### 2. Gravidade moderada

- O neno, nena ou adolescente **foi obxecto de malos tratos, agresión ou violencia sexual graves por unha terceira persoa**. O seu país, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **non tiveron bo xuízo para previr esa situación** (por exemplo, esa terceira persoa tiña acceso ao neno, nena ou adolescente sen restricións nin límites); **non captaron os sinais, evidentes segundo o xuízo profesional, que indicaban o risco** de que se producisen os malos tratos, agresión ou violencia sexual. Non foron coñecedores do que pasaba. **Reaccionaron rápida e razoablemente ante o incidente** (por exemplo, denunciando a persoa culpable ou pedindo axuda) e **aceptan a axuda ofrecida polos servizos sociais**.

<sup>25</sup> Convén reparar en que as situacións de **violencia sexual perpetrada por persoas familiares ou achegadas que forman parte da unidade convivente non** deberán ser cualificadas **nesta escala**, senón na de **violencia sexual**.

<sup>26</sup> Nesta escala, valorarase exclusivamente a adecuación da resposta do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para preservar a protección do neno, nena ou adolescente, independentemente da eficacia da devandita resposta.

### 3. Gravidade elevada

- O neno, nena ou adolescente **foi obxecto de malos tratos, agresión ou violencia sexual graves por unha terceira persoa**. O seu país, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **non tiveron bo xuízo para previr esa situación** (por exemplo, esa terceira persoa tiña un acceso ao neno, nena ou adolescente sen restricións nin límites); **non captaron os sinais, evidentes segundo o xuízo profesional, que indicaban o risco** de que se producisen malos tratos, agresión ou violencia sexual. Non foron coñecedores do que pasaba. Ao coñecer o ocorrido, hai algunhas evidencias de que tentaron detelo pero non o conseguiron. **Non tomaron medidas suficientemente rápidas nin lle limitaron o acceso** ao neno, nena ou adolescente da persoa responsable dos malos tratos, agresión ou violencia sexual. Manifestan preocupación, pero **non toman un papel suficientemente activo ou eficaz para previr a repetición dos malos tratos, agresión ou violencia sexual**, co que mostran pouca capacidade para afrontar esta situación.

### 4. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente **foi obxecto de malos tratos, agresión ou violencia sexual graves por unha terceira persoa**. A pesar de que o seu país, a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **eran coñecedores diso**, mantiveron un **papel pasivo sen protexelo** ou finxiron que non sabían que estaba a pasar. **Non tomaron ningunha medida para acabar con iso ou impedir que os incidentes se repetisen**. Pode que neguen os malos tratos, a agresión ou a violencia sexual e non recoñezan o perigo en que se atopaba o neno, nena ou adolescente. Pode que o culpen a el ou ela. Non o denunciaron nin buscaron axuda de forma inmediata.

## C - NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES COGNITIVAS

### ESTIMULACIÓN

- A gravidade da negligencia con relación a este tipo de necesidades determínase en función (1) da intensidade e frecuencia do comportamento negligente do pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente, (2) da idade do neno, nena ou adolescente e (3) da gravidade das secuelas observables no neno, nena ou adolescente.
- En situacións en que a gravidade do comportamento negligente do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda é moderada (ver a primeira epígrafe da devandita categoría), pero o neno, nena ou adolescente sofre un dano grave como consecuencia diso, a gravidade cualificarase como elevada.

#### 1. Non presente

- Aínda que se produzan algunhas das condutas cualificadas como negligencias coas necesidades de estimulación, son de baixa intensidade e esporádicas. A interacción entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente caracterízase polo coñecemento, toma en consideración e atención adecuada ás súas necesidades de estimulación<sup>27</sup>.

#### 2. Risco leve

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **non lle proporcionan de forma suficientemente consistente experiencias enriquecedoras ou educativas fóra do ámbito escolar**, dirixidas a desenvolver as súas habilidades cognitivas ou a responder ás súas necesidades de estimulación e aprendizaxe. **Mostran pouca iniciativa**. Normalmente prefiren que se entretaña só ou soa con xoguetes, televisión, Internet ou similar. Déixanlle ver calquera programa na televisión ou en Internet, aínda que poden desaprobalo verbalmente. Concédennlle pouca importancia ao xogo ou ás actividades lúdicas; **raramente xogan ou comparten este tipo de actividades co neno, nena ou adolescente, pero permítenlle facelo**. Non hai unha atención consistente das necesidades de estimulación e aprendizaxe do neno, nena ou adolescente no fogar. Implica **condutas socialmente toleradas** (por exemplo, interacción e comunicación cotiá moi limitada co neno, nena ou adolescente, excesiva delegación da súa estimulación en terceiras persoas).
- Con todo, debido ao papel doutros axentes dentro ou fóra da familia ou a outro tipo de factores compensadores, **isto non provocou nin se prevé que provoque síntomas de dano ou atraso no desenvolvemento significativos no neno, nena ou adolescente**.

<sup>27</sup> Para unha listaxe máis ampla de indicadores, ver o [anexo II](#) - "Taxonomía de necesidades básicas na infancia e na adolescencia e indicadores para a súa avaliación".

### 3. Gravidade moderada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **non lle proporcionan de forma suficientemente consistente experiencias enriquecedoras ou educativas fóra do ámbito escolar** dirixidas a desenvolver as súas habilidades cognitivas ou a responder as súas necesidades de estimulación e aprendizaxe. **Mostran pouca iniciativa en que o neno, nena ou adolescente alcance logros evolutivamente normais**, aínda que **permiten as súas iniciativas**. Normalmente, prefiren que aprenda ou que se entreteña só ou soa con xoguetes, xogos ou a televisión. Déixanlle ver calquera programa na televisión, aínda que poden desaprobalo verbalmente. Conceden pouca importancia ao xogo ou ás actividades lúdicas; **raramente xogan ou comparten este tipo de actividades co neno, nena ou adolescente pero permítenlle facelo**. Hai certa restrición á espontaneidade. Permiten que o neno, nena ou adolescente se desenvolva cunha mínima guía pola súa banda. **A comunicación é limitada** e depende en xeral do estado de humor do pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda. Non hai unha atención consistente e suficiente ás necesidades de estimulación e aprendizaxe do neno, nena ou adolescente. **E**
- Esta situación prodúcese de maneira **frecuente, aínda que se alterna con momentos de interacción adecuada**. **E**
- **Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada a estas necesidades que **compensen eses déficits**. **E**
- O neno, nena ou adolescente atópase nunha situación de **risco de sufrir un dano ou un atraso no desenvolvemento graves** (ver a definición) e valorar se hai datos razoables para pensar que o devandito risco é **consecuencia do patrón de negligencia** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda).

### 4. Gravidade elevada

- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moi elevada cara a un neno ou nena maior de seis anos ou un adolescente**, pero aínda que o neno, nena ou adolescente presenta **síntomas de dano, non son de carácter grave** (ver a definición). Con todo, estes síntomas **non só non melloran, senón que evolucionan cara a unha maior gravidade** e hai datos razoables para pensar que son **consecuencia do patrón de negligencia** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica. **Ou**
- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moderada con relación ao comportamento do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda e á ausencia de figuras alternativas na contorna familiar que compensen os seus déficits** (ver as dúas primeiras epígrafes). Aínda que a situación non é extrema, o neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é **consecuencia do patrón de negligencia** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

## 5. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **non lle proporcionan experiencias enriquecedoras ou educativas fóra do ámbito escolar** dirixidas a desenvolver as súas habilidades cognitivas ou a responder ás súas necesidades de estimulación e aprendizaxe. **Interfiren cos intentos do neno, nena ou adolescente por alcanzar logros evolutivamente normais ou mostran moi pouco interese** por iso (por exemplo, ter o neno ou nena no berce durante practicamente todo o tempo, non promover o desenvolvemento da linguaxe ou das súas capacidades físicas ou intelectuais, non proporcionarlle instrumentos de xogo ou aprendizaxe apropiados á idade, non recoñecer a necesidade do neno, nena ou adolescente de xogar ou realizar actividades lúdicas, non responder as súas preguntas, non presentarlle estímulos novos). **Normalmente, prefiren que se entreteña só ou soa** con xoguetes, xogos, a televisión ou similar. **A comunicación é monosilábica ou moi limitada ou é de natureza correctiva** (destacar os erros) en lugar de ser construtiva (razoar e mostrar o camiño adecuado). **E** Esta situación prodúcese de maneira **continuada, intensa e claramente perceptible, de xeito que é unha característica da relación** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. **E** **Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás súas necesidades de estimulación e **compensen eses déficits**. **E**
- **En nenos e nenas maiores de seis anos e adolescentes:** O neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave** e hai datos razoables para pensar que é **consecuencia do patrón de negligencia** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.
- **En nenos e nenas menores de seis anos:** A gravidade cualificarase como moi elevada, **independentemente de que o neno ou nena mostre ou non síntomas de dano ou atraso no desenvolvemento de carácter grave**.

## NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES FORMATIVAS

- ➔ Esta escala aplícase exclusivamente a idades de escolarización obrigatoria. (con excepción do cuarto descritor de “gravidade moderada”).
- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese con base (1) no grao de atención e supervisión do pai, da nai ou das as persoas que exercen a tutela ou garda cara ás necesidades formativas do neno, nena ou adolescente e (2) na súa resposta ante os problemas que este ou esta pode presentar a este nivel e ás demandas e orientacións do centro escolar.
- ➔ Nesta tipoloxía non hai cualificación de gravidade moi elevada.
- ➔ En casos de absentismo -definido como “faltas de asistencia non debidamente xustificadas que superen o 10 % do horario lectivo mensual”, segundo o [Decreto 229/2011, do 7 de decembro-](#), os centros escolares procederán á apertura do correspondente expediente. Corresponderalle ao profesor/a titor/a convocar en primeira instancia os pais, nais ou persoas que exerzan a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente e a este último, se procede por idade, para analizar e resolver a situación. Se esta actuación resultase infrutuosa, corresponderalle á xefatura de estudos actuar en segunda instancia. Se tras esta actuación a situación segue sen resolverse, a dirección do centro procederá a notificar a situación ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente e ao consello de residencia do alumno, de acordo co establecido no [Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia](#).

### 1. Non presente

- Pode que o neno, nena ou adolescente faltase varios días ao colexio, pero non máis que a maioría dos e das estudantes e sempre de forma xustificada.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda manteñen unha comunicación regular cos e coas responsables escolares, mostrando interese e apoiando a evolución do neno, nena ou adolescente. Cando houbo problemas, que poden ser serios, traballaron de maneira estreita co centro para abordalos e a súa resposta foi adecuada e consistente.

### 2. Risco leve

- O neno, nena ou adolescente **tende a faltar ao colexio máis a miúdo** que outros e outras estudantes, pero isto **non parece afectar o seu rendemento escolar**. En ningún caso superou o 10 % de ausencias non xustificadas do horario lectivo. En ocasións, o pai, nai ou persoas que exercen a garda ou tutela non xustificaron debidamente as devanditas ausencias. **O colexio queixouse algunha vez** ao pai e á nai ou ás persoas que exercen a tutela ou garda sobre isto, pero non se estableceu ningunha outra medida.
- O neno, nena ou adolescente ten algunhas **dificultades incipientes de comportamento, adaptación ou rendemento no centro escolar ou hai algúns problemas coa puntualidade** e, segundo a valoración dos e das responsables escolares, o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda deberían traballar en relación máis estreita co centro para abordalos. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **non lles dan suficiente importancia a estas dificultades**. Inclúese non dar suficiente importancia á necesidade de apoiar e supervisar as **tarefas escolares** do neno, nena ou adolescente.

- O neno, nena ou adolescente tivo **catro ou máis cambios de centro escolar** (asociados ou non a cambios no domicilio familiar) que, aínda que lle supuxeran un esforzo de adaptación, non afectaron de forma significativa o seu **comportamento, integración ou rendemento escolar** ou unicamente manifestou dificultades incipientes nalgunha desas áreas

### 3. Gravidade moderada

- O neno, nena ou adolescente **asiste ao colexio de maneira irregular**; faltou entre o 10 e o 50 % das xornadas escolares ao mes<sup>28</sup> ou falta a algunha hora ou horas determinadas do día ou a algunha materia ou materias concretas de forma constante, polo menos dúas veces por semana. Esta situación prodúcese **sen causa que o xustifique**, e é **consentida, encuberta ou propiciada polos propios pais** e nais ou persoas que exercen a tutela ou garda. Isto afectou de forma negativa o rendemento escolar do neno, nena ou adolescente. **O colexio queixouse varias veces** ao pai e á nai ou ás persoas que exercen a tutela ou garda, pero non tiveron **ningún resultado**.
- O neno, nena ou adolescente ten **dificultades significativas no contexto escolar** (por exemplo, asistencia irregular, problemas de incumprimento de normas, falta de respecto ao profesorado e compañeiros e compañeiras, atraso escolar, dificultades de concentración e atención) e o seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda non responden de maneira adecuada ás demandas do centro (inclúese a demanda de apoio e supervisión próxima ás **tarefas escolares**). **Poden manifestar preocupación, pero non adoptan medidas apropiadas e consistentes**.
- O neno, nena ou adolescente tivo **catro ou máis cambios de centro escolar** (asociados ou non a cambios no domicilio familiar), que afectaron negativamente e de forma **significativa o seu comportamento, integración ou rendemento escolar**. O seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda **poden manifestar preocupación, pero non adoptan medidas apropiadas e consistentes**.
- Adolescentes **maiores de 16 anos** que acabaron a escolarización obrigatoria con **escaso ou nulo aproveitamento**, pero non están preparados para un traballo nin queren seguir estudando, **non teñen ningunha actividade formativa ou laboral e non queren tela** e o seu pai e nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda non mostran **ningunha preocupación** pola súa situación **nin tentan promover que se implique nalgunha actividade formativa ou laboral**. Para cualificar esta situación de gravidade moderada, o mozo ha de presentar, ademais, **outros indicadores de desadaptación**.

28 De acordo co [Decreto 229/2011, do 7 de decembro](#), polo que se regula a atención á diversidade de alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG n.º 242 do 21.12.2011), considerárase absentismo as faltas de asistencia non debidamente xustificadas que superen o 10 % do horario lectivo mensual. A intervención nestes casos corresponde aos servizos sociais municipais, que actuarán de acordo ao establecido no [Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia](#).

#### 4. Gravidade elevada

- O neno, nena ou adolescente está en idade de escolarización obrigatoria (6-16 anos) e non está rexistrado nin se prevé a súa inscrición en ningún centro educativo oficial e o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda non lle proporcionan un programa educativo individualizado que responda as súas necesidades educativas<sup>29</sup>.
- Neno, nena ou adolescente que abandona a escolarización antes dos 16 anos, hai un 100 % de faltas non xustificadas, aínda que se atope matriculado, ou algunhas temporadas falta ao colexio durante varias semanas enteiras ou falta máis do que asiste. Esta situación prodúcese sen causa que o xustifique e é consentida, encuberta ou propiciada polos propios pais e nais ou persoas que exercen a tutela ou garda. O neno, nena ou adolescente necesita un longo traballo de recuperación para poñerse ao día no colexio. Houbo moitas queixas do centro ao pai e á nai ou persoas que exercen a tutela ou garda, pero non tiveron ningún resultado.
- O neno, nena ou adolescente ten dificultades serias no contexto escolar (por exemplo, absentismo superior ao 50 %, problemas severos de incumprimento de normas, serio atraso escolar, agresións ou ameazas a compañeiros e compañeiras) e o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda non responden ás demandas do centro **E** mostran unha total despreocupación respecto aos problemas do neno, nena ou adolescente e á súa evolución na contorna escolar ou son notoriamente inconsistentes (inclúese a ausencia total de apoio e supervisión das tarefas escolares en casos de nenos, nenas ou adolescentes con serio atraso escolar, a condición de que se produza asociada a algunha das circunstancias sinaladas anteriormente). Pode que lle atribúan ao centro os problemas do neno, nena ou adolescente. As dificultades do neno, nena ou adolescente poden derivar ou estar exacerbadas por frecuentes -catro ou máis- cambios de centro escolar (asociados ou non a cambios de domicilio).

<sup>29</sup> Se (1) o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda proporcionasen un programa educativo individualizado ao neno, nena ou adolescente que parece responder ás súas necesidades educativas e (2) non hai outros indicadores de desprotección, procederáse ao peche de expediente nos servizos sociais especializados. Este tipo de situacións non serán consideradas desprotección. Derivaranse á Inspección Educativa con copia á Fiscalía, indicándose que non se aprecian indicadores de desprotección e remitiranse a Educación para a valoración da adecuación do programa formativo proporcionado ao neno, nena ou adolescente.

## D - NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES EMOCIONAIS

Implica desatención ás necesidades de interacción e afecto, guía e orientación do neno, nena ou adolescente e o rexeitamento ou atraso na provisión de atención psicolóxica ou psiquiátrica a problemas emocionais graves no neno, nena ou adolescente ou necesidades especiais

- Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.
- Defínese **dano grave** como *“a presenza constatada no neno, nena ou adolescente dunha ou varias das seguintes circunstancias: (a) trastorno psicopatolóxico; (b) síntomas no rango clínico de ansiedade, depresión, retraemento ou conduta de rexeitamento, condutas agresivas ou autodestrutivas ou atrasos no desenvolvemento ou (c) problemas de comportamento ou síntomas de malestar emocional severos que comprometen seriamente o seu proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social e requiren tratamento especializado inmediato”*. A presenza de síntomas no rango clínico deberá establecerse con base na aplicación de técnicas diagnósticas obxectivas e/ou instrumentos que dispoñan de índices adecuados de fiabilidade e validez (ver a primeira parte do instrumento para unha descrición e criterios técnicos máis detallados).

### Situacións que implican gravidade moi elevada, elevada e moderada

#### INTERACCIÓN E AFECTO

- A gravidade da negligencia con relación a este tipo de necesidades determínase en función (1) da intensidade e frecuencia do comportamento negligente do pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente; (2) da idade do neno, nena ou adolescente e (3) da gravidade das secuelas observables no neno, nena ou adolescente.
- En situacións en que a gravidade do comportamento negligente do pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda é moderada (ver primeiro a epígrafe da devandita categoría), pero o neno, nena ou adolescente sofre un dano grave como consecuencia diso, a gravidade cualificarase como elevada.

#### 1. Gravidade moderada

- **De forma frecuente**, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente ignoran os seus intentos e necesidades de interactuar (ausencia de expresión de afecto, coidado e amor cara ao neno, nena ou adolescente) e non reflicten ningunha ou escasa emoción nas interaccións con el ou ela<sup>30</sup>. É tamén **frecuente** que non estean dispoñibles para lle axudar ao neno, nena ou adolescente cando o necesita ou cando require guía ou orientación. Con todo, esta situación **altérnase con períodos ou momentos en que a interacción é adecuada**. **E**

<sup>30</sup> Inclúe:

- Ter desapego e falta total de implicación respecto do neno, nena ou adolescente, ben por incapacidade ou por falta de motivación.
- Interactuar só cando é absolutamente necesario.
- Ausencia total de expresións de afecto, coidado e amor cara ao neno, nena ou adolescente.

- **Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás necesidades emocionais do neno, nena ou adolescente e que compensen eses déficits. **E**
- O neno, nena ou adolescente atópase nunha situación de **risco de sufrir un dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que o devandito risco é consecuencia do patrón de negligencia do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. O neno, nena ou adolescente pode presentar condutas problemáticas de carácter non severo e estas condutas poden constituír estratexias para obter atención.

## 2. Gravidade elevada

- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moi elevada cara a un neno ou nena maior de seis anos ou un ou unha adolescente**, pero aínda que o neno, nena ou adolescente presenta **síntomas de dano non son de carácter grave** (ver a definición). Con todo, estes síntomas **non só non melloran, senón que evolucionan cara a unha maior gravidade** e hai datos razoables para pensar que son consecuencia do patrón de negligencia do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica. **Ou**
- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moderada con relación ao comportamento do pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda e á ausencia de figuras alternativas na contorna familiar que compensen os seus déficits** (ver as dúas primeiras epígrafes). Aínda que a situación non é extrema, o neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é consecuencia do patrón de negligencia do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

## 3. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente ignoran os seus intentos e necesidades de interactuar (ausencia de expresión de afecto, coidado e amor cara ao neno, nena ou adolescente) e non reflicten ningunha ou escasa emoción nas interaccións con el ou ela. Os momentos de interacción adecuada ou atención ás necesidades emocionais do neno, nena ou adolescente son **inexistentes, esporádicos ou escasos**. Os intentos do neno, nena ou adolescente por obter a atención do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda poden acabar en hostilidade. **Nunca ou raramente** están dispoñibles para axudar ao neno, nena ou adolescente cando o necesita ou cando require de guía ou orientación. Tenden a non prestar atención ou a mostrarse indiferentes ante os seus intentos por conversar ou por incorporalos ás súas actividades. **E**
- Esta situación prodúcese de maneira **continuada, intensa e claramente perceptible e caracteriza a relación** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. **E**
- **Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás súas necesidades de interacción e afecto e que compensen eses déficits. **E**
- **En nenos e nenas maiores de seis anos e adolescentes**: O neno, nena ou adolescente **sofre un dano grave** e hai datos razoables para pensar que é consecuencia do patrón de negligencia do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

**En nenos e nenas menores de seis anos**: A gravidade cualificarase como moi elevada, **independentemente de que o neno ou nena mostre ou non síntomas de dano ou atraso no desenvolvemento de carácter grave**.

## ATENCIÓN ESPECÍFICA A PROBLEMAS EMOCIONAIS GRAVES OU NECESIDADES ESPECIAIS

- A gravidade da negligencia con relación a este tipo de necesidades determínase en función (1) da presenza de desatención clara por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda á necesidade do neno, nena ou adolescente de recibir tratamento psicolóxico ou psiquiátrico ou atención especializada pola presenza de problemas emocionais graves ou trastornos do desenvolvemento e (2) da severidade de tales problemas.
- Nesta tipoloxía non hai cualificación de gravidade moderada.

### 1. Gravidade elevada

- El padre y la madre o las personas que ejercen la tutela o guarda rechazan, se inhiben o actúan con un grave O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda rexeitan, inhíbense ou actúan cun grave atraso na busca de tratamento psicolóxico ou psiquiátrico ou atención especializada para **problemas emocionais graves** (ver a definición de “dano grave”) **ou necesidades especiais ou trastornos do desenvolvemento diagnosticados** no neno, nena ou adolescente, que aínda que **non poñen en risco a súa vida** requiren **tratamento imprescindible**. **OU** non cumpren ou son notoriamente inconsistentes no seguimento das indicacións dos ou das profesionais que lle están proporcionando tratamento ao neno, nena ou adolescente. Os problemas do neno, nena ou adolescente poden ter ou non a súa orixe no trato recibido na familia.

### 2. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda rexeitan, inhíbense ou actúan cun grave atraso na busca de tratamento psicolóxico ou psiquiátrico ou atención especializada para **problemas emocionais, necesidades especiais ou trastornos do desenvolvemento diagnosticados de gravidade extrema** no neno, nena ou adolescente que **poñen en risco a súa vida** (por exemplo, depresión severa, intento de suicidio, discapacidade que ameaza a vida) que requiren **tratamento imprescindible e urgente**. **OU** non cumpren ou son notoriamente inconsistentes no seguimento das indicacións dos ou das profesionais que lle están proporcionando tratamento ao neno, nena ou adolescente. Os problemas do neno, nena ou adolescente poden ter ou non a súa orixe no trato recibido na familia.

## NORMAS, LÍMITES, RUTINAS E TRANSMISIÓN DE VALORES MORAIS POSITIVOS<sup>31</sup>

- A gravidade da negligencia con relación a este tipo de necesidades determínase en función (1) do grao de desatención por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda a este tipo de necesidades do neno, nena ou adolescente e (2) da presenza de problemas comportamentais ou de adaptación persoal, familiar e/ou social no neno, nena ou adolescente ou do risco de que tales problemas aparezan no futuro próximo.
- Nesta escala considerárase o axuste das normas, límites e rutinas ás necesidades particulares de cada neno, nena ou adolescente derivadas das súas circunstancias específicas (por exemplo, idade, necesidades especiais, autonomía).
- Cando esta escala vaia asociada ás situacións descritas na escala de “incapacidade parental de control da conduta do neno, nena ou adolescente”, cualificarase exclusivamente nesta última. Con todo, se os problemas de conduta do neno, nena ou adolescente tivesen a súa orixe ou estivesen fortemente asociados a negligencia de gravidade moderada, elevada ou moi elevada en normas, límites, rutinas ou transmisión de valores morais positivos ben no pasado ou no momento actual farase referencia a iso no informe do caso.

### 1. Gravidade moderada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **raramente** poñen límites e normas e/ou orientan adecuadamente a conduta do neno, nena ou adolescente ou as normas, límites e rutinas son **con frecuencia claramente non apropiados** para as necesidades particulares do neno, nena ou adolescente pola súa **excesiva restrición ou laxitude**, que pode ir **acompañada de inconsistencia**. **E**
- O neno, nena ou adolescente presenta **problemas de comportamento ou adaptación** persoal, familiar e/ou social que se valora poden agravarse como consecuencia desta situación ou considérase moi **probable que tales problemas aparezan no futuro próximo**.

### 2. Gravidade elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **raramente** poñen límites e normas e/ou orientan adecuadamente a conduta do neno, nena ou adolescente ou as normas, límites ou rutinas son **claramente non apropiados e daniños** para as necesidades particulares do neno, nena ou adolescente pola súa **excesiva restrición ou laxitude**, que pode ir **acompañada de inconsistencia**. **Non hai transmisión de normas de comportamento e valores morais positivos**. **E**
- O neno, nena ou adolescente presenta **graves problemas comportamentais ou de adaptación** persoal, familiar e/ou social que son consecuencia desta situación ou vense reforzados por ela.

### 3. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **inhíbense totalmente** na súa función de poñer límites e/ou de orientar adecuadamente a conduta do neno, nena ou adolescente. A ausencia de límites, normas ou rutinas axustadas ás necesidades particulares do neno, nena ou adolescente é **absoluta e continuada**. **Non hai transmisión de normas de comportamento e valores morais positivos**. **E**
- O neno, nena ou adolescente presenta **graves problemas comportamentais ou de adaptación** persoal, familiar e/ou social que son consecuencia desta situación ou vense reforzados por ela.

<sup>31</sup> Coa expresión “transmisión de valores morais positivos” estase a aludir a promover condutas de respecto cara aos dereitos dos demais..

## Situacións que implican risco leve ou ausencia de risco/desprotección

(descrición xenérica de necesidades psicolóxicas)

### 1. Non presente

- Aínda que ocasionalmente poida haber elementos negativos na relación do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda cara ao neno, nena ou adolescente e se produzan algunhas das condutas cualificadas como negligencias coas necesidades psicolóxicas, estas son de baixa intensidade e esporádicas. A interacción entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente caracterízase polo coñecemento, toma en consideración e atención adecuada ás súas necesidades psicolóxicas.

### 2. Risco leve

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente préstanlles unha **atención insuficiente a algunhas das súas necesidades psicolóxicas** (afectivas, de comunicación, de estimulación, guía e orientación, límites á conduta, rutinas e predicibilidade na contorna, transmisión de normas de comportamento e valores morais). **Relaciónanse co neno, nena ou adolescente cando teñen tempo e priorizan de maneira frecuente as súas propias necesidades** ás do neno, nena ou adolescente. Implica **condutas socialmente toleradas** (por exemplo, interacción e comunicación cotiá practicamente inexistente ou moi limitada co neno, nena ou adolescente, excesiva delegación dos seus coidados en terceiras persoas) que, aínda que non provocaron síntomas de dano ou atraso no desenvolvemento no neno, nena ou adolescente, implican **carencias prexudiciais para o seu desenvolvemento óptimo** que poderían derivar no futuro en problemas emocionais e comportamentais.

## VIOLENCIA SEXUAL

Calquera clase de contacto e interacción sexual entre o pai, a nai, as persoas que exercen a tutela ou garda ou persoas familiares ou achegadas que forman parte da unidade convivente e o neno, nena ou adolescente, na que esa persoa, que posúe unha posición de poder ou autoridade sobre o neno, nena ou adolescente, usa este ou esta para a súa propia estimulación sexual, a do neno, nena ou adolescente ou as doutras persoas<sup>32</sup>. Inclúe tamén outras condutas que danan ou poden danar de forma significativa a sexualidade do neno, nena ou adolescente e o seu desenvolvemento posterior<sup>33</sup>.

- ➔ Esta tipoloxía refírese á violencia sexual perpetrada polo pai, a nai, as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente ou por persoas familiares ou achegadas que forman parte da unidade convivente. Nos casos de violencia sexual perpetrada por persoas diferentes ás sinaladas, valorarase e se é o caso cualificarase a tipoloxía de “Protección ante situacións de maltrato grave perpetradas por outras persoas” (ver “Neglixencias coas necesidades de seguridade”).
- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinalase cun punto).

### 1. Non presente

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda mostran un recoñecemento e aceptación positivas da sexualidade do neno, nena e adolescente e proporcionánlle unha adecuada educación e protección de riscos. Nunca se realizan manifestacións nin se exhiben actitudes negativas cara a outra persoa en razón da súa orientación sexual, identidade de xénero ou as súas características sexuais.

### 2. Risco leve

- En ocasións, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda realizan manifestacións ou mostran actitudes de non aceptación da orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais do neno, nena ou adolescente ou de manifestacións sexuais infantís normais á súa idade e condición. Ocasionalmente, poden realizar manifestacións ou exhibir actitudes negativas cara a outra persoa en razón da súa orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais. Poden tamén delegar totalmente noutras persoas (por exemplo, centro escolar) a educación sexual do neno, nena ou adolescente, aínda que o educan na protección de riscos. A pesar do anterior, a súa actitude é de aceptación cara á sexualidade do neno, nena e adolescente e a doutras persoas. Hai figuras alternativas na contorna familiar que proporcionan unha atención adecuada ás necesidades sexuais do neno, nena ou adolescente e compensan eses déficits. O neno, nena ou adolescente non manifesta síntomas de dano significativo nin se valora que hai risco de que se produza.
- Condutas que implican unha falta de respecto á necesidade de intimidade física do neno, nena ou adolescente (por exemplo, excesiva desinhibición con relación a cuestións de índole sexual, persoas adultas que se bañan ou comparten cama con nenos ou nenas xa maiores ou con adolescentes, malia que é posible para facelo de forma independente), pero sen intención de carácter sexual e sen que o neno, nena ou adolescente as perciba como ameazantes ou non apropiadas.

<sup>32</sup> Inclúese tráfico de persoas.

<sup>33</sup> A promoción no neno, nena ou adolescente de sentimentos de odio e desprezo e actitudes e condutas violentas ou sometemento cara a outras persoas por razón do seu sexo, orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais cualificarase na escala de “Corrupción”.

### 3. Gravidade moderada

- De forma **frecuente**, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda manifestan ou demostranlle ao neno, nena ou adolescente a súa **non aceptación da súa orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais ou de manifestacións sexuais infantís normais á súa idade e condición**, aínda que se **alternan con períodos ou momentos en que demostran aceptación cara á súa persoa**. **E**

**Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás necesidades sexuais do neno, nena ou adolescente que **compensen eses déficits**. **E**

O neno, nena ou adolescente encóntrase nunha situación de **risco de sufrir un dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que o devandito risco é consecuencia das accións do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. O neno, nena ou adolescente pode presentar condutas problemáticas de carácter non severo. Se a situación non se corrixe, as devanditas condutas poden evolucionar cara a unha maior gravidade.

### 4. Gravidade elevada

- **Exhibicionismo da persoa adulta** -por exemplo, exposición de xenitais, masturbación- para obter gratificación sexual ou tentar estimular sexualmente o neno, nena ou adolescente. Pódese forzar o neno, nena ou adolescente para que participase, pero este ou esta non o fixo.
- **Exposición a estímulos ou actividades sexuais explícitas sen implicación directa do neno, nena ou adolescente**. Realizáronse comentarios sexualmente provocativos cara a un neno, nena ou adolescente, fálaselle de temas sexuais sen un fin educativo, móstranselle materiais pornográficos ou non se lle protexe de ser exposto a actividades sexuais. Non houbo outro tipo de aproximación sexual.
- **Acosouse, forzouse ou propúxoselle ao neno, nena ou adolescente implicarse en actividades sexuais, pero non se produciron**.
- **Outras actividades sexuais**, como por exemplo axexar persoas espidas ou persoas practicando sexo.
- **Pauta crecente de condutas sexuais cuestionables** que teñen unha intención de carácter sexual e que son percibidas polo neno, nena ou adolescente como ameazantes ou non apropiadas (por exemplo, indiscreción de persoas adultas mentres manteñen relacións sexuais, persoas adultas que se bañan ou comparten cama cos nenos ou nenas xa maiores ou adolescentes, malia que hai espazo para facelo de forma independente).
- **Comprometer o casamento de nenos, nenas ou adolescentes menores de 16 anos**, aínda que estes o consintan.
- Sometemento a terapias **de aversión a nenos, nenas ou adolescentes pertencentes ao colectivo LGTBI**.
- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moderada con relación ao comportamento da nai, do pai ou das persoas que exercen a tutela ou garda e á ausencia de figuras alternativas na contorna familiar que compensen os seus déficits**. Aínda que a situación non é extrema, o neno, nena ou adolescente **sofre un dano grave no eido emocional ou na súa sexualidade** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é **consecuencia das accións** do seu pai e da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.
- Nena ou moza adolescente de quen se coñece ou sospeita que o seu pai e nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda teñen **intención de que se lle practique unha mutilación xenital** (en España ou no estranxeiro). **Importante: Se despois de ser informados** por parte dos servizos sociais da consideración legal da mutilación xenital feminina e das consecuencias que se derivarían diso, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda da nena ou adolescente **persisten na súa intención**, a gravidade do caso pasará a ser cualificada como **“moi elevada”**.

## 5. Gravidade moi elevada

- **Abuso sádico, ritual ou con violencia física.** Abuso sexual sádico ou ritual e/ou utilización da violencia física durante a actividade sexual.
- **Abuso sexual con contacto físico -con penetración-**. Abuso sexual con penetración -anal ou vaginal- ou contacto físico oral -co pene, vulva ou ano-. Inclúe intentos de penetración.
- **Abuso sexual con contacto físico -sen penetración-**. Abuso sexual con contacto físico -por exemplo, tocar os peitos ou os xenitais; facer que o neno, nena ou adolescente se ispa ante a persoa adulta; facer que o neno, nena ou adolescente toque ou estimule as zonas sexuais da persoa adulta; masturbación simultánea da persoa adulta e do neno, nena ou adolescente- aínda que sen penetración. Para ser cualificadas como violencia sexual, estas condutas han de ter como obxectivo a estimulación ou gratificación sexual da persoa adulta.
- **Utilización do neno, nena ou adolescente para a prostitución.** Permítese, promóvese ou fórzase o neno, nena ou adolescente para que teña relacións sexuais con outras persoas.
- **Utilización do neno, nena ou adolescente para actividades pornográficas.**
- **Mutilacións ou danos físicos ou intención de causalos en órganos de claro significado sexual.** Inclúe mutilación do clítoris, beizos menores ou maiores, mutilación de mamas ou presión con obxectos que impidan o seu crecemento ou similar.
- **De forma reiterada e intensa,** o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda manifestan ou demostranlle ao neno, nena ou adolescente a súa **non aceptación da súa orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais** ou de manifestacións **sexuais infantís normais á súa idade e condición.** **E:**
  - Esta situación prodúcese de maneira **continuada, intensa e claramente perceptible, caracterizando a relación** entre polo menos unha das figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. Os momentos de interacción adecuada ou atención ás necesidades afectivo-sexuais do neno, nena ou adolescente son **inexistentes ou esporádicos.** **E**
  - **Non hai figuras alternativas** na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás devanditas necesidades e que **compensen eses déficits.** **E**
  - O neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave emocional ou na súa sexualidade** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é **consecuencia das accións** do seu pai e da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

## MALOS TRATOS PSICOLÓXICOS

O neno, nena ou adolescente sufriu un dano grave nas áreas emocional, social, cognitiva ou afectivo-sexual ou hai risco de que o sufrira como consecuencia das accións do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. En determinados casos -ver a tipoloxía de “Exposición a situacións de violencia de parella ou entre membros da unidade convivente”- inclúe tamén as accións doutras persoas que forman parte da unidade convivente

- Defínese dano grave como “a presenza constatada no neno, nena ou adolescente dunha ou varias das seguintes circunstancias: (a) trastorno psicopatolóxico; (b) síntomas no rango clínico de ansiedade, depresión, retraemento ou conduta de rexeitamento, condutas agresivas ou autodestrutivas ou atrasos no desenvolvemento ou (c) problemas de comportamento ou síntomas de malestar emocional severos que comprometen seriamente o seu proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social e que requiren tratamento especializado inmediato”. A presenza de síntomas clínicos deberá establecerse con base na aplicación de técnicas diagnósticas obxectivas e/ou instrumentos que dispoñan de índices adecuados de fiabilidade e validez (ver a primeira parte do instrumento para unha descrición e criterios técnicos máis detallados)

### A - MALOS TRATOS EMOCIONAIS

- Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente.
- En xeral, esta tipoloxía non se define en base a un incidente illado —salvo se se trata dun incidente ou situación cun alto contido traumático—, senón como un patrón reiterado ou continuado de condutas negativas ou de interaccións destrutivas do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda cara ao neno, nena ou adolescente que provocan nel ou ela un dano grave ou que o colocan en risco de padecelo.

### TIPOS DE CONDUCTAS

#### Rexeitar

Actos verbais ou non verbais que rexeitan ou degradan o neno, nena ou adolescente. Inclúe:

- Desprezar, insultar, degradar e outras formas non físicas de tratamento hostil ou de rexeitamento.
- Avernoñar e/ou ridiculizar o neno, nena ou adolescente por mostrar emocións normais, tales como afecto, dor ou tristeza.
- Escoller sempre un determinado neno, nena ou adolescente para criticalo e castigalo, para facer a maioría de as tarefas domésticas ou para recibir menos premios.
- Humillación pública.
- Culpar o neno, nena ou adolescente do suicidio, morte, graves problemas físicos ou mentais dun membro da familia, violencia de parella ou similares.

## Aterrorizar

Ameazar o neno, nena ou adolescente cun castigo extremo, vago e sinistro ou con abandonalo, co propósito de crear nel ou nela un medo intenso. Ou colocar ou ameazar con colocar o neno, nena ou adolescente ou a persoas ou obxectos aos que quere en situacións evidentemente perigosas ou que lle provocan un medo intenso. Inclúe:

- Colocalo ou ameazalo con colocalo en circunstancias impredecibles, caóticas ou que lle provocan un medo intenso<sup>34</sup>.
- Establecer cara a el ou ela unhas expectativas ríxidas ou non realistas, coa ameaza de perda, dano ou perigo se esas expectativas non se alcanzan.
- Ameazar ou cometer violencia contra o neno, nena ou adolescente ou contra persoas ou obxectos queridos por el ou ela.

## Illar

Negarlle ao neno, nena ou adolescente as oportunidades para satisfacer as súas necesidades de interactuar e de comunicarse con iguais ou con outras persoas adultas dentro ou fóra do fogar. Inclúe:

- Confinar o neno, nena ou adolescente ou poñerlle limitacións non razoables sobre a súa liberdade de movemento na súa contorna.
- Poñerlle limitacións ou restricións non razoables respecto da relación cos seus iguais ou con outras persoas adultas na comunidade, o que inclúe a falta de acceso a oportunidades de lecer e á arte e á vida cultural.

## Restrición da autonomía

Coartar ou impedirle ao neno, nena ou adolescente alcanzar as cotas de autonomía e participación adecuadas á súa idade, promovendo ou permitindo condutas evolutivamente non apropiadas. Inclúe:

- Sobreimplicación, intrusividade e/ou dominación extremas sobre o neno, nena ou adolescente, sen permitirle expresar os seus sentimentos, opinións ou desexos ou creando un micro-mundo para el. Inclúe relacións simbióticas ou fusionais.
- Infantilización ou parentalización<sup>35</sup> do neno, nena ou adolescente.
- Utilización do neno, nena ou adolescente para a materialización dos desexos non cumpridos das persoas adultas.

## Sobreesixencia

- Sometemento ao neno, nena ou adolescente a unha presión excesiva en canto aos logros (académicos, físicos, comportamentais, responsabilidades para asumir etc.) que debe alcanzar ou ás responsabilidades que ha de asumir, malia estaren claramente por encima das posibilidades e capacidades do neno, nena ou adolescente, dada a súa idade e características ou, aínda que estean ao seu alcance, supóñenlle un estrés moi elevado e/ou unha grave restrición doutras necesidades ou actividades propias do seu estadio evolutivo. O neno, nena ou adolescente pode ser castigado ou retirárselle o afecto do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda por non cumprir as expectativas.

34 Cando o neno, nena ou adolescente sexa ameazado cunha agresión física, cualificarase na escala seguinte de ameazas “de agresión física”.

35 **Parentalización:** Asignación do rol parental ao neno, nena ou adolescente. Implica unha inversión de roles e a ausencia de límites claros entre os subsistemas parental e filial. O neno, nena ou adolescente asume un papel de adulto no que sacrifica as súas propias necesidades e tarefas evolutivas para satisfacer necesidades emocionais e de apoio do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda.

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente asígnanlle de forma habitual a realización de traballos domésticos ou de coidado doutros nenos ou nenas ou persoas enfermas ou discapacidade. Non asiste á escola por este motivo e/ou non dispón apenas de tempo para actividades lúdicas e descanso. Pode que estas tarefas lle sexan asignadas fóra do horario escolar ou en período festivo, o que implica unha limitación ou restrición total ou practicamente total do seu tempo libre e das súas oportunidades de relacionarse con iguais.

### Transmisión de impredicibilidade, inestabilidade e de inseguridade respecto ao futuro inmediato

A través da conduta ou de mensaxes verbais, trasládase ao neno, nena ou adolescente unha grave inseguridade sobre aspectos fundamentais do seu futuro inmediato (por exemplo, estabilidade das súas figuras adultas de referencia, unidade do núcleo familiar; nenos, nenas ou adolescentes en garda de feito que reciben ameazas repetidas do seu pai e/ou a súa nai de ser separados das súas figuras gardadoras). A inseguridade pode ser fundada ou infundada. Inclúense casos de síndrome de Munchausen por poderes nos que se lle transmite directa ou indirectamente ao neno, nena ou adolescente a mensaxe continuada de que a súa saúde está en grave perigo.

- ➔ **A gravidade dos malos tratos emocionais determínase en función (1) da intensidade e frecuencia do comportamento de maltrato do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente; (2) da idade do neno, nena ou adolescente e (3) da gravidade das secuelas observables no neno, nena ou adolescente.**
- ➔ **En situacións en que a intensidade do comportamento do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda é moderada (ver a primeira epígrafe da devandita categoría), pero o neno, nena ou adolescente sofre un dano grave como consecuencia diso, a gravidade cualifícase como elevada.**

### 1. Non presente

- Aínda que ocasionalmente poida haber elementos afectivos negativos na relación do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda cara ao neno, nena ou adolescente e se produzan algunhas das condutas cualificadas como malos tratos emocionais, estas son de baixa intensidade e esporádicas. A interacción entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente caracterízase polo coñecemento, toma en consideración e atención adecuada ás súas necesidades emocionais e sociais.
- Para unha listaxe máis ampla de indicadores, ver o [anexo II "Taxonomía de necesidades básicas na infancia e adolescencia e indicadores para a súa avaliación"](#).

### 2. Risco leve

- As condutas de malos tratos emocionais por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente prodúcense de maneira **repetida**, aínda que se alternan con **períodos ou momentos en que a interacción é adecuada**. Con todo, **hai figuras alternativas na contorna familiar que proporcionan unha atención adecuada ás necesidades emocionais e sociais do neno, nena ou adolescente que compensan eses déficits**. O neno, nena ou adolescente **non manifesta síntomas de dano significativo nin se valora que haxa risco de que se produza**.

### 3. Gravidade moderada

- As condutas de malos tratos emocionais prodúcense de maneira **repetida**, aínda que se alternan con **períodos ou momentos en que a interacción é adecuada**. **E**

Non hai figuras alternativas no ámbito familiar que proporcionen unha atención adecuada ás necesidades emocionais e sociais do neno, nena ou adolescente que **compensen eses déficits**. **E**

O neno, nena ou adolescente atópase nunha situación de **risco de sufrir un dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que o devandito risco é **consecuencia das accións** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. O neno, nena ou adolescente pode presentar condutas problemáticas de carácter non severo. Se a situación non se corrixe, as devanditas condutas poden evolucionar cara a unha maior gravidade.

#### 4. Gravidade elevada

- Danse as **circunstancias descritas no segundo apartado de gravidade moi elevada cara a un neno ou nena maior de seis anos ou un ou unha adolescente**, pero aínda que o neno, nena ou adolescente presenta **síntomas de dano non son de carácter grave** (ver a definición). Con todo, estes síntomas **non só non melloran, senón que evolucionan cara a unha maior gravidade** e hai datos razoables para pensar que son **consecuencia das accións** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica. **Ou**
- Danse as **circunstancias descritas como gravidade moderada con relación ao comportamento da nai, do pai ou das persoas que exercen a tutela ou garda e á ausencia de figuras alternativas na contorna familiar que compensen os seus déficits** (ver os dous primeiros parágrafos). Aínda que a situación non é extrema, o neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é consecuencia das accións do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

#### 5. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente protagonizaron en presenza deste ou desta un **acto extremo de malos tratos emocionais de alto contido traumático** (por exemplo, intento de suicidio, torturar ou matar un animal querido polo neno, nena ou adolescente para castigalo). O neno, nena ou adolescente sufriu un **medo e unha ansiedade intensos** e pode presentar **síntomas dun trastorno por estrés postraumático**.
- As condutas de malos tratos emocionais prodúcense de maneira **continuada, intensa e claramente perceptible, algo que caracteriza a relación** entre polo menos una das figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. Os momentos de interacción adecuada ou atención ás necesidades emocionais e sociais do neno, nena ou adolescente son **inexistentes ou esporádicos**. **E**

Non hai figuras alternativas na contorna familiar que proporcionen unha atención adecuada ás devanditas necesidades e que **compensen eses déficits**. **E**

**En nenos e nenas maiores de seis anos e adolescentes:** O neno, nena ou adolescente sofre un **dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que é **consecuencia das accións** do seu pai, da súa nai ou das persoas que exercen a súa tutela ou garda. A valoración da gravidade é independente de que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda busquen ou accedan a que o neno, nena ou adolescente reciba atención psicolóxica ou psiquiátrica.

**En nenos e nenas menores de seis anos:** A gravidade cualificarase como moi elevada, **independentemente de que o neno ou nena mostre ou non síntomas de dano ou atraso no desenvolvemento de carácter grave**.

## B - IMPLICACIÓN DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE EN CONFLITOS ENTRE AS FIGURAS PARENTAIS E CONFLITOS ENTRE AS FIGURAS PARENTAIS E OUTROS FAMILIARES SIGNIFICATIVOS PERTENCENTES AO NÚCLEO CONVIVENTE

### ➤ Definición:

- Esta escala aplícase a relacións ou rupturas familiares de alta conflictividade nas que un ou ambos os proxenitores, a través das súas condutas e actitudes, implican activamente o neno, nena ou adolescente no conflito. En ocasións, os proxenitores poden utilizar o neno, nena ou adolescente para danarse mutuamente ou para afastalo definitivamente da outra figura parental ou outros familiares significativos pertencentes ao núcleo convivente<sup>36</sup>. Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente sofre un dano psíquico grave ou atópase en risco de sufrilo ou vese seriamente limitada a súa capacidade para establecer ou manter unha relación adecuada e positiva con ambas as figuras parentais ou cos seus familiares significativos.
- Esta escala non se aplicará en casos de violencia de xénero.
- Cando esta situación se produza no marco dunha separación ou divorcio contenciosos, a súa valoración e a determinación da intervención para seguir corresponderá ás instancias xudiciais. Os servizos sociais intervirán cando os mecanismos/recursos xudiciais postos en marcha non resolvan o problema.
- Neste tipo de contextos altamente conflictivos, os nenos, nenas ou adolescentes poden expresar un rexeitamento intenso e mesmo o afastamento cara a algunha das figuras parentais. Isto pode obedecer a distintas causas. O rexeitamento pode ser a continuidade dunha relación pasada difícil ou pouco afectuosa co proxenitor rexeitado e pode incluso existir desprotección ou violencia cara a outros membros da familia. Pode tamén derivar da percepción do neno, nena ou adolescente de que o proxenitor rexeitado estivo ou está escasamente interesado por el ou ela ou de que é responsable da ruptura familiar e do sufrimento da figura parental “débil”, a quen sente que debe protexer. O rexeitamento tamén pode derivar da presión á que é sometido o neno, nena ou adolescente -tanto pola situación coma por un ou ambos os adultos implicados- a tomar partido por un dos proxenitores ou por unha das faccións ou bandos en que se dividiu a unidade familiar (conflito de lealdades ou cisma familiar).
- En ocasións, un ou ambos os proxenitores poden mostrar un patrón reiterado e intenso de condutas, estratexias ou accións dirixidas a deteriorar a relación do neno, nena ou adolescente co outro proxenitor ou con outros familiares significativos. Isto pode provocar un dano grave no neno, nena ou adolescente. Aínda que non é frecuente, este patrón pode derivar no rexeitamento inxustificable e extremo do neno, nena ou adolescente cara a unha das figuras parentais (instrumentalización). Este tipo de situacións existen -aínda que non son frecuentes- e non son exclusivas dun sexo determinado.
- Como se sinalou anteriormente, o rexeitamento intenso dun neno, nena ou adolescente cara a unha figura parental en contextos de separacións ou divorcios altamente conflictivos pode obedecer a múltiples causas, que deberán ser exploradas. Trátase de situacións moi complexas, cuxa análise e valoración implica necesariamente a avaliación de todos os membros da familia -proxenitores e nenos, nenas e adolescentes-. En xeral, non son responsabilidade dunha única persoa e obedecen a dinámicas relacionais familiares disfuncionais, en moitos casos presentes tamén antes da separación ou divorcio.

<sup>36</sup> Aínda que esta escala se aplica principalmente a familiares significativos que pertencen ao núcleo convivente, pode aplicarse tamén a familiares que non conviven co neno, nena ou adolescente sempre que sexan figuras significativas coas que o neno, nena ou adolescente mantén un vínculo afectivo estreito.

- **Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.**
- **A gravidade desta tipoloxía determínase en función (1) da intensidade do comportamento das figuras parentais e (2) do seu impacto no neno, nena ou adolescente e na calidade da súa relación coas figuras parentais/familiares significativos.**

### 1. Non presente

- A pesar de que poidan existir conflitos, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non implican nin utilizan o neno, nena ou adolescente neste e mantéñeno afastado das súas disputas. O neno, nena ou adolescente non ve dificultado o mantemento dunha relación estable e positiva con ambos os proxenitores e cos seus familiares significativo.

### 2. Risco leve

- Ocasionalmente, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda implicaron ou utilizaron o neno, nena ou adolescente no conflito familiar, pero iso non caracteriza a súa relación. En xeral, manteñen unha relación adecuada co neno, nena ou adolescente. O neno, nena ou adolescente pode atoparse en ocasións ante conflito de lealdades, pero non presenta síntomas de dano psíquico e é capaz de manter relación con ambas as figuras parentais e cos seus familiares significativos.

### 3. Gravidade moderada

- **Mesma situación que gravidade moi elevada**, pero o neno, nena ou adolescente **non presenta síntomas de dano psíquico nin perturbacións na relación ou no vínculo de apego** coas súas figuras parentais/un familiar significativo pertencente ao núcleo convivente. Valórase que hai unha **alta probabilidade de que eses síntomas se presenten nun futuro próximo** se a situación non se corrixe.

### 4. Gravidade elevada

- **Mesma situación que gravidade moi elevada**, pero os **síntomas de dano psíquico** que presenta o neno, nena ou adolescente **non son de carácter grave**, aínda que **non só non melloran, senón que evolucionan cara a unha maior gravidade** e hai datos razoables para pensar que estes problemas son consecuencia da devandita situación. A situación está a **dificultar seriamente o establecemento ou o mantemento dunha relación ou dun vínculo de apego positivo** entre o neno, nena ou adolescente e algunha das súas figuras parentais/un familiar significativo pertencente ao núcleo convivente.

### 5. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente é **implicado no conflito familiar de forma constante ou extremadamente intensa** por unha ou ambas as figuras parentais. Como consecuencia diso, o neno presenta síntomas de **dano psíquico grave** (ver a definición) ou mostra un **rexeitamento extremo e inxustificable cara a unha das figuras parentais/un familiar significativo pertencente ao núcleo convivente** e hai datos razoables para pensar que estes problemas son consecuencia da devandita situación.

## C - EXPOSICIÓN A SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE PARELLA OU ENTRE MEMBROS DA UNIDADE CONVIVENTE

- Cualifícase a existencia desta tipoloxía unicamente cando ningunha das figuras parentais sexa capaz de adoptar as medidas necesarias para deter ou controlar esta situación e protexer o neno, nena ou adolescente afastándoo da situación de violencia. A cualificación desta escala é independente de que o neno, nena ou adolescente sexa considerado “víctima de violencia de xénero” nos termos establecidos no artigo 1.1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Cualifícase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.
- A gravidade desta tipoloxía determínase en función (1) da intensidade e frecuencia da violencia física e verbal que se produce entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente e (2) da severidade do dano que tales situacións provocaron ou poden provocar no neno, nena ou adolescente.
- Inclúese violencia de xénero e violencia doméstica.

### 1. Non presente

- As figuras parentais ou os membros da unidade convivente resolven os seus conflitos sen utilizar a violencia física ou verbal. Aínda que pode haber incidentes illados de violencia verbal, o neno, nena ou adolescente non é testemuña deles.

### 2. Risco leve

- Nos últimos seis meses producíronse varios episodios de violencia verbal entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente, pero non violencia física. O neno, nena ou adolescente foi testemuña ou percibiu claramente algún deses episodios, aínda que as persoas implicadas procuraron que non se produzan na súa presenza. As figuras parentais e os membros da unidade convivente manteñen en xeral unha interacción adecuada co neno, nena ou adolescente. O neno, nena ou adolescente non presenta síntomas de dano asociados a esta situación nin se valora que hai risco de que se produza, aínda que pode mostrar signos de malestar ante os episodios de violencia verbal.

### 3. Gravidade moderada

- Mesma situación que gravidade elevada, pero o neno, nena ou adolescente:
  - Non sufriu nin se atopou en claro risco de sufrir un dano físico grave ou moi grave como consecuencia desa situación.
  - Pode presentar síntomas de dano asociados a esta situación que, aínda que non son de carácter grave, pode que exista unha alta probabilidade de que se presenten nun futuro próximo se a situación non se corrixe.
- Nos últimos seis meses producíronse episodios frecuentes de violencia verbal entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente, pero non violencia física. O neno, nena ou adolescente foi testemuña ou percibiu claramente algúns deses episodios. Presenta síntomas de dano asociados a esta situación que, aínda que non son de carácter grave, poderían evolucionar cara a unha maior gravidade se a situación non se corrixe. A pesar diso, as figuras parentais e os membros da unidade convivente manteñen períodos ou momentos de interacción adecuada co neno, nena ou adolescente.

#### 4. Gravidade elevada

- Nos últimos seis meses, producíronse episodios de **violencia física e episodios continuados de violencia verbal explícita e intensa** entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente. O neno, nena ou adolescente foi **testemuña destes episodios ou percibiunos claramente E**:
  - Sufriu ou atopouse en claro risco de sufrir un **dano físico grave**<sup>37</sup> como consecuencia desa situación, **e/ou**
  - Presenta síntomas de **dano grave** (ver a definición) e hai datos razoables para pensar que son consecuencia da devandita situación.
- Nos últimos seis meses, un membro da unidade convivente **ameazou as figuras parentais con danar ou facer desaparecer o neno, nena ou adolescente**.

#### 5. Gravidade moi elevada

- Produciuse o **homicidio ou asasinato** dalgún membro da unidade convivente por parte doutro membro desta.
- O neno, nena ou adolescente **foi testemuña ou percibiu claramente polo menos unha agresión física moi grave** (a agresión provocou lesións que requiriron ingresos hospitalarios, ameazas con armas potencialmente mortíferas ou similar) entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente.
- Houbo **episodios de violencia física moi grave** (a agresión provocou lesións que requiriron ingresos hospitalarios, ameazas con armas potencialmente mortíferas ou similar) entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente dos que o neno, nena ou adolescente **non foi testemuña nin percibiu claramente** e valórase que hai un risco elevado de que tales episodios se repitan e poñan en **serio perigo a vida ou integridade física do neno, nena ou adolescente**.
- Nos últimos seis meses producíronse episodios de **violencia física e episodios continuados de violencia verbal explícita e intensa** entre as figuras parentais ou os membros da unidade convivente. **O neno, nena ou adolescente implicouse ou foi implicado** nestes episodios **e** sufriu ou atopouse en claro risco de sufrir un **dano físico moi grave**<sup>38</sup> como consecuencia diso.

37 Cualificar o dano físico grave segundo os criterios recollidos na escala de “malos tratos físicos”.

38 Cualificar o dano físico moi grave segundo os criterios recollidos na escala de “malos tratos físicos”.

## D - AMEAZAS DE AGRESIÓN FÍSICA

- **Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.**
- **A gravidade desta tipoloxía determínase en función (1) da severidade do dano co que se ameaza ao neno, nena ou adolescente; (2) do temor que as ameazas provocan no neno, nena ou adolescente e (3) do risco de que as ameazas se materialicen.**

### 1. Non presente

- Non se deron ameazas verbais ou físicas de malos tratos ou dano cara ao neno, nena ou adolescente. As ameazas de castigo corporal de carácter leve (ver a definición na tipoloxía de malos tratos físicos) non se deben considerar como “ameazas de dano físico”.

### 2. Risco leve

- **Ameaza verbal implícita sen valoración de que se materialice:** Non houbo ameazas directas e específicas de malos tratos ou dano cara ao neno, nena ou adolescente ou húbóas de forma **ocasional**, aínda que o pai, a nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda se senten **excedidos por el ou ela, temen poder facerlle dano, provocar un accidente** etc. Valórase que estas ameazas son manifestación da súa frustración e **non hai ningunha razón aparente que faga pensar que se van materializar.**

### 3. Gravidade moderada

- **Ameaza verbal implícita:** Non houbo ameazas directas e específicas de malos tratos ou dano cara ao neno, nena ou adolescente, aínda que o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda manifestan **sentirse excedidos por el ou ela, temen poder facerlle dano, provocar un accidente** etc. (por exemplo, persoas adultas baixo situacións de estrés elevado ou excedidas pola crianza de nenos e nenas moi pequenas). Esas ameazas indirectas fan pensar que hai un **risco de que o neno, nena ou adolescente sufra un dano físico significativo** ou que sexa obxecto de negligencia. O pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda poden ou non pedir axuda para evitar materializar as súas ameazas.

### 4. Gravidade elevada

- **Ameaza verbal directa de dano físico grave, sen dano real:** En varias ocasións, houbo ameazas verbais directas e específicas de maltrato ou dano cara ao neno, nena ou adolescente. As ameazas inclúen accións que, se se levasen a cabo, lle provocarían un **dano físico importante** (por exemplo, ameazas de malos tratos físicos graves, de privación excesivamente prolongada de auga ou comida). As ameazas producíronse de forma premeditada ou nunha situación de perda total de control por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda. Non se produciu ningún dano nin lesión física, pero esta situación provocou no neno, nena ou adolescente un **medo intenso**. Aínda que non houbo ningún intento de levar a cabo tales ameazas, valórase **posible que poidan materializarse.**

## 5. Gravidade moi elevada

- Ameaza directa de dano físico extremadamente grave, sen dano real: Colocouse polo menos nunha ocasión o neno, nena ou adolescente en **situacións moi perigosas** (por exemplo, ao bordo dunha xanela, sobre auga fervendo) e **ameazouse con inflixirlle un dano extremadamente grave**. Ou ameazóuselle con matalo, para o que se puido utilizar armas (coitelos, escopetas etc.). As ameazas producíronse de forma premeditada ou nunha situación de perda total de control por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda. Non se produciu ningún dano nin lesión física, pero esta situación provocou no neno, nena ou adolescente un **medo intenso**. Valórase **posible que tales ameazas poidan repetirse ou materializarse**.

## ABANDONO

### → Inclúe as seguintes situacións:

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente déixano só ou soa deliberadamente sen intención de volver.
  - Acordaron con terceiras persoas que estas asuman o coidado do neno, nena ou adolescente e, unha vez transcorrido o tempo acordado, non volven para facerse cargo del ou dela e as terceiras persoas xa non poden asumir o seu coidado durante máis tempo.
  - Deixan frecuentemente o neno, nena ou adolescente baixo a responsabilidade de diferentes persoas (descoñecidas ou pouco familiares para el ou ela) sen acordar ou dispoñer dun plan estable para asegurar a súa atención ou unha previsión temporal para a delegación da responsabilidade<sup>39</sup>.
  - Néganse a asumir a atención do neno, nena ou adolescente tras a súa saída dun centro residencial.
- A diferenza entre o “abandono” e a “neglixencia en supervisión” céntrase na intención -sexa explícita ou observable- do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda de volver para facerse cargo do neno, nena ou adolescente. Nos casos de abandono, tal intención non existe, polo menos a curto prazo.
- Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinalase cun punto).
- A gravidade desta tipoloxía determínase en función (1) da duración e da frecuencia de ocasións en que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda delegan en terceiras persoas o coidado do neno, nena ou adolescente; (2) das circunstancias en que se produciu tal delegación (persoas en quen se delega e preparación do neno, nena ou adolescente) e (3) da intención do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda de volver asumir o coidado do neno, nena ou adolescente.

### 1. Non presente

- Danse as circunstancias descritas en Risco leve, pero trátase dun neno ou nena maior de oito anos ou dun ou dunha adolescente.
- Hai constancia de que as figuras parentais lle proporcionaron un coidado estable ao neno, nena ou adolescente.
- Unha das figuras parentais non permaneceu de forma estable no domicilio familiar ou está fóra durante un período prolongado de tempo (debido a motivos laborais, internamento nalgún tipo de centro etc.). Pode que as figuras parentais estean legalmente separadas, polo que a figura non custodia só mantén visitas co neno, nena ou adolescente. Esta situación requiriu axustes na vida dos membros da familia.

### 2. Risco leve

En nenos e nenas menores de oito anos, algúns cambios inesperados nas persoas adultas que asumen o seu coidado:

<sup>39</sup> A delegación do coidado cotián do neno, nena ou adolescente en persoas inadecuadas ou non a suficientemente responsables recóllese e cualifícase na tipoloxía de “Neglixencias coas necesidades de seguridade”- Supervisión.

- Durante o último ano, un neno ou nena menor de oito anos tivo que ser atendido en polo menos dúas ocasións e durante un período de tempo superior a un mes por unha persoa que non o coida habitualmente e non é familiar nin achegada, pero o pai, a nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda non o abandonaron de forma repentina. Durante a súa ausencia, manteñen contacto co neno ou coa nena. Sempre volveron para volver asumir o seu coidado ou espérase que o fagan nun breve prazo.

### 3. Gravidade moderada

Numerosos cambios inesperados nas persoas adultas que asumen o coidado do neno, nena ou adolescente sen impacto emocional negativo serio nel ou nela:

- Danse as situacións descritas no apartado anterior, pero o neno, nena ou adolescente ten un desenvolvemento adecuado e non mostra síntomas de estrés ou alteración emocional derivados diso.

### 4. Gravidade elevada

Numerosos cambios inesperados nas persoas adultas que asumen o coidado do neno, nena ou adolescente con impacto emocional negativo serio nel ou nela:

- O neno, nena ou adolescente experimentou no último ano máis de tres cambios nas persoas adultas que asumen o seu coidado. O seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda deixárono repentinamente durante longos períodos de tempo a cargo doutras persoas non adecuadas ou con persoas que o atenderon adecuadamente pero que son descoñecidas ou pouco familiares para el ou ela.
- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente deixárono repentinamente sen preparalo para iso. Durante o último ano, o neno, nena ou adolescente viviu en polo menos tres núcleos familiares diferentes a cargo de persoas que non son familiares nin achegadas. Con todo, o seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda sempre volveron para asumir o seu coidado. O neno, nena ou adolescente non foi abandonado ou abandonada de forma definitiva.

**Esta situación provocou unha intensa situación de estrés ou forte alteración emocional no neno, nena ou adolescente.**

## 5. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente foi **abandonado** polo seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda **na rúa ou no hospital e desapareceron**.
- Hai constancia de que o neno, nena ou adolescente **foi deixado só** polo seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda e **non teñen intención de volver ou de permitir que o neno, nena ou adolescente retorne ao domicilio**.
- O neno, nena ou adolescente vive de casa en casa. O seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda **non viven con el ou ela desde hai un ano ou máis** e a situación non parece ser temporal. **Non teñen contacto** co neno, nena ou adolescente ou este é **practicamente inexistente**. **Delegan completamente** en terceiras persoas o coidado do neno, nena ou adolescente. Non hai plans claros respecto do seu futuro.
- O neno, nena ou adolescente foi deixado nun **centro residencial**. O pai, a nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda rexeitan volver asumir o seu coidado.
- O neno, nena ou adolescente é **deixado ao coidado doutras persoas** (inclúe, por exemplo, centro hospitalario) sen ser capaces de establecer un **plan definido para facerse cargo do seu coidado**. Aínda que non desapareceron totalmente da vida do neno, nena ou adolescente, **a súa presenza é breve e intermitente** (pode que exclusiva ou maioritariamente telefónica), **non exercen funcións de garda** e, en calquera caso, non cobren as necesidades do neno, nena ou adolescente tendo en conta a súa idade e necesidades particulares.

## INCAPACIDADE PARENTAL DE CONTROL DA CONDUCTA DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

- En xeral, esta tipoloxía implica a adolescentes ou a nenos ou nenas de idades próximas.
- Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente.
- A gravidade desta tipoloxía determínase en función (1) da presenza e gravidade de problemas externalizados de adaptación persoal, familiar, social ou escolar do neno, nena ou adolescente e (2) da capacidade do pai e da nai ou das persoas que exercen a súa tutela e garda para controlar e resolver tales problemas.
- A capacidade do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para controlar a conduta dun neno, nena ou adolescente con comportamentos problemáticos non só depende da súa vontade ou das súas habilidades parentais, senón tamén do tipo e intensidade dos problemas do neno, nena ou adolescente. Os casos de nenos, nenas ou adolescentes con problemas externalizados de carácter grave (ver descrición nas categorías de gravidade moi elevada e elevada) cuxa conduta non poida ser controlada a pesar de que o seu pai e nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda desexen facelo e mostren habilidades parentais adecuadas, serán cualificados como de gravidade elevada ou moi elevada. A implicación dos servizos sociosanitarios na atención a estes casos resulta imprescindible, particularmente cando existen trastornos psicopatolóxicos ou adicións graves no neno, nena ou adolescente (diagnosticados ou dos que exista sospeita).
- É frecuente que os problemas do neno, nena ou adolescente teñan a súa orixe ou estean asociados a unha situación de negligencia pasada ou actual de gravidade moderada, elevada ou moi elevada en normas, límites, rutinas e transmisión de valores morais positivos (ver a escala correspondente). Se fose así, farase referencia a iso no informe do caso.

### 1. Non presente

- O neno, nena ou adolescente presenta dificultades de adaptación ou condutas de oposición dentro e fóra do domicilio características ou frecuentes na súa etapa evolutiva, o que pode provocar discusións ou conflitos na familia, aínda que esta situación non caracteriza as relacións familiares. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda utilizan en xeral estratexias adecuadas para o control e o manexo das condutas inadecuadas do neno, nena ou adolescente. En xeral, conseguen chegar a acordos razoables. Non hai violencia física nos conflitos; pode haber violencia verbal, pero é ocasional e, posteriormente, o pai e a nai ou as persoas que exercen a tutela ou a garda do neno, nena ou adolescente son capaces de falar sobre iso e resolver o conflito. Hai unha relación afectiva positiva entre eles. En xeral, o neno, nena ou adolescente respecta as normas establecidas polo seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, aínda que pode mostrar oposición nun primeiro momento.

### 2. Risco leve

- **Problemas na familia:** Hai algúns conflitos entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente, pero hai aspectos importantes na súa relación que son positivos. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda tentan manexar eses problemas, aínda que con frecuencia non utilizan estratexias adecuadas ou non saben como facelo. Houbo algúns intentos por resolver os problemas, pero pode que non tivesen éxito. O

nenos, nenas ou adolescentes pode ser excluído temporalmente dalgúns actividades familiares ou pódenselle quitar algúns privilexios. Pode haber **incidentes de violencia verbal** entre os membros da familia, aínda que **non violencia física**. Hai **risco de que o conflito se agudice**.

- **Problemas fóra da familia:** O neno, nena ou adolescente presenta **algúns problemas de adaptación** persoal, social e/ou escolar que son **característicos ou frecuentes na preadolescencia e adolescencia**. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda tentan facerlles fronte, aínda que **con frecuencia as estratexias de control ou disciplina que utilizan non son adecuadas**. Pode haber **incidentes de violencia verbal** entre os membros da familia, aínda que **non violencia física**. Hai **risco de que os problemas do neno, nena ou adolescente se agudicen**.

### 3. Gravidade moderada

- **Problemas na familia:** Hai un **grave conflito** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. As relacións familiares son moi conflitivas, **hai discusións e agresións verbais frecuentes, non houbo agresións físicas serias**. Pode producirse algunha **ameaza de agresión** entre os membros da familia. A **conduta do neno, nena ou adolescente é moi problemática** no domicilio. Pode que houbese algúns intentos de resolver os problemas. A **convivencia é difícil**, aínda que hai **aspectos da relación** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente que son **positivos**. Hai **risco de que o conflito se agudice**.
- **Problemas fóra da familia:** O neno, nena ou adolescente presenta **problemas significativos de adaptación** persoal, social e/ou escolar. Pode haber dificultades de comportamento e faltas de asistencia ao centro escolar, resistencia xeneralizada a acatar as normas, pequenas condutas delituosas, inicio de consumo de drogas e/ou alcol, relacións con persoas de contornas marxinais ou delituosas, condutas incipientes de risco no uso de novas tecnoloxías (redes sociais, dispositivos electrónicos etc.), aínda que hai **áreas nas que o seu funcionamento é adecuado**. Hai un **vínculo afectivo positivo** entre o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda e o neno, nena ou adolescente. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **non poden controlar** os problemas do neno, nena ou adolescente. Hai **risco de que os problemas do neno, nena ou adolescente se agudicen**.
- Pode haber algunha **fuga** do domicilio asociada a estas situacións.

### 4. Gravidade elevada

- **Problemas na familia (ÍDEM Á PRIMEIRA EPÍGRAFE DE GRAVIDADE MOI ELEVADA):** Hai un grave conflito entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. As relacións familiares son moi conflitivas; houbo **ameazas de agresións físicas** entre os membros da familia ou poden producirse; hai **agresións verbais continuas de alta intensidade**; a **conduta do neno, nena ou adolescente é extremadamente problemática** no domicilio. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non poden controlar a situación, séntense desbordados. A **convivencia é moi difícil**. Con todo, tanto eles como o neno, nena ou adolescente **aceptan axuda profesional para resolver as súas dificultades e evitar a saída do neno, nena ou adolescente do domicilio familiar**.
- **Problemas fóra da familia (ÍDEM Á PRIMEIRA EPÍGRAFE DE GRAVIDADE MOI ELEVADA):** A conduta do neno, nena ou adolescente é **extremadamente problemática e desadaptada** no ámbito persoal, social e escolar. Pode haber condutas delituosas; agresións a outros nenos, nenas ou adolescentes ou a persoas adultas; absentismo escolar; consumo de drogas ou alcol; condutas de risco no uso de novas tecnoloxías (redes sociais, dispositivos electrónicos etc.) e/ou condutas sexuais de risco. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non poden controlar a situación, séntense desbordados. Con todo, tanto eles como o neno, nena ou adolescente **aceptan axuda profesional para resolver as súas dificultades e evitar a saída do neno, nena ou adolescente do domicilio familiar**.
- Pode haber **fugas prolongadas** do domicilio asociadas a estas situacións.

## 5. Gravidade moi elevada

- **Problemas na familia:** Hai un **grave conflito** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente. As relacións familiares son moi conflitivas; houbo **ameazas de agresións físicas** entre os membros de la familia ou poden producirse; hai **agresións verbais continuas de alta intensidade** entre as figuras parentais e o neno, nena ou adolescente; a **conduta do neno, nena ou adolescente é extremadamente problemática** no domicilio. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non poden controlar a situación, séntense desbordados. Pode que rexeiten o neno, nena ou adolescente e que lle atribúan a responsabilidade de todos os problemas. Pode que o neno, nena ou adolescente se opoña totalmente a calquera tipo de intervención e queira saír do domicilio. **A convivencia é inviable ou insostible. Non hai posibilidade, polo menos neste momento, de desenvolver unha intervención de apoio mantendo o neno, nena ou adolescente no domicilio, dada a oposición ou falta de colaboración deste ou esta e/ou do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda.**
- **Problemas fóra da familia:** A conduta do neno, nena ou adolescente é **extremadamente problemática e desadaptada** no eido persoal, social e escolar. Pode haber condutas delituosas; agresións a outros nenos, nenas ou adolescentes ou a persoas adultas; absentismo escolar; consumo de drogas ou alcol; condutas de risco no uso de novas tecnoloxías (redes sociais, dispositivos electrónicos etc.) e/ou condutas sexuais de risco. O pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda **desenténdense da súa responsabilidade** en canto ao control sobre o neno, nena ou adolescente ou maniféstanse **totalmente incapaces** diso; pode que minimicen a importancia dos problemas do neno, nena ou adolescente ou que os atribúan ao exterior. **Nin o pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda, nin o neno, nena ou adolescente buscaron nin aceptan axuda externa ou dispuxeron dela e non se reflectiu ningún resultado.**
- Pode haber **fugas prolongadas** do domicilio asociadas a estas situacións.

## OUTRAS

### A - MALOS TRATOS PRENATAIS

- **Definición:** Comportamento da nai ou do pai de tipo intencionado ou negligente que se produce durante a xestación e provoca que o neno acabado de nacer padeza enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais graves.
- Os malos tratos prenatais terán sempre a cualificación de gravidade elevada ou moi elevada.
- A existencia de malos tratos prenatais determinarase unha vez que o bebé naza e ha de existir unha valoración médica que asocie o comportamento parental durante a xestación e as enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais do bebé.
- Exclúense os bebés nados con síndrome de abstinencia cuxas nais se atopan en tratamento con metadona baixo seguimento médico e sen consumo de drogas.
- A interrupción voluntaria do embarazo fóra dos prazos legalmente establecidos para iso ten a súa correspondente consideración penal. Serán considerados malos tratos prenatais e determinarase o seu nivel de gravidade de acordo cos criterios que se presentan a continuación.
- Debe **diferenciarse os malos tratos prenatais do risco prenatal**. Mentres que o primeiro constitúe unha situación de desprotección e a súa presenza debe determinarse unha vez que o bebé naceu, o risco prenatal aplícase ao período da xestación. No risco prenatal, os servizos sociais comunitarios deberán actuar de forma preventiva e, en calquera caso, procederán a realizar unha avaliación completa da situación do bebé unha vez que este naza. O artigo 17.9 da Lei Orgánica 1/1996 (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia) presta unha atención especial ao risco prenatal<sup>40</sup>.

#### 1. Gravidade moi elevada

- **Bebé nado con síndrome alcohólico-fetal, de abstinencia, danos neurolóxicos ou resultados positivos en presenza de drogas** como consecuencia do consumo abusivo de drogas, alcol ou outras substancias da nai durante o embarazo<sup>41</sup>.
- **Bebé nado con enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais graves** que supoñen unha ameaza para a súa vida, implican unha incapacidade ou deterioración permanente de carácter grave ou colócano en risco de sufrir tal incapacidade ou deterioración. **Hai unha valoración médica que relaciona as devanditas enfermidades ou anomalías co comportamento da nai ou do pai durante a xestación.**

40 "Entenderase por situación de risco prenatal a falta de coidado físico da muller xestante ou o consumo abusivo de substancias con potencial adictivo, así como calquera outra acción propia da muller ou de terceiros tolerada por esta que prexudique o normal desenvolvemento ou que poida provocar enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais no neno acabado de nacer" (art. 17.9, da Lei orgánica 1/1996, na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

41 En ocasións, a síndrome ou os danos tardan varios días en manifestarse.

## 2. Gravidade elevada

- Hai unha **valoración médica ou notificación** que indica que a **neglixencia nalgúns coidados médicos ou sanitarios** durante o embarazo (por exemplo, exposición a ambientes nocivos, consumo de alcol, marihuana ou outras substancias) **provocou** que o bebé naza de forma **prematura** ou con **baixo peso e con risco de trastornos no neurodesenvolvemento**. A embarazada **non modificou o seu comportamento** a pesar das indicacións profesionais realizadas nese sentido.
- **Intento de interrupción voluntaria do embarazo** levado a cabo **fóra dos prazos** legalmente establecidos.

## B - TRATO INAPROPIADO<sup>42</sup>

### PRIVACIÓN DELIBERADA DE COMIDA OU AUGA

De forma deliberada ou intencionada non se lle proporcionou ao neno, nena ou adolescente comida ou auga durante polo menos un día (período inferior para nenos ou nenas pequenas) ou déuselle unha cantidade mínima de comida e/ou comida nutritivamente inadecuada durante varios días.<sup>43</sup>

- Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente en base (1) ao impacto que a situación tivo na saúde do neno, nena ou adolescente e (2) á experimentación de fame e sede.

#### 1. Non presente

- Ocasionalmente, hai algunha restrición deliberada ou intencional de comida dentro dos límites culturalmente aceptados (por exemplo, mándaselle ao neno, nena ou adolescente á cama sen cear). Nunca se nega a auga.
- Nunca se priva o neno, nena ou adolescente deliberada ou intencionadamente de comida e auga cando a hai. Iso nunca se utiliza como forma de castigo. Pode haber restricións nalgúns tipos de comida (por exemplo, doces, sobremesas). Esta restrición pode ser una medida disciplinaria ou obedecer a razóns de saúde, económicas etc.

#### 2. Risco leve

- Utilízase como **estratexia disciplinaria** a privación deliberada ou intencional de **comida**. Aínda que o tipo de castigo utilizado se atopa **dentro dos límites culturalmente aceptados** (por exemplo, mándaselle ao neno, nena ou adolescente á cama sen cear), utilízase **de forma demasiado frecuente ou habitual**. **Nunca se lle nega a auga**.

#### 3. Gravidade moderada

- Castigouse o neno, nena ou adolescente con privación deliberada de comida ou auga. **A privación excede os límites culturalmente aceptados**. Isto sucedeu **nunha ou varias ocasións**, pero **non de maneira frecuente ou habitual**. O neno, nena ou adolescente nunca mostrou síntomas clínicos de desnutrición ou deshidratación, aínda que puido pasar moita fame ou sede.

#### 4. Gravidade elevada

- Debido á privación deliberada de comida ou auga, o neno, nena ou adolescente padece **algúns síntomas físicos de desnutrición ou deshidratación**. A súa situación require **atención médica e unha dieta de rehabilitación**. **Non se require hospitalización por razóns médicas**, aínda que pode que se hospitalice o neno, nena ou adolescente temporalmente para a súa propia seguridade.
- De forma **habitual ou frecuente castígase** o neno, nena ou adolescente coa privación deliberada de comida ou auga. Aínda que **non hai síntomas clínicos de desnutrición ou deshidratación**, o neno, nena ou adolescente pode pasar **moita fame ou sede**.

42 Aspectos que convén ter en conta para valorar este tipo de situacións: (1) idade do neno, nena ou adolescente e (2) duración da situación.

43 Inclúense situacións equiparables de privación de necesidades físicas (por exemplo, descanso).

## 5. Gravidade moi elevada

- Como consecuencia da privación deliberada de comida ou auga, o neno, nena ou adolescente está tan **gravemente desnutrido ou deshidratado** (por exemplo, importante perda de peso, malnutrición, deshidratación, anemia) que **require ser hospitalizado por razóns médicas**.

## CONFINAMENTO OU RESTRICIÓN FÍSICA

- ➔ **Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).**
- ➔ **A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base (1) na duración e métodos utilizados para o confinamento ou a restrición física dos movementos do neno, nena ou adolescente e (2) no dano que a devandita situación provocou ou pode provocar no neno, nena ou adolescente.**

### 1. Non presente

- En ocasións, utilízase o confinamento no propio domicilio para disciplinar o neno, nena ou adolescente, pero dentro dos parámetros culturalmente aceptados (por exemplo, mantelo sen saír do seu cuarto durante un tempo razoable de acordo coa súa idade e características ou non permitirle saír a xogar ou estar cos amigos ou amigas en todo o día, algunhas tardes entre semana ou durante toda a fin de semana), pero nunca se restrinxe a súa mobilidade atándoo ou suxeitándoo. Non se lle coloca en ningunha situación de perigo físico ou emocional.
- Prodúcese a situación anterior de forma habitual ou frecuente cun ou cunha adolescente con comportamento social de alto risco.
- O neno, nena ou adolescente nunca é encerrado, atado ou confinado deliberadamente como forma de castigo.

### 2. Risco leve

- Utilízase o confinamento no propio domicilio habitualmente para disciplinar o neno, nena ou adolescente. Aínda que sempre é **dentro dos parámetros culturalmente aceptados** (por exemplo, mantelo sen saír do seu cuarto durante un tempo razoable de acordo coa súa idade ou características ou non permitirle saír a xogar ou estar con amigos ou amigas en todo o día, algunhas tardes entre semana ou durante toda a fin de semana) e **nunca se restrinxe a súa mobilidade atándoo ou suxeitándoo**, utilízase de forma **habitual ou con excesiva frecuencia**. Este criterio non se aplica cando se trata de adolescentes con comportamento social de alto risco.

### 3. Gravidade moderada

- O confinamento e/ou a restrición utilízanse **de maneira inaceptable desde o punto de vista dos costumes culturais** (por exemplo, o neno, nena ou adolescente é confinado no seu cuarto todo o día e toda a noite ou a súa mobilidade vese restrinxida fisicamente con ataduras, enganches etc., pero non máis dunhas horas). A utilización destas estratexias **non é habitual ou frecuente, pero produciuse en varias ocasións**.

#### 4. Gravidade elevada

- O confinamento e/ou a restrición utilízanse **de maneira inaceptable desde o punto de vista dos costumes culturais** e constitúen unha pauta disciplinaria habitual ou frecuente. Por exemplo, o neno, nena ou adolescente é confinado no seu cuarto todo o día e toda a noite ou a súa mobilidade vese restrinxida fisicamente (con ataduras, enganches etc.), pero non máis dunhas horas.

#### 5. Gravidade moi elevada

- O neno, nena ou adolescente é confinado nun cuarto durante varios días ou máis; é confinado nun espazo reducido ou escuro (por exemplo, baño, armario) independentemente do tempo que estea; non se lle permite saír á rúa durante unha semana ou máis; privación sensorial ou colocación nunha situación que lle provoca medo; restrición dos movementos mediante enganches, ataduras, cadeas etc. durante un ou máis días. Isto sucedeu en **polo menos unha ocasión**. O neno, nena ou adolescente sufriu un **dano físico** (por exemplo, feridas ou queimaduras por ataduras) como consecuencia desta situación ou manifesta unha **tensión ou malestar emocional serio** ou existe **potencial para que sufra este tipo de dano**.
- A **duración** do confinamento ou restrición física é **menor**, pero produciuse **varias veces** e as persoas adultas **non sempre están preto do neno, nena ou adolescente para supervisalo ou para ofrecerlle axuda se a necesita**.
- A **duración** do confinamento ou restrición física é **menor**, pero utilizouse cun **nenou nena menor de seis anos ou de máis idade, con limitacións físicas, intelectuais ou trastornos de saúde mental**.

### EXPULSIÓN OU NEGACIÓN DA ENTRADA AO DOMICILIO

- ➔ **Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente cuxa situación está a ser avaliada.**
- ➔ **A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base (1) na idade e capacidades do neno, nena ou adolescente; (2) no grao en que o pai, a nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda se aseguraron de que o neno, nena ou adolescente tiña algún lugar seguro ao que ir e (3) no perigo que a situación supuxo para o estado físico e/ou emocional do neno, nena ou adolescente.**

#### 1. Non presente

- Nunca se lle nega ao neno, nena ou adolescente a entrada ao domicilio nin se lle expulsou. Isto non se utiliza nunca como estratexia disciplinaria ou de castigo.

#### 2. Risco leve

- En **polo menos unha ocasión** negóuselle a un ou unha **adolescente** (13 anos ou máis) o acceso ao seu domicilio ou foi expulsado del. Pode que fuxiuse e o seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda se negaran a acollelo de novo. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **sabían que tiña algún lugar ao que ir** (parente, amigo ou amiga, veciño ou veciña) e o/a adolescente era capaz de ir alí. En caso de pasar a noite fóra do domicilio, **estivo nun lugar seguro**.

### 3. Gravidade moderada

- Nunha ocasión, impedíuselle a un ou unha adolescente (13 anos ou máis) a entrada no domicilio ou expulsóuselle do domicilio **sen que tivese ningún sitio ao que ir**. Pode que fuxise e o seu pai e a súa nai ou as persoas que exercen a súa tutela ou garda se negasen a acollelo de novo. Pode que acudise á policía ou aos servizos sociais a pedir axuda. Como consecuencia desta situación, o/a adolescente puido sufrir un accidente ou enfermidade que requiriu atención médica, puido ser vítima dalgunha agresión física ou sexual ou verse implicado en accións delituosas. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **non souberon valorar de forma apropiada o perigo** en que o colocaban.

### 4. Gravidade elevada

- En varias ocasións, impedíuselle a un ou unha adolescente (13 anos ou máis) a entrada no domicilio ou expulsouse do domicilio **sen que tivese ningún sitio ao que ir**. Pode que fuxise e o seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda se negasen a acollelo de novo. Como consecuencia desta situación, o/a adolescente puido sufrir un accidente ou enfermidade que requiriu atención médica, puido ser vítima dalgunha agresión física ou sexual ou verse implicado en accións delituosas. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **non souberon valorar de forma apropiada o perigo** en que o colocaban.

### 5. Gravidade moi elevada

- En polo menos unha ocasión impedíuselle a un neno ou nena de doce anos ou menos -ou maior, pero cunha limitación física ou intelectual significativa- a entrada no domicilio ou foi expulsado do domicilio **sen que tivese ningún sitio ao que ir**; o neno ou nena tivo que pedirlle axuda a unha persoa estraña; pode que estivese varias horas na rúa con mal tempo. Como resultado de negarlle o acceso ao seu domicilio ou de expulsalo del, o/a adolescente puido sufrir un accidente ou enfermidade, un contratempo grave (por exemplo, foi agredido física ou sexualmente, sufriu un roubo) ou atopouse en claro perigo de que iso sucedese. A situación provocoulle unha **tensión ou un malestar emocional serio**.

## C - CORRUPCIÓN

- Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base (1) na severidade das condutas antisociais do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda; (2) no grao en que permiten ou promoven a exposición ou participación do neno, nena ou adolescente en tales condutas e (3) no impacto que a situación tivo ou pode ter na adaptación social do neno, nena ou adolescente.

### 1. Non presente

- As persoas adultas que conviven habitualmente co neno, nena ou adolescente e exercen responsabilidades respecto á súa garda non presentan condutas delituosas ou desviadas e exercen un control adecuado sobre as condutas incipientes desta índole que poida presentar o neno, nena ou adolescente. Representan modelos adecuados de adaptación e comportamento social.

### 2. Risco leve

- **Algunha das persoas adultas** que conviven habitualmente co neno, nena ou adolescente e exercen responsabilidades respecto da súa garda presentaron **condutas delituosas de carácter menor** (por exemplo, furtos sen violencia) ou protagonizaron **episodios ocasionais de consumo abusivo de alcol e/ou drogas ou manifestacións de odio, desprezo, violencia ou sometemento cara a outras persoas por razón do seu sexo, relixión, orixe, raza ou etnia, orientación sexual, condicións físicas ou similar** que puideron ser coñecidas polo neno, nena ou adolescente, pero este dispón de figuras adultas de referencia na súa contorna familiar que exercen como **modelos positivos**.

### 3. Gravidade moderada

- **Modelos parentais inadecuados:**
  - **Algunha ou algunhas das persoas adultas** que conviven habitualmente co neno, nena ou adolescente e exercen responsabilidades respecto da súa garda representan un modelo inadecuado para o neno, nena ou adolescente por estar implicados en **condutas antisociais ou desviadas (de maior ou menor gravidade) ou promover no neno, nena ou adolescente sentimentos de odio e desprezo e actitudes e condutas violentas ou sometemento cara a outras persoas** por razón do seu sexo, relixión, orixe, raza ou etnia, orientación sexual, condicións físicas ou similar. Con todo, esta situación **non é claramente perceptible polo neno, nena ou adolescente** na súa interacción cotiá e/ou dispón de figuras adultas de referencia na súa contorna familiar que exercen como **modelos positivos** que ata o momento parecen **contrarrestar** o potencial efecto negativo dos modelos adultos inadecuados. O neno, nena ou adolescente presenta **problemas incipientes de adaptación social ou non presenta problemas desta índole**, aínda que podería chegar a desenvolveselos no futuro.
  - O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda maniféstanse ou compórtanse ante o neno, nena ou adolescente cunha **actitude permisiva** cara ao **consumo regular ou ocasionalmente excesivo de alcol** ou cara ao consumo de **drogas socialmente consideradas de menor poder destrutivo**, aínda que **non lle facilitan** ao neno, nena ou adolescente o acceso a estas substancias.

#### 4. Gravidade elevada

- **Modelos parentais asociais:** O fogar no que vive o neno, nena ou adolescente constitúe un **modelo de vida inadecuado** para o seu normal desenvolvemento por conter pautas antisociais relacionadas con **condutas delituosas de carácter menor** (por exemplo, furtos sen violencia). **Para poder definir a existencia dunha situación desta índole:**
  - a) Debe presentarse polo menos unha das situacións anteriores de maneira reiterada e/ou continua e afectar o conxunto de figuras adultas que asumen responsabilidades no coidado do neno, nena ou adolescente.
  - b) A súa presenza ha de ser claramente perceptible.
  - c) O modelo inadecuado debe ser claramente perceptible polo neno, nena ou adolescente na súa interacción cotiá.
  - d) O neno, nena ou adolescente debe reunir condicións suficientes de vulnerabilidade ao modelo: capacidade cognitiva suficiente e razoamento moral en desenvolvemento.

Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente presenta **problemas de adaptación social** ou atópase nunha **clara situación de alto risco** para desenvolver problemas desta índole.
- **Outras situacións que implican indución á violencia ou sometemento cara a outras persoas** (ÍDEM Á EPÍGRAFE DE GRAVIDADE MOI ELEVADA), pero o neno, nena ou adolescente e o seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda aceptan axuda profesional para resolver as súas dificultades.

#### 5. Gravidade moi elevada

- **Indución á delincuencia:** O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda **promoven, reforzan ou permiten pautas de conduta antisocial ou desviadas** (especialmente na área da agresividade, condutas delituosas, sexualidade e drogas) que impiden o normal desenvolvemento e integración social do neno, nena ou adolescente. Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente presenta **serios problemas de adaptación social** ou atópase nunha clara situación de **alto risco para desenvolver problemas** desta índole. Tamén inclúe situacións nas que o neno, nena ou adolescente é **utilizado para a comisión de actos delituosos** (por exemplo, transporte de drogas, furtos), independentemente da súa idade e das consecuencias observables no seu comportamento.
- **Modelos parentais gravemente asociais:**
  - O fogar no que vive o neno, nena ou adolescente constitúe un **modelo de vida inadecuado** para o seu normal desenvolvemento por conter pautas antisociais relacionadas con **condutas delituosas graves** (particularmente as que causan dano a outras persoas), tráfico de drogas e consumo de drogas de alto poder destrutivo. Para poder definir a existencia dunha situación desta índole:
    - a) Debe presentarse polo menos una das situacións anteriores de maneira reiterada e/ou continua e afectar o conxunto de figuras adultas que asumen responsabilidades no coidado do neno, nena ou adolescente.
    - b) A súa presenza ha de ser claramente perceptible.
    - c) O modelo inadecuado debe ser claramente perceptible polo neno, nena ou adolescente na súa interacción cotiá.
    - d) O neno, nena ou adolescente debe reunir condicións suficientes de vulnerabilidade ao modelo: capacidade cognitiva suficiente e razoamento moral en desenvolvemento.

- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda **consentem ou toleran, promoven activamente e facilitanlle ao neno, nena ou adolescente o consumo reiterado de alcol en cantidades abusivas para a súa idade, drogas ou outras substancias tóxicas** tanto no domicilio familiar coma fóra del. Enténdese que existe tal consentimento ou tolerancia cando non se realizasen os esforzos necesarios para paliar estas condutas, como a solicitude de asesoramento ou non colaborar suficientemente co tratamento, unha vez coñecidas estas.

Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente presenta **serios problemas de adaptación social** ou atópase nunha **clara situación de alto risco** para desenvolver problemas desta índole.

- **Outras situacións que implican indución á violencia ou sometemento cara a outras persoas:** A través do seu comportamento e/ou actitudes, o pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda **promoven no neno, nena ou adolescente sentimentos de odio e desprezo e actitudes e condutas violentas ou sometemento cara a outras persoas** por razón do seu sexo, relixión, orixe, orientación sexual, condicións físicas ou similar. Para poder definir a existencia dunha situación desta índole:
  - a) A situación debe presentarse de maneira repetida.
  - b) A súa presenza ha de ser claramente perceptible polo neno, nena ou adolescente.
  - c) O neno, nena ou adolescente debe reunir condicións suficientes de vulnerabilidade ao modelo: capacidade cognitiva suficiente e razoamento moral en desenvolvemento.

Como consecuencia diso, o neno, nena ou adolescente presenta **comportamentos seriamente problemáticos e desadaptados de violencia, odio ou sometemento** cara a outras persoas, ben dentro ou fóra do domicilio familiar. Non hai posibilidade de desenvolver unha intervención correctora na familia, dada a oposición ou falta de colaboración do neno, nena ou adolescente e/ou do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda.

## D - MENDICIDADE

Práctica que consiste en obter diñeiro ou recursos materiais en lugares públicos<sup>44</sup>

- ➔ Cualificarase o nivel de gravidade que máis se asemelle á situación actual do neno, nena ou adolescente.
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base (1) na frecuencia e condicións en que o neno, nena ou adolescente exerce a mendicidade; (2) na existencia de ameazas ou coaccións por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para que o neno, nena ou adolescente exerza a mendicidade e (3) no impacto que a devandita situación ten ou pode ter na súa saúde física e na súa asistencia ao centro escolar.

### 1. Non presente

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda non exerceron nunca a mendicidade co neno, nena ou adolescente.

### 2. Risco leve

- **Ocasionalmente**, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda exerceron a mendicidade e levaron o neno, nena ou adolescente con eles porque non tiñan con quen deixalo, pero nunca estivo o neno, nena ou adolescente enfermo ou en precarias condicións de saúde ou exerceron con el a mendicidade de forma ocasional, en momentos de graves dificultades familiares, pero non se trata dun patrón frecuente.

### 3. Gravidade moderada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **exercen con frecuencia a mendicidade co neno, nena ou adolescente**, ben para obter maiores beneficios económicos ou porque non teñen con quen deixalo. As condicións climáticas ou sanitarias do lugar en que se exerce a mendicidade son en ocasións precarias e poñen en risco o neno, nena ou adolescente de sufrir unha enfermidade. Pode que o neno, nena ou adolescente non asista á escola ou falte habitualmente por este motivo ou pode que a mendicidade se exerza co neno, nena ou adolescente unicamente en horario non escolar ou períodos festivos. **Os beneficios económicos obtidos coa mendicidade constitúen un ingreso fundamental para o mantemento da familia.**

<sup>44</sup> A mendicidade pode exercerse pedindo diñeiro na rúa, establecementos públicos ou domicilios privados. Inclúe tamén situacións de mendicidade encuberta en que o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda envían o neno, nena ou adolescente a comprar alimentos ou obxectos ou a obter determinados servizos proporcionándolle unha cantidade económica que saben insuficiente para iso ou proporcionándolle obxectos de escaso valor (por exemplo, panos de papel, ramas de árbore, postais) para a súa venda solicitando a vontade da persoa que os adquire.

#### 4. Gravidade elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **exercen con frecuencia a mendicidade co neno, nena ou adolescente**, ben para obter maiores beneficios económicos ou porque non teñen con quen deixalo. As condicións climáticas ou sanitarias do lugar en que se exerce a mendicidade son en ocasións precarias e poñen en risco o neno, nena ou adolescente de sufrir unha enfermidade. Esta situación pódese producir aínda que estea o neno, nena ou adolescente enfermo. O neno, nena ou adolescente non asiste á escola ou falta habitualmente por este motivo ou pode que a mendicidade se exerza unicamente en horario non escolar ou períodos festivos. O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **reciben axudas económicas ou outro tipo de axudas materiais por parte dos servizos sociais, pero isto non eliminou o exercicio da mendicidade**; seguen mantendo este tipo de comportamento **tentando que os servizos sociais non sexan coñecedores diso** (por exemplo, desprazándose a outro municipio).

#### 5. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda **obrigan** o neno, nena ou adolescente a exercer a mendicidade. Pode que o agridan ou que o ameacen con facelo se non consegue levar para a casa unha determinada cantidade de diñeiro. O neno, nena ou adolescente **é deixado só para mendigar ou en grupo** con outros nenos, nenas ou adolescentes. Pode que chegue a roubar para conseguir a cantidade que o seu pai e a súa nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda lle reclaman. Non asiste á escola ou falta habitualmente para exercer a mendicidade ou exercea habitualmente fóra do horario escolar ou en períodos festivos.

## E - EXPLOTACIÓN LABORAL

O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente asígnanlle con carácter obrigatorio a realización continuada de traballos (exclúense as tarefas relacionadas coa organización doméstica): (a) que exceden os límites do habitual; (b) que deberían ser realizados por persoas adultas; (c) que interfíren de maneira clara nas actividades e necesidades sociais e/ou escolares do neno, nena ou adolescente e (d) que lle son asignados co obxectivo fundamental de obter un beneficio económico ou similar para o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda ou para a estrutura familiar.

- ➔ Para cualificar un determinado nivel de gravidade bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinálase cun punto).
- ➔ A cualificación do nivel de gravidade establécese fundamentalmente con base (1) na existencia de ameazas ou coaccións por parte do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para que o neno, nena ou adolescente realice unha actividade que lles proporcione un beneficio económico ou en especies; (2) na frecuencia e duración das ocasións en que o neno, nena ou adolescente ha de traballar e (3) no impacto desta situación nas actividades formativas, lúdicas e sociais do neno, nena ou adolescente ou nas súas necesidades de descanso.

### 1. Non presente

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente promoven e facilitan que complete a súa actividade académica ou formativa. Asígnanlle responsabilidades domésticas ou pídennlle que colabore na familia dunha forma acorde ao seu status evolutivo, malia que se aseguran de que estas non interfiran coas súas actividades escolares e que dispón de tempo libre e de oportunidades para relacionarse con iguais.

### 2. Risco leve

- **Unha vez ao ano**, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda levan con eles un neno, nena ou adolescente escolarizado nun **período concreto** (por exemplo, recollida de produtos naturais) para que **lles axude nunha actividade laboral** durante un tempo que nunca é superior a tres semanas. Iso prodúcese en período escolar, o que implica que o neno, nena ou adolescente ou adolescente **deixe de asistir ao centro**. Pode que requira apoios especiais para recuperar o atraso académico.

### 3. Gravidade moderada

- **De forma repetida**, o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda levan con eles un neno, nena ou adolescente escolarizado en **períodos concretos** (por exemplo, recollida de produtos naturais) para que **lles axude nunha actividade laboral**. Iso prodúcese en períodos escolares, o que implica que o neno, nena ou adolescente **deixe de asistir ao centro** e provocase **dificultades significativas a nivel de adaptación e/ou rendemento escolar**.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **asígnanlle de forma habitual traballos de economía mergullada fóra do horario escolar** ou durante períodos festivos que **limitan de forma excesiva -aínda que non total- que dispoña de tempo libre e que poida relacionarse cos seus iguais**.

#### 4. Gravidade elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **asígnanlle habitualmente a realización de traballos de economía mergullada. Non asiste á escola** por este motivo nin dispón apenas de tempo para **actividades lúdicas e descanso**. Pode que estas tarefas lle sexan asignadas fóra do horario escolar ou en períodos festivos, de modo que supón unha **limitación e restrición total do seu tempo libre e das súas oportunidades de relacionarse con iguais**.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda dun ou dunha **adolescente entre 16 e 18 anos** que **abandone a súa formación académica** para poñerse a traballar, a pesar de que o/a adolescente ten un **bo rendemento e desexa seguir estudando**. Aprópianse de parte ou de todo o diñeiro que obtén do seu traballo, que **non é imprescindible para o sostemento da familia** ou que se pode **substituír polo traballo das persoas adultas**.

#### 5. Gravidade moi elevada

- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente **obrígano a facer traballos extremadamente duros durante xornadas excesivamente prolongadas para a súa idade e en condicións que non se corresponden coa súa idade**. Pode que se obrigase o neno, nena ou adolescente a traballar aínda estando enfermo e que se lle castigue se non rende o esperado. **Non asiste á escola** por este motivo nin dispón apenas de **tempo para realizar actividades lúdicas e de descanso**.

## II. OUTRAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS QUE CONSTITÚEN RISCO GRAVE OU DESAMPARO

- Nas situacións descritas a continuación, o pai, a nai ou as persoas titoras ou gardadoras presentan unha serie de características ou limitacións que fan pensar que a vida ou integridade básicas do neno, nena ou adolescente poden atoparse en serio perigo e non hai elementos de control na contorna familiar que poidan suplir eses déficits e garantir unha atención minimamente adecuada ás necesidades básicas do neno, nena ou adolescente.
- Para cualificar a existencia destas situacións bastará con que se presenten as circunstancias descritas nunha das epígrafes (cada epígrafe sinalase cun punto).
- A existencia destas circunstancias deberá ser explorada en todos os casos, independentemente de que se identificase outra tipoloxía de desprotección e do seu nivel de gravidade.
- Aínda que non se producise ningunha das tipoloxías de desprotección sinaladas anteriormente, a presenza dalgunha das circunstancias sinaladas neste apartado suporá automaticamente a cualificación do caso como de gravidade elevada.

### A. RISCO DE MALOS TRATOS PRENATAIS <sup>45</sup>

- Hai unha valoración médica ou unha notificación que indica que o abuso de drogas, alcol ou fármacos por parte da persoa xestante ou a falta grave de coidados médicos ou sanitarios durante o embarazo **está a provocar lesións graves no feto e non se modificou ese comportamento a pesar das indicacións profesionais** realizadas nese sentido.
- Hai unha valoración médica ou unha notificación que indica que o abuso de drogas, alcol ou fármacos por parte da persoa xestante ou a falta de coidados médicos ou sanitarios durante o embarazo **colocan claramente o bebé en risco de enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais severas e non se modificou ese comportamento a pesar das indicacións profesionais** realizadas nese sentido.
- **Ausencia de seguimento xinecolóxico** en embarazo medicamente cualificado **de risco para o bebé**.

<sup>45</sup> Os servizos sociais comunitarios realizarán o seguimento destes casos ata o nacemento do bebé e, dentro das súas competencias, realizarán as actuacións necesarias para corrixir a situación. Informarán e coordinaranse cos servizos sociais especializados para que estes asuman a intervención unha vez que se produza o nacemento.

## B. ANTECEDENTES DE DESPROTECCIÓN GRAVE PERPETRADA POLO PAI, A NAI OU PERSOAS TITORAS OU GARDADORAS

- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente protagonizaron **episodios de violencia sexual** cara a outros nenos, nenas ou adolescentes e **sen tratamento exitoso**.
- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente perpetraron **no pasado actos graves de malos tratos, violencia sexual ou negligencia** cara a ese neno, nena ou adolescente ou outros nenos, nenas ou adolescentes e **as circunstancias que provocaron ou rodearon a devandita situación non se modificaron** (por exemplo, non recibiron tratamento, persistencia de problemas graves de alcoholismo, abuso de drogas, trastornos mentais ou personalidades altamente disfuncionais).
- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente víronse implicados anteriormente en **situacións de violencia de parella ou con outras persoas adultas na familia** que provocaron un **dano grave no neno, nena ou adolescente** e a devandita persoa **volveu establecer unha relación dese tipo sen resolver os problemas** que a provocaron anteriormente (por exemplo, parella con problemas de violencia doméstica que se reunifica sen resolver as súas dificultades, persistencia de problemas graves de alcoholismo).

## C. GRAVES DIFICULTADES PERSOAIS NO PAI, NA NAI OU NAS PERSOAS TITORAS OU GARDADORAS

- O pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente padecen un **trastorno psicopatolóxico que implica a perda de contacto coa realidade, unha seria limitación da súa capacidade de xuízo e toma de decisión e a incapacitación para o desenvolvemento dunha vida autónoma**. O trastorno pode ser crónico ou de aparición recente pode manifestarse de forma continuada ou en períodos concretos. Pode que a persoa tome medicación, pero esta ou as condicións en que se toma non aseguran que non haxa **perdas serias de control**. Pode haber manifestacións ou intentos de suicidio, delirios, rexeitamento extremo ao neno, nena ou adolescente ou manifestacións de temor a perder o control e danalo seriamente.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente teñen unha **discapacidade intelectual de tal gravidade que os incapacita para o desenvolvemento dunha vida autónoma**. Ningún deles ten unhas capacidades intelectuais que lles permitan ser autónomos.
- O pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente teñen un **problema grave e crónico ou prolongado de consumo de alcol ou doutras drogas ou condutas aditivas**. A maior parte do tempo atópanse baixo os efectos da adicción. **Non reciben tratamento**. Pode que estean en proceso de tratamento, pero os e as profesionais responsables del non garanten que non se produza unha **recaída a curto prazo** ou que non exista consumo. Pode haber tratamentos anteriores, pero estes foron errados.
- O pai e a nai son **menores de idade e** non dispoñen de **apoios** na súa contorna **e** presentan un alto grao de **inmadureza ou inestabilidade, e** sen capacidade para **priorizar** suficientemente as necesidades do seu fillo ou filla fronte ás súas propias, **e** sen capacidade para **planificar o futuro** a medio ou longo prazo.

## D. IMPOSIBILIDADE TEMPORAL OU DEFINITIVA DO PAI, DA NAI OU DAS PERSOAS TITORAS OU GARDADORAS

- **Imposibilidade temporal ou definitiva dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda para cumprir os deberes de protección establecidos para a garda das persoas menores de idade, o que pode provocar a privación da súa necesaria asistencia moral ou material, debido aos seguintes motivos:** falecemento, encarceramento, enfermidade física, mental ou toxicomanía incapacitantes ou causa de natureza similar e ausencia de familiares que se fagan cargo do coidado do neno, nena ou adolescente.

## E. NENOS, NENAS E ADOLESCENTES MIGRANTES NON ACOMPAÑADOS

- **Nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados:** estranxeiro menor de dezoito anos que sexa nacional dun Estado ao que non lle sexa de aplicación o réxime da Unión Europea que chegue a territorio español sen un adulto responsable del, xa sexa legalmente ou conforme ao costume, e no que se aprecie risco de desprotección ou calquera neno, nena ou adolescente estranxeiro que unha vez en España se atope nunha situación semellante, de acordo co artigo 189 do Regulamento de estranxeiría aprobado polo Real decreto 557/2011, do 20 de abril.



---

Parte

05

**Anexos**

## Anexo I

**Información para incluir no informe  
e folla-resumo do instrumento**

O instrumento Valora-Galicia pódese aplicar en distintas fases do proceso de intervención dos servizos sociais (por exemplo, investigación ou avaliación inicial, reavaliación do plan de intervención en preservación familiar, avaliación de procesos de reintegración familiar), polo que as súas conclusións deberán integrarse en informes cuxo foco, e consecuentemente a súa estrutura e contido, será diferente. En calquera dos casos, cando se aplicase o Valora-Galicia, o informe descritivo deberá incluír para cada neno, nena ou adolescente a seguinte información (ademais da folla-resumo):

**1. Datos de identificación:** Xénero, data de nacemento e idade no momento da elaboración do informe, curso escolar (se é o caso), núcleo de convivencia no que reside -especificar se se trata dun neno, nena ou adolescente non acompañado-, outra información relevante.

**2. Fontes utilizadas para a recollida de información:** Fonte, data/s, metodoloxía utilizada, incidencias/observacións salientables.

**3. Situación actual do neno, nena ou adolescente:**

3.1. Saúde física:

- Aspectos positivos.
- Dificultades: Enfermidades físicas crónicas ou severas, déficits sensoriais ou motores; tratamento ou coidados médicos requiridos; grao de incapacitación que os problemas lle supoñen ao neno, nena ou adolescente.
- Historia dos problemas, evolución. Tratamentos recibidos/intervencións realizadas. Consecuencias/repercusións do problema na vida do neno, nena ou adolescente e na do resto dos membros da súa familia.

3.2. Características comportamentais:

- En nenos e nenas menores de 3 anos: Axuste/atrasos na adquisición dos fitos evolutivos esperables á idade.
- En nenos e nenas maiores de 4 anos: Presenza de problemas de conduta internalizados ou externalizados (domicilio familiar e centro escolar). Historia dos problemas, evolución.
- Historia dos problemas, evolución. Tratamentos recibidos/intervencións realizadas. Consecuencias/repercusións do problema na vida do neno, nena ou adolescente e na do restos dos membros da súa familia.

### 3.3. Relacións sociais

- Aspectos positivos.
- Dificultades nas relacións sociais (illamento, rexeitamento, agresividade etc.), relación con grupos marxinais.
- Historia dos problemas, evolución. Tratamentos recibidos /intervencións realizadas. Consecuencias/repercusións do problema na vida do neno, nena ou adolescente e na do restos dos membros da súa familia.

### 3.4. Rendemento escolar e desenvolvemento cognitivo

- Aspectos positivos.
- Dificultades: Atrasos ou problemas no rendemento escolar ou desenvolvemento cognitivo.
- Historia dos problemas, evolución. Tratamentos recibidos /intervencións realizadas. Consecuencias/repercusións do problema na vida do neno, nena ou adolescente e na do restos dos membros da súa familia.

3.5. Factores de especial vulnerabilidade no neno/a (por exemplo, idade, nivel madurativo, testemuña de violencia de xénero, outras circunstancias vitais) e outra información de interese

## 4. Atención proporcionada na familia ás necesidades do neno, nena ou adolescente.

### Revisión das tipoloxías de desprotección:

- Áreas de coidado adecuado.
- Áreas de coidado inadecuado ou deficitario: Descrición do comportamento parental e impacto (actual ou potencial) na saúde física ou psicolóxica do neno, nena ou adolescente.

**5. Conclusións (breves):** Valoración global do nivel de gravidade da desprotección e tipoloxías presentes no caso.



	Sen información	Non existe, non indicios, non procede	Sospeita	Risco leve	Gravidade moderada	Gravidade elevada	Gravedad moi elevada
<b>7 Outras</b>							
• Malos tratos prenatais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Trato non apropiado							
- Privación deliberada de comida e auga	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Confinamento ou restrición física	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Expulsión ou negación entrada ao domicilio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Corrupción	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Mendicidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Explotación laboral	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

	Sen información	Non	Sospeita	Si
<b>8 Outras situacións específicas que constitúen risco grave ou desamparo</b>				
• Risco de malos tratos prenatais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Antecedentes de desprotección grave perpetrada polo pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Graves dificultades persoais no pai, a nai ou persoas que exercen a tutela ou garda	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Imposibilidade temporal ou definitiva do pai, da nai ou das persoas que exercen a tutela ou garda para cumprir os deberes de protección	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Nenos, nenas ou adolescentes migrantes non acompañados	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE PARA CUALIFICAR O NIVEL DE GRAVIDADE**

(colaboración, características de vulnerabilidade dos nenos/as, outros) : \_\_\_\_\_

	Sen información	Non risco	Risco leve	Sospeita desprotección	Risco moderado	Risco grave	Desamparo	Outro
<b>VALORACIÓN GLOBAL DO NIVEL DE GRAVIDADE</b>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**PROPOSTA DE ACTUACIÓN**

(incluír declaración administrativa de risco ou medida de garda se fose pertinente): \_\_\_\_\_

## INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A FOLLA-RESUMO

- **Marcarase cada casa cunha X, cando se estea valorando un só núcleo familiar. Especificarase cunha letra maiúscula se a información se refire a unha figura adulta concreta (por exemplo, N nai, P pai, AVOA, AVÓ avó).**
- **Cubrirase unha folla-resumo para cada neno, nena ou adolescente.**
- **Hanse de completar todos os apartados. Cando non haxa información sobre algún deles, indícarase este feito.**
- **Cualificación das tipoloxías de desprotección:**
  - “Sen información”: Non se dispón de información respecto da presenza ou non da situación que se está valorando ou a información de que se dispón é claramente insuficiente. Non hai indicadores que fagan pensar que a situación está a producirse, pero podería existir (Exemplo: Informe que describe un neno de dous anos obxecto de negligencia grave nas áreas de coidado da saúde física e hixiene persoal e negligencia moderada en alimentación. Non hai ningunha información sobre a supervisión que recibe por parte do seu pai, nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda. Dado que podería existir, a tipoloxía de “Neglixencia en supervisión” cualificarase como “Sen información”)
  - “Non existe ou non indicios”: A información recollida ou dispoñible con relación ao neno, nena ou adolescente leva a concluír que non existe esa tipoloxía de desprotección e que non hai ningún dato que faga sospeitar que poida estar producíndose.
  - “Sospeita”: Hai indicadores que fan pensar que a situación pode estar producíndose, aínda que a información solicitada non é concluínte. Unicamente se marcará a casa de “Sospeita” cando haxa información que suxira a posible existencia dunha determinada tipoloxía de desprotección..

Nestes casos, especificarase na folla-resumo:

S=Sospeita sen determinar posible nivel de gravidade,  
S-RL=Sospeita de situación de risco leve,  
S-M=Sospeita de desprotección de gravidade moderada,  
S-E=Sospeita de desprotección de gravidade elevada,  
S-SME=Sospeita de desprotección de gravidade moi elevada.

## **Anexo II**

### **Taxonomía de necesidades básicas na infancia e adolescencia e indicadores para a súa avaliación**

## TAXONOMÍA DE NECESIDADES BÁSICAS NA INFANCIA E ADOLESCENCIA<sup>46</sup>

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS	NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alimentación</li> <li>• Temperatura</li> <li>• Hixiene</li> <li>• Saúde</li> <li>• Sono</li> <li>• Actividade física: exercicio e xogo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Protección ante condicións da contorna que supoñen un risco para a integridade física do neno, nena ou adolescente.</li> <li>• Protección ante outras persoas adultas ou menores de idade que lle fan ou que lle poden facer dano.</li> <li>• Protección ante o dano que o neno, nena ou adolescente pode facerse a si mesmo.</li> </ul>	<p>Seguridade emocional:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Disposición de relacións seguras, estables e afectivas con persoas adultas significativas.</li> <li>• Sensibilidade e responsabilidade cara ás necesidades do neno, nena ou adolescente.</li> <li>• Contacto físico apropiado.</li> <li>• Recepción de afecto e reforzo positivo.</li> <li>• Continuidade nas relacións con familiares e outras persoas adultas significativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Disposición de orientación e límites á conduta.</li> <li>• Aprendizaxe de control das emocións e condutas apropiadas para a participación social e o establecemento de relacións adecuadas con outras persoas.</li> <li>• Rede de relacións sociais.</li> <li>• Interacción lúdica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimulación sensorial: disposición de experiencias de exploración e aprendizaxe.</li> <li>• Adquisición de coñecementos e habilidades a través dun proceso formativo organizado (escola ou outro homologado).</li> <li>• Exploración física e social.</li> <li>• Comprensión da realidade física e social.</li> </ul>

<sup>46</sup> Baseado en López, F. (1995). Necesidades de la infancia y protección infantil I. Fundamentación teórica, clasificación y criterios educativos de las necesidades infantiles. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociais.

## NECESIDADES BÁSICAS NA INFANCIA E ADOLESCENCIA:

### INDICADORES DE AVALIACIÓN

NECESIDADES FÍSICAS		
Necesidades	Indicadores de satisfacción	Indicadores de deficiencias
<b>Alimentación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Adecuada alimentación da nai durante o embarazo e a lactación.</li> <li>Alimentación suficiente, variada, secuenciada no tempo, adaptada á idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inxestión de substancias que danan o feto. Desnutrición ou exceso de alimentación que provoca problemas significativos de saúde.</li> <li>Alimentación non apropiada á idade.</li> </ul>
<b>Temperatura</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Condições de vivenda e vestido adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Frío en vivenda; humidade; falta de calzado; falta de vestido</li> </ul>
<b>Hixiene</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Hixiene corporal, de vivenda, de alimentación, de vestido, de contorna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sucidade; contaminación da contorna; xermes infecciosos; parasitos e roedores.</li> </ul>
<b>Saúde</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisións adecuadas á idade e ao estado de saúde; vacinacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de control sanitario; provocación de síntomas; non vacinación</li> </ul>
<b>Sono</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ambiente espacial protexido e silencioso, suficiente segundo a idade, con sestas se o neno ou nena é pequeno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inseguridade; contaminación de ruídos; interrupcións frecuentes; insuficiente tempo; sen lugar e tempos de descanso diúrnos.</li> </ul>
<b>Actividade física: exercicio e xogo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Liberdade de movemento no espazo; espazo con xoguetes e outros nenos, nenas e adolescentes; contacto con elementos naturais (auga, terra, plantas, animais etc.); paseos, marchas, excursións etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inmovilidade corporal; ausencia de espazo; ausencia de obxectos; ausencia de xoguetes; inactividade; sedentarismo.</li> </ul>

SEGURIDADE		
Necesidades	Indicadores de satisfacción	Indicadores de deficiencias
<p><b>Protección ante condicións da contorna que supoñen un risco para a integridade física do neno, nena ou adolescente</b></p> <p><b>Protección ante outras persoas adultas ou outros nenos, nenas ou adolescentes que fan ou que lle poden facer dano</b></p> <p><b>Protección ante o dano que o neno, nena ou adolescente pode facerse a si mesmo.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Organización da casa adecuada á seguridade (enchufes, deterxentes, instrumentos e ferramentas, escaleiras etc.).</li> <li>Supervisión: Coñecemento e control sobre as relacións do neno, nena ou adolescente e o lugar en que se atopa.</li> <li>Orientación e guía: Ensinanza ao neno, nena ou adolescente de normas básicas de seguridade.</li> <li>Dispoñibilidade: Intervención directa de axuda e protección cando o neno, nena ou adolescente se ve ou pode verse danado por outras persoas ou pode danarse a si mesmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Accidentes domésticos. O neno ou nena sofre accidentes ou agresións como consecuencia da falta de supervisión.</li> <li>O neno, nena ou adolescente vese implicado de forma continuada en condutas ou relacións de risco que as persoas adultas minimizan ou desatenden.</li> <li>O neno, nena ou adolescente é obxecto repetido de agresións por parte doutras persoas.</li> <li>Rexeitamento ou atraso na provisión de atención especializada cando o neno, nena ou adolescente manifesta condutas autodestrutivas serias ou ideas de suicidio.</li> </ul>

## NECESIDADES EMOCIONAIS

Necesidades	Indicadores de satisfacción	Indicadores de deficiencias
<p><b>Seguridade emocional:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Disposición de relacións seguras, estables e afectivas con persoas adultas significativas</b></li> <li>• <b>Sensibilidade e responsabilidade cara ás necesidades do neno, nena ou adolescente</b></li> <li>• <b>Contacto físico apropiado</b></li> <li>• <b>Recepción de afecto e reforzo positivo</b></li> <li>• <b>Continuidade nas relacións con familiares e outras persoas adultas significativas</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apego incondicional (aceptación, dispoñibilidade, accesibilidade, resposta adecuada ás demandas e competencia); contacto íntimo (táctil, visual, lingüístico etc.); demostracións físicas e verbais de afecto; reforzo e valoración dos logros e aspectos positivos do neno, nena ou adolescente; capacidade de control; capacidade de protección; resolución de conflitos con moral inductiva: explicacións, esixencias conforme á idade, coherencia en esixencias, posibilidade de revisión se o neno, nena ou adolescente non está de acordo coa decisión; interacción lúdica na familia coas figuras parentais e outros familiares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexeitamento; ausencia; non dispoñibilidade de tempo por parte das figuras parentais; non accesibilidade; ausencia de demostracións físicas e verbais de afecto; desvalorización do neno, nena ou adolescente, non reforzo de logros, agresións verbais, predominio de mensaxes negativas; non percibir; non interpretar; non responder; non responder de forma continxente; incoherencia na resposta; falta de capacidade de control do neno, nena ou adolescente; falta de capacidade de protección de perigos; autoritarismo; ton vital triste ou apagado das figuras parentais.</li> <li>• Rupturas nas relacións significativas do neno, nena ou adolescente; ameazas de ruptura ou retirada de amor.</li> </ul>
<p><b>Participación e autonomía progresivas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación do neno, nena ou adolescente en decisións e en xestión do que lle afecta e poida facer a favor de si mesmo e dos demais na familia, escola e sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non escoitar o neno, nena ou adolescente; non telo en conta; dependencia.</li> </ul>
<p><b>Respecto ao proceso de desenvolvemento afectivo-sexual</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Responder preguntas; permitir xogos e autoestimulación sexual; protexer de violencia sexual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non escoitar; non responder; enganar; castigar manifestacións sexuais na infancia ou adolescencia; violencia sexual.</li> </ul>
<p><b>Protección de riscos imaxinarios</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escoitar, comprender e responder aos temores do neno, nena ou adolescente (medo ao abandono, rivalidade fraterna, medo á morte); posibilidade de expresar o medo; evitar verbalizacións e condutas que fomenten os medos (violencia verbal ou física; ameazas verbais, perdas de control, incoherencia na conduta).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non escoitar; non responder; non tranquilizar; inhibición emocional; violencia verbal; violencia física na contorna; ameazas; perda de control; incoherencia na relación.</li> </ul>
<p><b>Disposición de axuda para a resolución de problemas ou síntomas de malestar emocional</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación ou recoñecemento dos problemas ou síntomas de malestar emocional no neno, nena ou adolescente; valoración adecuada da importancia dos síntomas; provisión de atención específica para a súa resolución; acceso á atención especializada cando a intervención na familia non é suficiente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non recoñecemento dos problemas ou síntomas de malestar emocional no neno, nena ou adolescente; minimización da súa importancia; rexeitamento ou atraso na provisión de atención especializada cando o neno, nena ou adolescente manifesta síntomas significativos de malestar emocional.</li> </ul>

<b>NECESIDADES SOCIAIS</b>		
<b>Necesidades</b>	<b>Indicadores de satisfacción</b>	<b>Indicadores de deficiencias</b>
<b>Disposición de orientación e límites á conduta</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecemento de límites ás condutas inadecuadas do neno, nena ou adolescente; disciplina consistente, entendida como ensinanza, e transmitida con empatía e afecto; utilización da disciplina inductiva; supervisión das actividades do neno, nena ou adolescente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non establecemento de límites á conduta do neno, nena ou adolescente; baixa implicación ou supervisión; utilización de estratexias disciplinarias baseadas na afirmación de poder ou na retirada de afecto; disciplina incoherente, colérica ou explosiva, ríxida ou inflexible.</li> </ul>
<b>Aprendizaxe de control das emocións e condutas apropiadas para a participación social e o establecemento de relacións adecuadas con outras persoas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inculcación de valores morais; ensinanza de control de impulsos; ensinanza de respecto ás diferenzas individuais; desenvolvemento da capacidade empática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Exposición a modelos comportamentais violentos; exposición a modelos parentais ou de adultos asociais, abusivos ou altamente inadecuados; reforzo ou permisividade de condutas asociais; non control ou potenciación dos impulsos e condutas agresivas do neno, nena ou adolescente.</li> </ul>
<b>Rede de relacións sociais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relacións de amizade e compañeirismo con iguais (fomentar o contacto e a interacción con iguais na contorna familiar e na escola; tempos de contacto etc.); continuidade nas relacións; actividades conxuntas con outras familias con fillos e fillas; incorporación a grupos ou colectivos onde participen outros nenos, nenas ou adolescentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Illamento social; separacións longas dos amigos e amigas; imposibilidade de contacto con amigos e amigas; prohibición de amizades; compañías de risco.</li> </ul>
<b>Interacción lúdica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interacción lúdica con iguais e persoas alleas á familia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ausencia de iguais; ausencia de interacción con persoas alleas á familia; falta de xoguetes ou obxectos lúdicos; xoguetes inadecuados.</li> </ul>

## NECESIDADES COGNITIVAS

Necesidades	Indicadores de satisfacción	Indicadores de deficiencias
<b>Estimulación sensorial: Disposición de experiencias de exploración e aprendizaxe</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estimular os sentidos; contorna con estímulos (visuais, táctiles, auditivos etc.); cantidade, variedade e continxencia de estímulos; interacción lúdica na familia; estimulación lingüística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Privación sensorial; pobreza sensorial; monotonía de estímulos; non continxencia da resposta; falta de estimulación lingüística.</li> </ul>
<b>Adquisición de coñecementos e habilidades a través dun proceso formativo organizado (escola ou outro homologado)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proporcionar de maneira estable unha formación estruturada a través da escola ou doutro modelo alternativo adecuadamente homologado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non provisión de maneira estable dunha formación estruturada a través da escola ou doutro modelo alternativo adecuadamente homologado.</li> </ul>
<b>Exploración física e social</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Contacto coa contorna física e social rica en obxectos, xoguetes, elementos naturais e persoas; exploración de ambientes físicos e sociais; ofrecer base de seguridade aos nenos e nenas máis pequenos, compartir experiencias con eles e elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Contorna pobre; non provisión de apoio na exploración; non compartir experiencias con persoas adultas e iguais.</li> </ul>
<b>Comprensión da realidade física e social</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escoitar e responder de forma continxente as preguntas; dicir a verdade; facer participar o neno, nena ou adolescente no coñecemento da vida, o sufrimento, o pracer e a morte; transmitir unha visión positiva da vida, das relacións e dos vínculos; transmitir actitudes, valores e normas prosociais e adaptativas; tolerancia con discrepancias e diferenzas (sexo, raza, minusvalías etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non escoitar; non responder; responder en momento inadecuado; mentir; ocultar a realidade; visión pesimista da vida, das relacións e dos vínculos; transmisión de valores antisociais; dogmatismo, racismo.</li> </ul>

## NECESIDADES BÁSICAS NA INFANCIA E ADOLESCENCIA:

### INDICADORES DE AVALIACIÓN SEGUNDO GRUPOS DE IDADE<sup>47</sup>

Cero-2 anos

3-4 anos

5-9 anos

10-14 anos

15-18 anos

<sup>47</sup> Tomado de Framework for the assessment of children in need and their families (2000). Department of Health, UK Government. No texto, son "figuras parentais" o pai, a nai ou as persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente.

## INDICADORES DE AVALIACIÓN DE NECESIDADES - 0-2 ANOS

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa saúde xeral; enfermidades habituais</li> <li>Peso e talle no nivel esperable</li> <li>Proporcionaselle unha dieta adecuada e nutritiva ao neno ou nena</li> <li>Baño regular</li> <li>Vestido acorde ao tempo atmosférico</li> <li>Roupa habitualmente limpa (sen ouriños, restos de excrementos ou comida)</li> <li>A casa está limpa, incluída a cama do neno ou nena</li> <li>Asistencia aos controis pediátricos rutineiros</li> <li>Administración de vacinas; en caso de non ser así, hai unha explicación adecuada</li> <li>Horario regular de sono</li> <li>As figuras parentais preocúpense de que o neno ou nena durma o suficiente e de que haxa silencio</li> <li>Horarios estables e adecuados (comidas, sono, baño).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás lesións que se produciu o neno ou nena a si mesmo</li> <li>As lesións ou marcas físicas que presenta teñen unha explicación aceptable</li> <li>As figuras parentais toman medidas para previr accidentes</li> <li>Protéxese o neno ou nena das agresións ou violencia doutras persoas</li> <li>Os xoguetes ou obxectos cos que xoga son seguros</li> <li>As figuras parentais aseguran que o neno ou nena xoga en lugares seguros cando está fóra da casa</li> <li>O neno ou nena está sempre baixo a supervisión dunha persoa responsable e capacitada tanto dentro coma fóra da casa</li> <li>As figuras parentais supervisan a relación entre o neno ou nena e os seus irmáns e irmás</li> <li>En xeral, os irmáns e irmás tratan ben o neno ou nena</li> <li>As persoas adultas que coidan o neno ou nena son sempre persoas coñecidas e limitadas en número</li> <li>As figuras parentais preocúpense de, cando o necesitan, deixar o neno ou nena a cargo doutras persoas responsables e con capacidade</li> <li>As figuras parentais ensínanlle ao neno ou nena a distinguir entre as persoas coñecidas e as estrañas.</li> <li>Demasiadas lesións accidentais</li> <li>Agrídese ou castígase fisicamente o neno ou nena.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O neno ou nena ten unha relación estable con polo menos unha persoa adulta</li> <li>Hai continuidade nas figuras adultas que atenden o neno ou nena</li> <li>Cando está esperto, o neno ou nena está xeralmente a cargo dunha das figuras parentais</li> <li>As figuras parentais consolan o neno ou nena cando está enfermo, molesto ou cando se mancou</li> <li>Responden aos seus esforzos por comunicarse e falar</li> <li>Gozan comunicándose co neno ou nena</li> <li>Reforzan e manifestan aprobación aos progresos e logros do neno ou nena</li> <li>O día a día do neno ou nena mantén unhas rutinas</li> <li>Os desacordos entre as figuras parentais resólvense de forma non violenta</li> <li>Hai un contacto físico positivo entre as figuras parentais e o neno ou nena. As persoas adultas gozan con iso</li> <li>A conduta e respostas das figuras parentais ao neno ou nena son previsibles e coherentes</li> <li>Frecuentemente teñen mostras espontáneas de afecto cara ao neno ou nena</li> <li>Valórase o neno ou nena en por si</li> <li>As figuras parentais móstranse orgullosas do neno ou nena</li> <li>Acéptase o neno ou nena como membro da familia</li> <li>Fáiselle participe nas celebracións familiares</li> <li>As figuras parentais pasan suficiente tempo co neno ou nena como para permitir o desenvolvemento dun vínculo positivo e forte</li> <li>Responden de maneira sensible ao neno ou nena</li> <li>Reforzan o establecemento de relacións afectivas na familia .</li> <li>O neno ou nena observa con frecuencia síntomas de malestar emocional nas figuras parentais</li> <li>O neno ou nena é obxecto de frecuentes críticas ou manifestacións de hostilidade.</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O neno ou nena ten frecuentes oportunidades para xogar e comunicarse con outras persoas</li> <li>• Promóvese que manteña relación con outras persoas adultas e outros nenos e nenas</li> <li>• Anímase a xogar con outros nenos e nenas</li> <li>• Visita con frecuencia os seus amigos, amigas e familiares</li> <li>• As figuras parentais buscan axuda ou asesoramento se están a ter dificultades para manexar a conduta do neno ou nena</li> <li>• As figuras parentais utilizan métodos adecuados para manexar a conduta infantil (reforzo positivo, negociación, modelado, premios, distracción, persuasión, extinción etc.)</li> <li>• Hai límites e normas claras acerca do comportamento na familia</li> <li>• Eses límites e normas son consistentes e respectados polas figuras parentais</li> <li>• O neno ou nena recibe axuda para aprender a controlar os seus sentimentos negativos e expresalos de forma adecuada</li> <li>• Ensínase ao neno ou nena a relacionarse con outros nenos, nenas e persoas adultas</li> <li>• Ensínase ao neno ou nena a respectar a outras persoas e as súas posesións</li> <li>• Ensínase a respectar as quendas</li> <li>• Anímase a negociar</li> <li>• A forma en que as figuras parentais se relacionan con outras persoas constitúe un exemplo adecuado para o neno ou nena.</li> <li>• Ensínase ao neno ou nena que non debe ter un comportamento violento ou cruel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimúlase o neno ou nena a explorar o ambiente e a ser activo</li> <li>• Anímase o neno ou nena a aprender</li> <li>• Anímase a ir facendo cousas en por si</li> <li>• Permíteselle tomar decisións ofrecéndolle alternativas sinxelas</li> <li>• Respéctanse os seus esforzos por ser independente</li> <li>• Anímase a xogar</li> <li>• Ten certa liberdade para explorar a súa contorna</li> <li>• Mostra curiosidade pola súa contorna (persoas, xoguetes etc.)</li> <li>• Ten xoguetes apropiados para a súa idade</li> <li>• Xoga de acordo ao previsible para a súa idade</li> <li>• Os xoguetes/libros do neno ou nena son tratados con coidado</li> <li>• Lévaselle de paseo fóra da casa de forma habitual</li> <li>• O neno ou nena vai aprendendo a expresarse e a falar de acordo co previsto para a súa idade.</li> <li>• Responde apropiadamente aos sons e ás voces.</li> <li>• Aos dous anos xa responde as ordes</li> <li>• As figuras parentais falan, cantan e xogan co neno ou nena</li> <li>• As figuras parentais len/miran libros ou ven a televisión co neno ou nena.</li> </ul>

## INDICADORES DE AVALIACIÓN DE NECESIDADES - 3-4 ANOS

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa saúde xeral; enfermidades habituais</li> <li>Peso e talle no nivel esperable</li> <li>O neno ou nena recibe unha dieta adecuada e nutritiva</li> <li>Baño regular</li> <li>Vestido acorde ao tempo atmosférico</li> <li>Roupa habitualmente limpa (sen ouriños, restos de excrementos ou comida)</li> <li>A casa está limpa, incluída a cama do neno ou nena</li> <li>Asistencia aos controis pediátricos rutineiros</li> <li>Administración de vacinas; en caso de non ser así, hai unha explicación adecuada</li> <li>As enfermidades recorrentes teñen unha explicación médica</li> <li>Horario regular de sono</li> <li>Lava regularmente os dentes</li> <li>As figuras parentais preocupápanse de que o neno ou nena durma o suficiente e de que haxa silencio</li> <li>O neno ou nena mantén uns horarios estables e adecuados (comidas, sono, baño).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás lesións que se produciu o neno ou nena a si mesmo</li> <li>As lesións ou marcas físicas que presenta teñen unha explicación aceptable</li> <li>As figuras parentais toman medidas para previr accidentes</li> <li>Protéxese o neno ou nena das agresións ou violencia doutras persoas</li> <li>Os xoguetes ou obxectos cos que xoga son seguros</li> <li>Hai algún lugar seguro na casa onde o neno ou nena pode xogar</li> <li>As figuras parentais aseguran que o neno ou nena xoga en lugares seguros cando está fóra da casa.</li> <li>O neno ou nena está sempre baixo a supervisión dunha persoa responsable e capacitada tanto dentro coma fóra da casa</li> <li>As figuras parentais supervisan a relación entre o neno ou nena e os seus irmáns e irmás</li> <li>En xeral, os irmáns e irmás tratan ben o neno ou nena</li> <li>As persoas adultas que coidan o neno ou nena son sempre persoas coñecidas e limitadas en número</li> <li>As figuras parentais preocupápanse de deixar o neno ou nena a cargo de persoas responsables e con capacidade</li> <li>As figuras parentais ensínanlle ao neno ou nena a distinguir entre as persoas coñecidas e as estrañas</li> <li>Ensínanlle habilidades de autoprotección</li> <li>Se o neno vai á escola, sempre hai alguén que o recolle</li> <li>As persoas que levan e recollen o neno da escola son poucas, coñecidas e con capacidade.</li> <li>Demasiadas lesións accidentais</li> <li>Agrídese ou castígase fisicamente o neno ou nena.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O neno ou nena ten unha relación estable con polo menos unha persoa adulta</li> <li>Hai continuidade nas figuras adultas que atenden o neno ou nena</li> <li>Cando está esperto, o neno ou nena está xeralmente a cargo dunha das figuras parentais</li> <li>As figuras parentais reconfortan o neno ou nena cando está enfermo, molesto ou cando se mancou</li> <li>Reforzan e manifestan aprobación aos progresos e logros do neno ou nena</li> <li>En xeral, responden positivamente ás súas conversacións</li> <li>Refórzanlo cando tenta facer cousas novas</li> <li>Apóianlo cando fracasa ao tentar facer cousas novas</li> <li>O día a día do neno ou nena mantén unhas rutinas</li> <li>Os desacordos entre as figuras parentais resólvense de forma non violenta</li> <li>Hai un contacto físico positivo entre as figuras parentais e o neno ou nena. As figuras parentais gozan con iso</li> <li>Frecuentemente, teñen mostras espontáneas de afecto cara ao neno ou nena</li> <li>Valórase o neno ou nena en por si</li> <li>As figuras parentais móstranse orgullosas do neno ou nena</li> <li>Acéptase o neno ou nena como membro da familia</li> <li>Fáiselle participe nas celebracións familiares</li> <li>As figuras parentais pasan suficiente tempo co neno ou nena como para permitir o desenvolvemento dun vínculo positivo e forte</li> <li>Reforzan o establecemento de relacións afectivas na familia</li> <li>Animan o neno ou nena a falar dos seus medos e preocupacións</li> <li>As respostas que o neno ou nena recibe na casa son consistentes e predicibles.</li> <li>O neno ou nena observa con frecuencia síntomas de malestar emocional nas figuras parentais</li> <li>O neno ou nena é obxecto de frecuentes críticas ou manifestacións de hostilidade</li> <li>As figuras parentais buscan apoio no neno ou nena cando teñen problemas.</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promóvese que o neno ou nena manteña relación con outras persoas adultas e menores de idade</li> <li>• Visita con frecuencia os seus amigos, amigas e familiares</li> <li>• Anímase a compartir e a xogar con outros nenos e nenas</li> <li>• As figuras parentais buscan axuda ou asesoramento se están a ter dificultades para manexar a conduta do neno ou nena</li> <li>• As figuras parentais utilizan métodos adecuados para lle ensinar ao neno ou nena a comportarse adecuadamente (reforzo positivo, negociación, modelado, premios, distracción, persuasión, extinción etc.)</li> <li>• Hai límites e normas claras acerca do comportamento na familia</li> <li>• Eses límites e normas son consistentes e respectados por ambas as figuras parentais</li> <li>• Ensínase ao neno ou nena a respectar as demais persoas e as súas posesións</li> <li>• Ensínase a respectar as quendas</li> <li>• Anímase a negociar</li> <li>• Axúdase a controlar as súas emocións</li> <li>• A forma en que as figuras parentais se relacionan con outras persoas constitúe un exemplo adecuado para o neno ou nena</li> <li>• Ensínase ao neno ou nena que non debe ter un comportamento violento ou cruel</li> <li>• Adoita chegar puntual ao colexio</li> <li>• Téntase evitar que sexa testemuña de condutas adultas estrañalarias ou que poden provocarlle medo</li> <li>• As figuras parentais ensínanlle ao neno ou nena e promoven un comportamento adecuado en lugares públicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estimúlase o neno ou nena a explorar o ambiente e a ser activo</li> <li>• Anímase o neno ou nena a aprender</li> <li>• Anímase a que faga cousas en por si</li> <li>• Anímase a que fale e participe nas conversacións</li> <li>• Permíteselle tomar decisións ofrecéndolle alternativas sinxelas</li> <li>• Ten xoguetes variados e apropiados para a súa idade.</li> <li>• Os xoguetes/libros do neno ou nena son tratados con coidado</li> <li>• Lévaselle de paseo fóra da casa de forma habitual</li> <li>• As figuras parentais adoitan lerlle libros, contarlle historias, xogar co neno ou nena, ou ver a tele con el ou ela</li> <li>• O neno ou nena explora novos lugares fóra da casa con supervisión</li> <li>• Se o neno ou nena está escolarizado, acode regularmente a clase</li> <li>• Se está escolarizado, as figuras parentais acoden ás titorías e citas co profesorado.</li> </ul>

## INDICADORES DE AVALIACIÓN DE NECESIDADES - 5-9 ANOS

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa saúde xeral; enfermidades habituais</li> <li>Peso e talle no nivel esperable</li> <li>O neno ou nena recibe unha dieta adecuada e nutritiva</li> <li>Baño regular</li> <li>Vestido acorde ao tempo atmosférico</li> <li>Roupa habitualmente limpa (sen ouriños, restos de excrementos ou comida)</li> <li>A casa está limpa, incluída a cama do neno ou nena</li> <li>As figuras parentais asegúranse de que o neno ou nena ten unha hixiene persoal adecuada</li> <li>Asistencia aos controis pediátricos rutineiros</li> <li>Administración de vacinas; en caso de non ser así, hai unha explicación adecuada</li> <li>As enfermidades recorrentes teñen unha explicación médica</li> <li>Coidado e atención dental regular e adecuada</li> <li>As figuras parentais preocupápanse de que o neno ou nena durma o suficiente e de que haxa silencio</li> <li>O neno ou nena mantén uns horarios estables e adecuados (comidas, sono, baño).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás lesións que se produciu o neno ou nena a si mesmo</li> <li>As lesións ou marcas físicas que presenta teñen unha explicación aceptable</li> <li>Protéxese o neno ou nena das agresións ou violencia doutras persoas</li> <li>As figuras parentais actuaron para protexer o neno ou nena do acoso</li> <li>Hai lugares seguros na casa onde o neno ou nena pode xogar</li> <li>As figuras parentais saben sempre onde está o neno ou nena</li> <li>Recibe unha supervisión adecuada tendo en conta a súa personalidade e nivel de desenvolvemento</li> <li>As figuras parentais supervisan a relación entre o neno ou nena e os seus irmáns e irmás</li> <li>En xeral, os irmáns e irmás tratan ben o neno ou nena</li> <li>O neno ou nena é supervisado por persoas adultas responsables ou xoga en lugares que as figuras parentais comprobaron que son seguros</li> <li>O neno ou nena é acompañado por unha persoa adulta ao coleio sempre que é necesario</li> <li>Hai persoas adultas responsables e coñecidas para o neno ou nena que o levan e o recollen do coleio</li> <li>Hai un número limitado de familiares e persoas adultas que o coidan</li> <li>As figuras parentais ensináronlle ao neno ou nena como comportarse con persoas descoñecidas</li> <li>As figuras parentais asegúranse de que o neno ou nena é supervisado/conta con axuda en lugares potencialmente perigosos</li> <li>Hai polo menos unha persoa adulta que ten claramente asignada a responsabilidade de coidar a casa</li> <li>Ensináronlle ao neno ou nena medidas de protección e seguridade tanto dentro coma fóra da casa.</li> <li>É frecuente que se deixe só o neno ou nena</li> <li>Deixóuselle só de noite</li> <li>Agrídeselle ou castígase fisicamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O neno ou nena ten unha relación estable con polo menos unha persoa adulta</li> <li>Hai continuidade nas figuras adultas que o atenden</li> <li>As figuras parentais reconfortan o neno ou nena cando está enfermo, molesto, ten medo ou cando se mancou</li> <li>Reforzan que adquira confianza en si mesmo</li> <li>Frecuentemente, teñen mostras espontáneas de afecto cara ao neno ou nena</li> <li>Quérenlo de forma incondicional</li> <li>Valóraselle en por si</li> <li>As figuras parentais móstranse orgullosas do neno ou nena</li> <li>Acéptaselle como membro da familia</li> <li>Fáiselle participe nas celebracións familiares</li> <li>As figuras parentais pasan suficiente tempo co neno ou nena como para permitir o desenvolvemento dun vínculo positivo e forte</li> <li>Reforzan o establecemento de relacións afectivas na familia</li> <li>Reforzan os esforzos e logros do neno ou nena</li> <li>Apóiano cando é obxecto de burlas ou agresións por parte doutros nenos ou nenas</li> <li>Anímalo a falar dos seus medos e preocupacións</li> <li>As respostas que o neno ou nena recibe na casa son consistentes e predicibles</li> <li>As figuras parentais mostran interese no que fai o neno ou nena no coleio</li> <li>Reforzan e mostran aprobación polos seus logros académicos</li> <li>Os desacordos na familia resólvense de forma non violenta</li> <li>A vida diaria do neno ou nena ten rutinas, é ordenada e estable</li> <li>Respéctanse os seus esforzos por ser independente</li> <li>Promóvese que vaia adquirindo maiores cotas de autonomía</li> <li>As figuras parentais promoven que o neno ou nena asuma responsabilidades de autocoidado de forma apropiada á súa idade ou nivel de desenvolvemento e refórzano por iso, aínda que sempre supervisan ou comprobán que o neno ou nena estea seguro</li> <li>Son as persoas adultas as que teñen a responsabilidade principal de coidar a familia</li> <li>O neno ou nena non é testemuña nin se ve implicado en relacións sexuais entre persoas adultas.</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promóvese que o neno ou nena manteña relación con outras persoas adultas e menores de idade</li> <li>• Anímasele a compartir e a xogar con outros nenos e nenas</li> <li>• Está cos seus amigos e amigas fóra do horario escolar</li> <li>• Convida os seus amigos e amigas á casa</li> <li>• As figuras parentais promoven que o neno ou nena convide os seus amigos e amigas á casa</li> <li>• Promoven que participe en actividades extraescolares organizadas</li> <li>• As figuras parentais buscan axuda ou asesoramento se están a ter dificultades para manexar a conduta do neno ou nena</li> <li>• Utilizan métodos adecuados para manexar o comportamento do neno ou nena (reforzo positivo, negociación, modelado, premios, distracción, persuasión, extinción etc.)</li> <li>• Hai límites e normas claras acerca do comportamento na familia</li> <li>• Eses límites e normas son consistentes e respectados por ambas as figuras parentais</li> <li>• Axúdasele ao neno ou nena a controlar as súas emocións</li> <li>• Anímasele a negociar</li> <li>• A forma en que as figuras parentais se relacionan con outras persoas constitúe un exemplo adecuado para o neno ou nena</li> <li>• Ensínasele ao neno ou nena respecto e tolerancia cara a outras persoas e cara á diferenza</li> <li>• Ensínasele bos modais e a mostrar respecto cara a outras persoas</li> <li>• A relación das figuras parentais coa veciñanza e coas figuras de autoridade é en xeral adecuada</li> <li>• Ensínasele ao neno ou nena que non debe ter un comportamento violento ou cruel</li> <li>• As figuras parentais apoian as normas da escola</li> <li>• Ensínasele ao neno ou nena e promoven un comportamento adecuado en lugares públicos</li> <li>• A familia séntese aceptada na comunidade.</li>   <li>• <b>As persoas que forman parte da familia están implicadas en actividades antisociais..</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promóvese que o neno ou nena sexa activo</li> <li>• É habitual que o neno ou nena xogue fóra da casa</li> <li>• Ten xoguetes e materiais de aprendizaxe variados e apropiados para a súa idade</li> <li>• Os seus xoguetes, libros e material escolar son tratados con coidado</li> <li>• As figuras parentais adoitan lerlle libros, contarlle historias, xogar co neno ou nena ou ver a tele con el ou ela</li> <li>• O neno ou nena acode regularmente ao colexio</li> <li>• As figuras parentais apoian e supervisan que faga os deberes</li> <li>• Acoden ás titorías e citas co profesorado</li> <li>• Reforzan de forma estable a aprendizaxe do neno ou nena</li> <li>• Apoian que o neno ou nena acuda regularmente ao colexio</li> <li>• Aseguran que chegue puntual ao colexio.</li> </ul>

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
		<ul style="list-style-type: none"> <li>O neno ou nena non é testemuña nin se ve implicado en situacións violentas entre persoas adultas</li> <li>Téntase evitar que sexa testemuña de condutas adultas estafalarías ou que poidan provocarlle medo.</li> <li>O neno ou nena observa con frecuencia síntomas de malestar emocional nas figuras parentais</li> <li>É obxecto de frecuentes críticas ou manifestacións de hostilidade</li> <li>Hai unha presión moi forte para que obteña bos resultados académicos</li> <li>As figuras parentais apóianse no neno ou nena cando teñen problemas</li> <li>É frecuente que o neno ou nena teña que coidar a irmáns e irmás de menor idade</li> <li>O neno ou nena ten que coidar das figuras parentais.</li> </ul>

## INDICADORES DE AVALIACIÓN DE NECESIDADES - 10-14 ANOS

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa saúde xeral; enfermidades habituais</li> <li>As enfermidades do neno, nena ou adolescente reciben unha atención médica adecuada</li> <li>O neno, nena ou adolescente recibe unha dieta sa</li> <li>Roupa habitualmente limpa</li> <li>Hixiene persoal satisfactoria</li> <li>As enfermidades recorrentes teñen unha explicación médica</li> <li>As figuras parentais aseguran que as condicións hixiénicas da casa son adecuadas</li> <li>As figuras parentais ensínanlle ao neno, nena ou adolescente hábitos adecuados de saúde (alimentación, exercicio, consumo de drogas ou alcol)</li> <li>As figuras parentais promoven que o neno, nena ou adolescente faga exercicio físico</li> <li>As figuras parentais promoven que asuma responsabilidades sobre a súa propia saúde</li> <li>Son sensibles aos síntomas de malestar físico ou lesións do neno, nena ou adolescente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Atención adecuada ás lesións que se produciu o neno, nena ou adolescente</li> <li>As lesións ou marcas físicas que presenta teñen unha explicación aceptable</li> <li>Protéxese o neno, nena ou adolescente das agresións ou violencia doutras persoas</li> <li>Se o neno, nena ou adolescente sufriu acoso, as figuras parentais actuaron para protexelo</li> <li>As figuras parentais saben sempre onde está o neno, nena ou adolescente</li> <li>O neno, nena ou adolescente recibe unha supervisión adecuada tendo en conta a súa personalidade e nivel de desenvolvemento</li> <li>As figuras parentais víxían a relación entre o neno, nena ou adolescente e os seus irmáns e irmás</li> <li>Hai un número limitado de familiares e persoas adultas que coidan o neno, nena ou adolescente</li> <li>As figuras parentais ensináronlle ao neno, nena ou adolescente como comportarse con persoas descoñecidas</li> <li>As figuras parentais asegúranse de que o neno, nena ou adolescente é supervisado e conta coa axuda en lugares potencialmente perigosos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Hai continuidade nas figuras adultas que atenden o neno, nena ou adolescente</li> <li>As figuras parentais reconfortan o neno, nena ou adolescente cando está molesto ou ten medo</li> <li>Asegúranlle ao neno, nena ou adolescente que sempre estarán apoiándoo</li> <li>Reforzan que adquira confianza en se mesmo</li> <li>Frecuentemente, teñen mostras espontáneas de afecto cara ao ou ela</li> <li>Móstranse orgullosas do neno, nena ou adolescente</li> <li>Acéptase o neno, nena ou adolescente como membro da familia</li> <li>Fáiselle participe nas celebracións familiares</li> <li>As figuras parentais pasan suficiente tempo co neno, nena ou adolescente como para permitir o desenvolvemento dun vínculo positivo e forte</li> <li>Reforzan o establecemento de relacións afectivas na familia</li> <li>Reforzan os esforzos e logros do neno, nena ou adolescente</li> <li>Anímanos a falar dous seus medos e preocupacións</li> <li>As respostas que o neno, nena ou adolescente recibe na casa son consistentes e predicibles</li> <li>Mostran interese non que fai o neno, nena ou adolescente non colexio</li> <li>Reforzan e mostran aprobación polos seus logros educativos</li> </ul>

	NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS

	NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anímase a compartir e a xogar con outros nenos, nenas ou adolescentes</li> <li>• O neno, nena ou adolescente está cos seus amigos e amigas fóra do horario escolar</li> <li>• Convida os seus amigos e amigas á casa</li> <li>• As figuras parentais promoven que o neno, nena ou adolescente convide os seus amigos e amigas á casa</li> <li>• Reforzan as relacións de amizade positivas do neno, nena ou adolescente</li> <li>• Tentan evitar que se relacione con persoas adultas ou menores de idade que poden ter unha influencia negativa sobre el ou ela</li> <li>• As figuras parentais utilizan métodos adecuados para conseguir que o neno, nena ou adolescente coopere e teña un comportamento adecuado</li> <li>• Hai límites e normas claras acerca do comportamento na familia</li> <li>• Eses límites e normas son consistentes e respectados por ambas as figuras parentais</li> <li>• Anímase o neno, nena ou adolescente a negociar</li> <li>• A forma en que as figuras parentais se relacionan con outras persoas constitúe un exemplo adecuado para o neno, nena ou adolescente</li> <li>• Ensínase ao neno, nena ou adolescente respecto e tolerancia cara ás demais persoas</li> <li>• Ensínase a respectar a lei</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As figuras parentais adoitan lerlle libros ao neno, nena ou adolescente, contarlle historias, xogar ou ver a tele con el ou ela</li> <li>• Apoian que o neno, nena ou adolescente adquira novas habilidades</li> <li>• Tentan afastalo de problemas familiares que poidan interferir na súa evolución escolar</li> <li>• O neno, nena ou adolescente ten suficiente tempo para dedicalo ás súas afeccións ou intereses</li> <li>• As figuras parentais apoian que o neno, nena ou adolescente faga os deberes</li> <li>• Acoden ás titorías e citas co profesorado</li> <li>• As figuras parentais tentan asegurar que o neno, nena ou adolescente acuda regularmente ao colexio.</li> </ul>

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>Aseguran que o neno, nena ou adolescente recibe un coidado adecuado á súa saúde bucodental</li> <li>Hai polo menos unha persoa adulta que asume a responsabilidade principal do coidado diario do neno, nena ou adolescente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ensinóuselle ao neno, nena ou adolescente medidas de protección e seguridade tanto dentro coma fóra da casa</li> <li>As figuras parentais tentan asegurar que o camiño da casa ao colexio e do colexio á casa sexa seguro.</li> <li>É frecuente que se deixe só o neno, nena ou adolescente de noite</li> <li>Agrídese ou castígase fisicamente o neno, nena ou adolescente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os desacordos na familia resólvense de forma non violenta</li> <li>A vida diaria do neno, nena ou adolescente é ordenada e estable</li> <li>Respéctanse os seus esforzos por ser independente</li> <li>Promóvese que vaia adquirindo maiores cotas de autonomía</li> <li>As figuras parentais promoven que o neno, nena ou adolescente asuma responsabilidades de autocoidado de forma apropiada á súa idade ou o nivel de desenvolvemento e refórzanlo por iso, aínda que sempre supervisan que estea seguro</li> <li>Refórzase o neno, nena ou adolescente polas habilidades de autocoidado que vai adquirindo: cociñar, comprar etc.</li> <li>Son as persoas adultas as que teñen a responsabilidade principal de coidar a familia</li> <li>Hai polo menos unha persoa adulta que ten claramente asignada a responsabilidade de coidar a casa</li> <li>As figuras parentais apoian e axudan o neno, nena ou adolescente cando ten dificultades académicas</li> <li>A roupa e a aparencia do neno, nena ou adolescente é acorde co que el ou ela quere</li> <li>Permíteselle tomar decisións e controlar algún aspecto da súa vida</li> <li>O neno, nena ou adolescente non é testemuña nin se ve implicado en relacións sexuais entre persoas adultas</li> <li>O neno, nena ou adolescente non é testemuña nin se ve implicado en situacións violentas entre adultos</li> <li>Téntase evitar que sexa testemuña de condutas adultas estafalarias ou que poden provocarlle medo</li> <li>As figuras parentais buscan axuda externa ante problemas relacionais ou problemas co neno, nena ou adolescente que non pode resolver.</li> <li>O neno, nena ou adolescente observa con frecuencia síntomas de malestar emocional nas figuras parentais</li> <li>É obxecto de frecuentes críticas ou manifestacións de hostilidade</li> <li>Hai unha presión moi forte para que obteña bos resultados académicos</li> <li>As figuras parentais apóianse no neno, nena ou adolescente cando teñen problemas.</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ensínaselle bos modais e a mostrar respecto cara ás demais persoas</li> <li>• Refórzase para que axude nas tarefas domésticas</li> <li>• A relación das figuras parentais coa veciñanza e coas figuras de autoridade é, en xeral, adecuada</li> <li>• Ensínaselle ao neno, nena ou adolescente que non debe ter un comportamento violento ou cruel</li> <li>• Apoian as normas da escola</li> <li>• Ensinan e promoven que o neno, nena ou adolescente teña un comportamento adecuado en lugares públicos</li> <li>• A familia séntese aceptada na comunidade</li> <li>• As figuras parentais apoian que o neno, nena ou adolescente reciba educación sexual ou proporcionanlla eles mesmos</li> <li>• O neno, nena ou adolescente recibiu mensaxes claras respecto ao que é unha conduta sexual apropiada</li> <li>• As figuras parentais non consomen alcol ou fano de forma moi controlada, e son un bo exemplo para o neno, nena ou adolescente.</li>   <li>• Os membros da familia están implicados en actividades antisociais</li> <li>• As figuras parentais consomen drogas.</li> </ul>	

## INDICADORES DE AVALIACIÓN DE NECESIDADES - 15-18 ANOS

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• As enfermidades do ou da adolescente reciben unha atención médica adecuada</li> <li>• Recibe unha dieta sa</li> <li>• Hixiene persoal satisfactoria</li> <li>• As enfermidades recorrentes teñen unha explicación médica</li> <li>• As figuras parentais aseguran que as condicións hixiénicas da casa son adecuadas</li> <li>• As figuras parentais ensínanlle ao ou á adolescente hábitos adecuados de saúde (alimentación, exercicio, consumo de drogas ou alcol)</li> <li>• As figuras parentais informaron o/a adolescente dos riscos de ter relacións sexuais sen protección</li> <li>• As figuras parentais promoven que o/a adolescente faga exercicio físico</li> <li>• Promoven que asuma responsabilidades sobre a súa propia saúde</li> <li>• As figuras parentais son sensibles aos síntomas de malestar físico ou lesións do ou da adolescente</li> <li>• Aseguran que o/a adolescente recibe un coidado adecuado á súa saúde bucodental</li> <li>• Hai polo menos unha persoa adulta que asume a responsabilidade principal do coidado diario do ou da adolescente</li> <li>• As figuras parentais asegúranse de que se o/a adolescente fai tatuaxes ou piercings o faga con garantías de seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As lesións ou marcas físicas que ten o/a adolescente teñen unha explicación aceptable</li> <li>• Protéxese o/a adolescente das agresións ou violencia doutras persoas</li> <li>• Se o/a adolescente sufriu bullying, as figuras parentais actuaron para protexelo</li> <li>• As figuras parentais tentan saber sempre onde está o/a adolescente</li> <li>• O/a adolescente recibe unha supervisión adecuada tendo en conta a súa personalidade e nivel de desenvolvemento</li> <li>• Cando estivo fóra da casa durante un tempo, o/a adolescente sempre estivo baixo a supervisión de persoas adultas responsables</li> <li>• A relación do ou da adolescente cos outros nenos, nenas ou adolescentes que viven na familia é, en termos xerais, boa</li> <li>• As figuras parentais víxían a relación entre o/a adolescente e os seus irmáns e irmás</li> <li>• Asegúranse de que o/a adolescente é supervisado/conta con axuda en lugares potencialmente perigosos</li> <li>• Ensinóuselles aos ou ás adolescentes medidas de protección e seguridade tanto dentro coma fóra da casa</li> <li>• As figuras parentais tentan asegurar que o camiño da casa ao colexio/traballo e do colexio/traballo á casa sexa seguro.</li> <li>• <b>Agrídese ou castígase fisicamente o/a adolescente.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai continuidade nas figuras adultas que atenden o/a adolescente</li> <li>• As figuras parentais reconfortan o/a adolescente cando está molesto ou ten medo</li> <li>• Asegúranlle ao ou á adolescente que sempre estarán apoiándoo</li> <li>• Reforzan que adquira confianza en si mesmo</li> <li>• Frecuentemente, teñen mostras espontáneas de afecto cara a el ou ela</li> <li>• Móstranse orgullosos do ou da adolescente</li> <li>• Acéptase o/a adolescente como membro da familia</li> <li>• Fáiselle participe nas celebracións familiares</li> <li>• As figuras parentais pasan suficiente tempo co ou coa adolescente como para permitir o desenvolvemento dun vínculo positivo e forte</li> <li>• Reforzan o establecemento de relacións afectivas na familia</li> <li>• Reforzan os esforzos e logros do ou da adolescente</li> <li>• Anímanos a falar dos seus medos e preocupacións</li> <li>• As respostas que o/a adolescente recibe na casa son consistentes e predicibles</li> <li>• As figuras parentais mostran interese no que fai o/a adolescente no colexio/traballo</li> <li>• Reforzan e mostran aprobación polos seus esforzos e logros educativos</li> <li>• Os desacordos na familia resólvense de forma non violenta</li> <li>• A vida diaria do ou da adolescente é ordenada e estable</li> <li>• Promóvese que vaia adquirindo maiores cotas de autonomía</li> <li>• As figuras parentais promoven que o/a adolescente asuma responsabilidades de autocoidado de forma apropiada á súa idade ou nivel de desenvolvemento e refórzano por iso, aínda que sempre supervisan que o/a adolescente estea seguro</li> <li>• Refórzase o/a adolescente polas habilidades de autocoidado que vai adquirindo: cocinar, comprar etc.</li> <li>• Son as persoas adultas as que teñen a responsabilidade principal de coidar a familia</li> <li>• As responsabilidades que ten asignadas na casa son razoables</li> <li>• Hai polo menos unha persoa adulta que ten claramente asignada a responsabilidade de coidar a casa</li> <li>• As figuras parentais apoian e axudan o/a adolescente cando ten dificultades académicas ou no traballo</li> <li>• A súa roupa e aparencia é acorde co que el ou ela quere</li> <li>• As figuras parentais respectan a súa orientación sexual</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anímasele a compartir</li> <li>• As figuras parentais promoven que o/a adolescente convide os seus amigos e amigas á casa</li> <li>• Anímalo a que estea cos seus amigos e amigas</li> <li>• Promoven que participe en actividades sociais fóra da casa</li> <li>• As figuras parentais reforzan as relacións de amizade positivas do ou da adolescente</li> <li>• Tentan evitar que o/a adolescente se relacione con persoas adultas ou menores de idade que poden ter unha influencia negativa sobre el ou ela</li> <li>• As figuras parentais utilizan métodos adecuados para conseguir que o/a adolescente coopere e teña un comportamento adecuado</li> <li>• Hai límites e normas claras acerca do comportamento na familia</li> <li>• Eses límites e normas son consistentes e respectados por ambas as figuras parentais</li> <li>• Anímasele a negociar</li> <li>• A forma en que as figuras parentais se relacionen con outras persoas constitúe un exemplo adecuado para o/a adolescente</li> <li>• Ensínasele respecto e tolerancia cara ás demais persoas</li> <li>• Ensínasele a respectar a lei</li> <li>• Ensínasele bos modais e a ser respectuoso ou respectuosa</li> <li>• Refórzase que axude nas tarefas domésticas</li> <li>• A relación das figuras parentais coa veciñanza e coas figuras de autoridade é en xeral adecuada</li> <li>• A conduta das figuras parentais constitúe un bo exemplo para o/a adolescente</li> <li>• Ensínasele ao ou á adolescente que non debe ter un comportamento violento ou cruel</li> <li>• As figuras parentais tentan asegurar que o ou adolescente acode regularmente ao traballo</li> <li>• Apoian as normas da escola</li> <li>• Ensinan e promoven que o/a adolescente teña un comportamento adecuado en lugares públicos</li> <li>• A familia séntese aceptada na comunidade</li> <li>• As figuras parentais apoian que o/a adolescente reciba educación sexual ou proporcionanlla na casa</li> <li>• O/a adolescente recibiu mensaxes claras respecto ao que é unha conduta sexual apropiada</li> <li>• As figuras parentais non consomen alcol ou fano de forma moi controlada, o que é un bo exemplo para o/a adolescente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoian que o/a adolescente adquira novas habilidades</li> <li>• Tentan apartar o/a adolescente de problemas familiares que poidan interferir na súa evolución escolar</li> <li>• O/a adolescente ten suficiente tempo para dedicalo ás súas afeccións ou intereses</li> <li>• As figuras parentais apoian que o/a adolescente faga os deberes</li> <li>• Acoden ás titorías e citas co profesorado</li> <li>• Tentan asegurar que o/a adolescente acuda regularmente ao colexio.</li> </ul>

NECESIDADES FÍSICAS	SEGURIDADE	NECESIDADES EMOCIONAIS
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• O/a adolescente non é testemuña nin se ve implicado ou implicada en relacións sexuais entre persoas adultas</li> <li>• Non é testemuña nin se ve implicado ou implicada en situacións violentas entre persoas adultas</li> <li>• As figuras adultas buscan axuda externa ante problemas relacionais ou problemas co ou coa adolescente que non poden resolver.</li> <li>• O/a adolescente observa con frecuencia síntomas de malestar emocional nas figuras parentais</li> <li>• É obxecto de frecuentes críticas ou manifestacións de hostilidade</li> <li>• Hai unha presión moi forte para que obteña bos resultados académicos ou sexa sempre o primeiro ou a primeira</li> <li>• As figuras parentais apóianse no neno, nena ou adolescente cando teñen problemas.</li> </ul>

NECESIDADES SOCIAIS	NECESIDADES COGNITIVAS
<ul style="list-style-type: none"><li>• Se o/a adolescente deixou a escola ou o traballo, promoven que busque un novo emprego.</li><li>• Tentan asegurar que o/a adolescente acuda regularmente ao traballo.</li> <li>• Os membros da familia están implicados en actividades antisociais</li><li>• As figuras parentais consomen drogas.</li></ul>	



## Anexo III

**Instrumentos de *screening* para a avaliación do dano no neno, nena ou adolescente e outros instrumentos de interese para a avaliación de competencias parentais**

A continuación, preséntase unha listaxe orientativa de instrumentos que poden ser útiles para avaliar o nivel de desenvolvemento e detectar síntomas de dano nos nenos, nenas e adolescentes nas áreas emocional, social, cognitiva ou afectivo-sexual. En cada caso, e segundo as características particulares do neno, nena ou adolescente obxecto de valoración e os obxectivos perseguidos, deberá determinarse se é necesario aplicar estes ou outros instrumentos. Serán utilizados por profesionais con formación suficiente no seu manexo e nunca como único elemento diagnóstico ou valorativo. Preséntanse tamén outros instrumentos de interese para a avaliación de competencias parentais.

## DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO<sup>48</sup>

### ASQ-3. Ages and Stages Questionnaire.

(Squires y Bricker, 2009)

Conxunto de 21 cuestionarios elaborados para avaliar o desenvolvemento infantil en nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 e 5 anos e medio. Cada cuestionario contén 30 preguntas que se cobren rapidamente. Foi deseñado para que os cuidadores/as principais do neno/a (pais/nais e educadores/as) avalíen e monitoricen a evolución do neno/a nas áreas comunicativa, motora grossa, motora fina, socio-individual e habilidades para a resolución de problemas. Pode ser aplicado tamén por profesionais, incluída calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia, e non se require titulación ou capacitación específica. Pode ser corrixido manualmente. Utilízase moi frecuentemente para identificar nenos e nenas en risco de atrasos no desenvolvemento. Foi sometido a múltiples estudos que avalan a súa fiabilidade e validez. Tempo aproximado de aplicación: 10-15 minutos.




Paul H. Brookes Publishing Co., Inc.

<https://agesandstages.com/products-pricing/asq3/>

<sup>48</sup> Recoméndanse o ASQ-3 e o EOD como instrumentos de screening e o Battelle para a exploración de áreas nas que se detectase algún problema.

## EOD. Escala observacional del desarrollo

(Secadas, 2005)



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/eod-escala-observacional-del-desarrollo.aspx>

Instrumento de observación deseñado para ser usado por pais, nais e coidadores para recoller información sobre o estado de desenvolvemento de nenos e nenas entre 0 e 6 anos. Avalía as condutas afectivas, sensoriais, motoras, de contacto e comunicación, adquisición de conceptos (a partir de 2 anos) e de normas (6 anos) e desenvolvemento somático. Dispón de distintos cuestionarios adecuados a cada idade nos que se lles pide aos pais/nais ou educadores que valoren se o neno/a realiza ou non determinadas condutas esperables nese nivel de desenvolvemento.

A EOD non se presenta unicamente como un instrumento de avaliación, senón que ademais profunda no estudo dos procesos evolutivos e propón medidas de intervención -correctoras ou estimuladoras- para activar áreas deficitarias.

Os datos recollidos proveñen do contexto natural do neno/a e son moi útiles cando, por diferentes impedimentos, non se lle poida valorar directamente. A súa limitación é o rumbo que se pode producir ao obter os datos a través de informantes. Pode ser corrixido

manualmente e aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia, e non se require titulación ou capacitación específica. Tempo aproximado de aplicación: 20 minutos.

## BATTELLE Inventario de Desarrollo

(Newborg, Stock y Wnek, 1996; calificación TEA a)



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/battelle-inventario-de-desarrollo.aspx>

Batería de aplicación individual para a avaliación das habilidades fundamentais de nenos e nenas entre 0 e 8 anos nas distintas áreas do desenvolvemento (persoal/ social, adaptativa, motora, comunicación e cognitiva) e diagnóstico das posibles deficiencias ou atrasos.

Dispón dunha proba de screening (10-30 minutos) que permite detectar se o neno ou nena presenta atraso nalguna área. Esta proba podería ser aplicada por profesionais de distintas disciplinas cun adestramento básico. Se se identifican posibles áreas problemáticas, requirirase unha exploración en maior profundidade por profesionais especializados.

O procedemento para obter a información é de tres tipos: exame estruturado, observación (aula, domicilio) e información de terceiras fontes (profesorado, proxenitores).

## DESARROLLO INFANTIL NORMATIVO - GUÍA DE INTERVENCIÓN CLÍNICA INFANTIL

(Morales, García, Álvarez, Gervás, Pardo, Pérez, de la Torre y Santacreu, 2015)

O anexo I "Desenvolvemento infantil normativo" da Guía de intervención clínica infantil recolle os fitos evolutivos esperables e característicos das áreas motora (grosa e fina)/biosocial, cognitiva, de linguaxe e comunicación e socio-afectiva nas etapas 0-2, 2-6, 6-12 e 12-18 anos.



Centro de Psicología Aplicada, Universidad Autónoma de Madrid

<https://www.coursehero.com/file/91310649/guia-infantilpdf/>

## SCREENING DE PROBLEMAS EMOCIONAIS E COMPORTAMENTAIS DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

### SENA Sistema de evaluación de niños y adolescentes

(Fernández Pinto, Santamaría, Sánchez-Sánchez, Carrasco y Del Barrio, 2016; calificación TEA b)

Instrumento dirixido a avaliar a presenza de problemas emocionais e de conduta en nenos, nenas e adolescentes de idades comprendidas entre 3 e 18 anos. Dispón de tres versións segundo a idade (3-6 anos, 6-12 anos, 12-18 anos), así como de versións para recoller información do profesorado, dos pais e nais e do propio neno, nena ou adolescente (neste último caso, a partir de 6 anos).

O instrumento pretende detectar a presenza de problemas internalizados (depresión, ansiedade, ansiedade social, queixas somáticas, obsesión-compulsión e sintomatoloxía postraumática), problemas externalizados (hiperactividade e impulsividade, problemas de atención, agresividade, conduta desafiante, problemas de control da ira, conduta antisocial) e problemas específicos (atraso no desenvolvemento, problemas da conduta alimentaria, problemas de aprendizaxe, consumo de substancias etc.). Tamén persegue detectar áreas de vulnerabilidade que poden predispoñer o neno, nena ou adolescente a presentar problemas máis severos (por exemplo, regulación emocional, rixidez, illamento, busca de sensacións ou dificultades de apego) e a presenza de recursos psicolóxicos



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/SENA-Sistema-de-Evaluacion-de-Ninos-y-Adolescentes.aspx>

que poden actuar como factores protectores ante diferentes problemas (por exemplo, autoestima, integración e competencia social, intelixencia emocional, conciencia dos problemas).

Pode ser aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia; requírese unha formación básica para a súa corrección. Tempo aproximado para cubri-lo: entre 15 e 20 minutos os cuestionarios para pais, nais e profesores e entre 30 e 40 minutos os cuestionarios de autoinforme. Dispón de baremos para a poboación española. A corrección ha de realizarse en liña, previo pago, a través de Tea Ediciones.

## ASEBA Achenbach System of Empirically Based Assessment

(Achenbach)

**ASEBA**  
Achenbach System of Empirically Based Assessment



<https://aseba.org/>

<http://www.ued.uab.es/menumaterial.htm>

Conxunto de instrumentos para avaliar a presenza de problemas comportamentais significativos en nenos, nenas ou adolescentes de idades comprendidas entre 1,5 e 18 anos. Recolle información sobre problemas externalizados (por exemplo, conduta agresiva, problemas de atención) e internalizados (por exemplo, ansiedade-depresión, retraemento, queixas somáticas). Dispón de dúas versións segundo a idade (1,5-5 anos, 6-18 anos), así como versións para recoller información do profesorado, dos pais e nais e do propio neno, nena ou adolescente (neste último caso, para maiores de 11 anos). Pode ser corrixido manualmente e aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia e requírese unha formación básica

para a súa corrección. Tempo para cubrir similar ao SENA. O instrumento dispón de baremos para a poboación española para a versión pais/nais 6-18 anos.

## SDQ Strengths & Difficulties Questionnaire

(Goodman, 1997, 1998, 1999, 2010)

Cuestionario para avaliar a presenza de problemas comportamentais significativos en nenos, nenas ou adolescentes de idades comprendidas entre 3 e 16 anos similar aos obxectivos do SENA e ASEBA, pero moito máis breve (25 ítems). Focalizado na identificación de problemas externalizados (problemas de conduta, hiperactividade/problemas de atención), internalizados (problemas emocionais, problemas con iguais) e conduta prosocial. Recolle tamén información sobre o grao en que a persoa informante considera que o neno, nena ou adolescente ten un problema, a súa cronicidade e o malestar que provoca tanto no propio neno, nena ou adolescente como nas persoas que o rodean.



Dispón de versións para recoller información do profesorado, dos pais e nais e do propio neno, nena ou adolescente (neste último caso, para maiores de 11 anos). Pode ser corrixido manualmente e aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia e requírese unha formación básica para a súa corrección. Cóbrese en aproximadamente 5 minutos. Conta con baremos para a poboación española con idades comprendidas entre os 3 e os 10 anos.

## RELACIONES SOCIAIS DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

### BAS. Batería de Socialización 1,2 Y 3

(Silva y Martorell, 1983; calificación TEA a)

Cuestionario dirixido á avaliación da capacidade de socialización de nenos, nenas ou adolescentes de 6 a 15 anos na contorna escolar (BAS-1, cuberto polo profesorado) e na contorna extraescolar e familiar (BAS-2, cuberto polos pais e nais). O instrumento proporciona un perfil de socialización en catro áreas "positivas/facilitadoras" -liderado, xovialidade, sensibilidade social e respecto-autocontrol- e tres áreas "problemáticas/perturbadoras" -agresividade-testanería, apatía-retraemento, ansiedade-timidez-. Proporciona ademais un índice global de adaptación social do neno, nena ou adolescente segundo o xuízo dos adultos. Tempo aproximado para cubri-lo: 10-30 minutos.

O BAS-3 recolle información do propio neno, nena ou adolescente sobre a súa conduta social. Aplicable a idades comprendidas entre os 11 e os 19 anos. Inclúe cinco escalas: consideración cos demais, autocontrol nas



Ediciones TEA


<http://web.teaediciones.com/bas-bateria-de-socializacion-1-2-y-3.aspx>

relacións sociais, retraemento social, ansiedade social-timidez e liderado, así como unha escala de sinceridade. Pode ser aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia; requírese unha formación básica para a súa corrección. Tempo aproximado para cubri-lo: 10 minutos. A corrección pode realizarse de forma manual.

## ADAPTACIÓN PERSOAL, SOCIAL, ESCOLAR E FAMILIAR DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE E PERCEPCIÓN DAS ACTITUDES EDUCADORAS DOS SEUS PROXENITORES

### TAMAI. Test autoevaluativo Multifactorial de Adaptación Infantil

(Hernández-Guanir, 1990; calificación TEA b)



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/TAMAI--TEST-AUTOEVALUATIVO-MULTIFACTORIAL-DE-ADAPTACION-INFANTIL.aspx>


Autoinforme dirixido a nenos, nenas ou adolescentes a partir de 8 anos que avalía a existencia de problemas ou trastornos na área persoal, escolar, social e familiar. Este instrumento proporciona información das seguintes áreas: inadaptación xeral, inadaptación persoal, inadaptación escolar, inadaptación social, insatisfacción familiar, insatisfacción cos irmáns, educación adecuada do pai, educación adecuada da nai, discrepancia educativa, proximidade e contradicións. O TAMAI completa a información das áreas anteriores mediante diversas subescalas específicas tales como infravaloración, regresión, indisciplina, conflito coas normas, desconfianza social, relacións cos pais, insatisfacción co ambiente familiar, hipomotivación, somatización, depresión, timidez, introversión, entre outras. Pode ser aplicado por calquera disciplina profesional do ámbito dos servizos sociais e da infancia e requírese unha formación básica para a súa corrección. Tempo aproximado para cubri-lo: 30-40 minutos. A corrección ha de realizarse en liña, previo pago, a través de Tea Ediciones.

## SÍNTOMATOLOXÍA DEPRESIVA NO NENO, NENA OU ADOLESCENTE

### CDI Inventario de Depresión Infantil

(Kovacs, 1992; calificación TEA b)

Cuestionario dirixido á avaliación de síntomas depresivos en nenos, nenas e adolescentes de 7 a 15 anos. Avalía dúas dimensións: disforia (humor depresivo, tristeza, preocupación etc.) e autoestima negativa (xuízos de ineficacia, fealdade, maldade etc.) e proporciona unha puntuación total de depresión. Pode ser contestado directamente polo neno, nena ou adolescente ou por persoas adultas de referencia (pais e nais, profesorado, outros cuidadores). Tempo aproximado para cubri-lo: 10-30 minutos.



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/CDI--INVENTARIO-DE-DEPRESION-INFANTIL.aspx>

## COMPETENCIAS PARENTAIS E VÍNCULO DE APEGO DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE CARA ÁS FIGURAS PARENTAIS

### Guía de evaluación de las competencias y la resiliencia parental

(Barudy y Dantagnan, 2010a, 2010b)

Criterios técnicos diseñados para a avaliación das capacidades e habilidades das figuras parentais para dar resposta ás necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes (segundo idades) e as súas consecuencias nestes, incluído o vínculo de apego. As prácticas parentais cualifícanse en moi preocupantes/preocupantes/parcialmente preocupantes/non preocupantes. Os criterios (2010a) foron elaborados para o seu uso por profesionais dos servizos sociais e da infancia. Complementáanse cunhas fichas nas que se recolle a información (2010b).

Con relación ás competencias parentais, avalíanse os seguintes aspectos: (1) modelo de apego adulto, (2) empatía, (3) habilidades actuais de crianza e (4) recursos e apoios das redes




Guía 2010a

<https://www.gedisa.com/ficha.aspx?idcol=1005&cod=100587&titulo=Los-desaf%C3%ADos-invisibles-de-ser-madre-o-padre&aut=Barudy,%20Jorge%20/%20Dantagnan,%20Maryorie#.YUBPv03TD41>

familiares e sociais, incluídas as redes profesionais. Con relación ao impacto nos nenos, nenas e adolescentes, propóñanse criterios para avaliar o seguinte: (1) trastornos no apego, (2) dano traumático e (3) trastornos no desenvolvemento. Finalmente, achéganse tamén criterios para avaliar factores contextuais que influencian as competencias parentais, concretamente inmigración e nivel de estrés, orixinado tanto dentro coma fóra da familia.

Con relación á avaliación do vínculo de apego do neno, nena e adolescente, propóñense criterios para realizar unha aproximación e detectar posibles problemas que puidesen requirir unha exploración de maior profundidade. A guía (2010a) describe a relevancia da avaliación do apego, os seus tipos principais e significado (páx. 163-176), para detallar posteriormente parámetros e indicadores para a súa avaliación. Para iso propónse unha metodoloxía observacional ou a actividade directa co neno, nena ou adolescente, en función da súa idade (páx. 308-329).



Fichas 2010b

<https://www.gedisa.com/ficha.aspx?idcol=1005&cod=100589&titulo=Fichas-de-trabajo-Los-desaf%C3%ADos-invisibles-de-ser-madre-o-padre&aut=Barudy,%20Jorge%20/%20Dantagnan,%20Maryorie#.YUBOXk3TD41>


## COMPETENCIAS PARENTAIS

### Entrevista para la evaluación de Competencias parentales

(Hidalgo, Jiménez, Lorence y Sánchez, 2020; editado por Cruz Roja)

Instrumento diseñado específicamente para profesionales e equipos de servizos sociais e de infancia, co obxectivo de avaliar competencias parentais na fase de avaliación inicial ou particularmente na fase de deseño e reavaliación do plan de apoio e intervención familiar. Baseado nunha revisión exhaustiva de instrumentos similares deseñados no eido internacional con ese obxectivo e sometido a validación empírica en España (ver capítulo 2 do manual).

O instrumento inclúe 12 escalas, algunhas das cales fan referencia a características das figuras parentais -corresponsabilidade parental, crenzas e expectativas adecuadas sobre o desenvolvemento, autorregulación emocional, percepción adecuada do rol parental, afrontamento de situacións estresantes, apoio social- e outras á adecuación no exercicio das funcións parentais -estimulación e estruturación, tempo compartido en familia, afecto, comunicación e aceptación, implicación escolar, normas e supervisión, xestión doméstica-. Cada escala desagregase en subescalas, cada unha das cales ha de ser cualificada nun de tres niveis: 1 (nada)/3 (intermedio)/5 (totalmente). Inclúese un modelo de folla de rexistro da información e indicacións para a corrección e interpretación do instrumento, aínda que non dispón de puntuacións de corte. Espérase que a información se recolla a través de entrevistas coas figuras parentais, aínda que tamén podería facerse a través da observación directa e de terceiras fontes cualificadas.



[https://www2.cruzroja.es/documents/5640665/662926586/Manual+ECP-12\\_Web+definitivo.pdf/8156699d-13a1-d50f-055e-8249bbf78033?t=1617004923515](https://www2.cruzroja.es/documents/5640665/662926586/Manual+ECP-12_Web+definitivo.pdf/8156699d-13a1-d50f-055e-8249bbf78033?t=1617004923515)

### Evaluación de Competencias parentales

(Rodrigo, Martín y Cabrera, 2010)

Instrumento similar ao de Hidalgo et al. (2020) nos seus destinatarios e proceso de construción: deseñado para profesionais e equipos dos servizos sociais e da infancia, baseouse nunha revisión de instrumentos similares desenvolto no eido internacional e foi sometido a validación empírica en España. Pode accederse a este instrumento solicitándolle aos autores.

<http://dx.doi.org/10.6018/analesps.29.3.150981>

O instrumento inclúe 10 escalas, algunhas das cales fan referencia a características das figuras parentais e outras á adecuación no exercicio das funcións parentais: axencia persoal, autonomía e busca de apoio persoal, habilidades para a vida persoal, competencias cognitivas,

competencias emocionais, relación coa comunidade, expectativas e prognóstico, promoción da saúde (propia e dos fillos), organización doméstica, competencias e habilidades educativas. Cada escala desagregase en subescalas, cada unha das cales ha de ser cualificada nunha escala Likert de 1 (nada) a 5 (moito). Inclúe un modelo de folla de rexistro da información e indicacións para a súa corrección e interpretación, aínda que non dispón de puntuacións de corte. A información pode recollerse a través de entrevistas coas figuras parentais, da observación directa e de terceiras fontes cualificadas.

## ADULTOS - CARACTERÍSTICAS DE PERSONALIDADE RELACIONADAS CO ROL PARENTAL

### **CUIDA. Cuestionario para la evaluación de adoptantes, cuidadores, tutores y mediadores**

(Bermejo et al, 2014; calificación TEA b)



Ediciones TEA

<http://web.teaediciones.com/CUIDA--CUESTIONARIO-PARA-LA-EVALUACION-DE-ADOPTANTES--CUIDADORES--TUTORES-Y-MEDIADORES.aspx>

Cuestionario dirixido a avaliar a capacidade dun suxeito para lle proporcionar a atención e o coidado adecuados a unha persoa en situación de dependencia (fillo/a biolóxico, adoptado ou en custodia; menor a cargo dunha institución; maiores, enfermos, persoas con discapacidade...). Utilízase para a avaliación de persoas solicitantes de adopción, en casos de asignación de garda/custodia, selección de educadores de centros de acollida, selección de mediadores e persoal sanitario e selección e valoración de cuidadores profesionais de persoas dependentes.

Inclúe a avaliación de 14 variables de personalidade: altruísmo, apertura, asertividade, autoestima, capacidade de resolver problemas, empatía, equilibrio emocional, independencia, flexibilidade, reflexividade, sociabilidade, tolerancia á frustración, capacidade de establecer vínculos afectivos ou de apego, capacidade de resolución do duelo, 3 índices de validez e control das respostas e 3 puntuacións de segunda orde: coidado responsable, coidado afectivo, sensibilidade cara aos demais e agresividade. Tempo de aplicación: 45 minutos. A corrección ha de realizarse en liña, previo pago, a través de Tea Ediciones.

**Nivel profesional requerido para  
a aplicación de instrumentos  
publicados por Tea Ediciones**

### **Normas deontolóxicas**

Segundo as normas da “American Psychological Association”, asumidas polo Consello Xeral da Psicoloxía de España, as probas clasifícanse en tres niveis que determinan as posibilidades de adquisición de acordo coa formación e titulación específicas do solicitante.

Detrás do nome de cada proba indícase entre paréntese o nivel profesional requerido para a súa adquisición.

- (a): Formación e experiencia no ámbito concreto da aplicación.
- (b): Coñecemento sobre a teoría dos tests e métodos estatísticos, garantido pola correspondente titulación académica.
- (c) Titulación superior en Psicoloxía, Psiquiatría ou Psicopedagogía e experiencia profesional en diagnóstico clínico.

## Anexo IV

### Glosario

**SITUACIÓN DE RISCO** (artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia): *“Se considerará situación de risco aquela en la que, a causa de circunstancias, carencias o conflitos familiares, sociais o educativos, la persona menor de edad se vea perjudicada en su desarrollo personal, familiar, social o educativo, en su bienestar o en sus derechos de forma que, sin alcanzar la entidad, intensidad o persistencia que fundamentarían su declaración de situación de desamparo y la asunción de la tutela por ministerio de la ley, sea precisa la intervención de la Administración pública competente, para eliminar, reducir o compensar las dificultades o inadaptación que le afecten y evitar su desamparo y exclusión social, sin tener que ser separado de su entorno familiar.”*

**SITUACIÓN DE DESAMPARO** (artigo 172.1 do Código Civil, na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e artigo 56 da Lei 3/2005): *“La que se produce de hecho a causa del incumplimiento, o del imposible o inadecuado ejercicio de los deberes de protección establecidos por las leyes para la guarda de los menores, cuando éstos queden privados de la necesaria asistencia moral o material”.* La declaración de la situación de desamparo implica la asunción de la tutela del niño, niña o adolescente por ministerio de ley por parte de la Administración pública competente, conlleva la suspensión a sus padres y madres o tutores de la patria potestad o la tutela ordinaria, y la aplicación de las medidas de protección que correspondan.

**SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL:** Situación na que, malia que hai un exercicio adecuado dos deberes de protección, existen outras circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos fóra do control dos pais e nais ou persoas titoras ou gardadoras que están prexudicando ou poden prexudicar o desenvolvemento da persoa menor de idade (por exemplo, falta de servizos, pobreza, delincuencia, marxinação ou violencia na súa contorna, incluído o centro escolar etc.).

**SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN:** que se produce cando o pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda dun neno, nena ou adolescente se atopan nunha destas situacións:

- Atópanse incapacitados ou imposibilitados para exercer os deberes de protección.
- Exércenos de maneira inadecuada, de forma que o neno, nena ou adolescente ten necesidades básicas sen satisfacer que lle provocaron ou é probable que lle provoquen un dano significativo na súa saúde e desenvolvemento,
- o que pode provocar a privación da súa necesaria asistencia moral ou material.

As situacións de desprotección poden constituír risco ou desamparo e isto dependerá da súa gravidade.

## **ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL/ADOLESCENTE:**

1. **Desenvolvemento físico.**
2. **Desenvolvemento emocional,** referido fundamentalmente á construción da identidade; autoestima; seguridade e confianza nun mesmo e no mundo que o rodea; identificación, manexo, expresión e control de emocións.
3. **Desenvolvemento social,** referido ás pautas de comunicación e relación con outras persoas, tanto iguais coma persoas adultas.
4. **Desenvolvemento cognitivo,** referido á adquisición progresiva dun conxunto de habilidades adaptativas -capacidades, condutas e destrezas- que lle permiten á persoa desempeñar de forma adecuada os seus diferentes roles nas súas contornas habituais, nos seus grupos de referencia, de acordo coa súa idade cronolóxica.

5. **Desenvolvemento afectivo-sexual**, referido ao proceso de construción da identidade e orientación sexual, expresión da sexualidade e comportamento sexual.

**DANO SIGNIFICATIVO NO DESENVOLVEMENTO:** dano experimentado por un neno, nena ou adolescente constitúe un dano significativo cando se presente **unha ou varias das seguintes circunstancias:**

1. O dano que padece o neno, nena ou adolescente nunha ou varias áreas de desenvolvemento (físico, emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual):
  - a. Colócao nos límites do esperable á súa idade e condición ou manifesta un funcionamento extremadamente limitado ou perturbado.
  - b. As dificultades nunha ou varias áreas de desenvolvemento persisten ao longo de diferentes etapas evolutivas.
  - c. O dano afecta simultaneamente polo menos a dúas áreas de desenvolvemento (físico, emocional, social, cognitivo ou afectivo-sexual), (segundo a área afectada, requírese valoración por parte dun ou unha profesional con capacitación).
2. A desprotección colocou o neno, nena ou adolescente en risco de morte, dunha discapacidade permanente ou dunha enfermidade ou trastorno físico de carácter grave.
3. O neno, nena ou adolescente presenta lesións físicas en zonas vitais do corpo (cara, cabeza, lesións internas, ano, xenitais) ou require hospitalización ou tratamento médico como consecuencia dos malos tratos (nestes casos, deberá dispoñerse de informe médico).
4. O neno, nena ou adolescente é abandonado polo seu pai e nai ou persoas que exercen a súa tutela ou garda, sen que estas persoas manifesten intención de volver.
5. O neno, nena ou adolescente foi obxecto de violencia sexual intrafamiliar de gravidade elevada ou moi elevada, con ou sen contacto físico.
6. O neno, nena ou adolescente foi inducido a cometer accións delituosas graves, á prostitución ou foi explotado sexualmente.

**Dano grave nas áreas emocional, social, cognitiva ou afectivo-sexual:** *Presenza constatada no neno, nena ou adolescente dunha ou varias das seguintes circunstancias: (a) trastorno psicopatolóxico, (b) síntomas no rango clínico de ansiedade, depresión, retraemento ou conduta de rexeitamento, condutas agresivas ou autodestrutivas ou atrasos no desenvolvemento ou (c) problemas de comportamento ou síntomas de malestar emocional severos que comprometen seriamente o seu proceso de desenvolvemento e adaptación persoal e social e requiren tratamento especializado inmediato. A presenza de síntomas clínicos deberá establecerse con base na aplicación de técnicas diagnósticas obxectivas e/ou instrumentos que dispoñan de índices adecuados de fiabilidade e validez.*

**PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN UNIVERSAL (PREVENCIÓN PRIMARIA):** Actuacións dirixidas ao conxunto da poboación que pretenden mellorar a calidade global de vida das familias e os nenos, nenas e adolescentes e evitar a aparición de novas situacións de desprotección.

En concreto, as actuacións de prevención universal:

- Son proactivas, non reactivas, realizándose antes de que se produza o problema para previr, non despois de que afectase as persoas.

- Centran a súa acción nas situacións ambientais ou procesos sociais que xeran ou estenden o problema na poboación tratando de evitar que apareza ou se estenda.
- Van dirixidas a persoas ou grupos non afectados polo problema.

**PROGRAMAS DE PREVENCIÓN SELECTIVA E INDICADA (PREVENCIÓN SECUNDARIA).**

Actuacións dirixidas a familias en situación de vulnerabilidade á desprotección ou risco leve. O seu obxectivo principal céntrase en evitar a aparición de situacións de desprotección:

- Eliminando, reducindo, controlando ou contrarrestando os factores que colocan a familia en risco de aparición de a desprotección e
- Corrixindo as pautas inadecuadas educativas ou de coidado, trato ou relación existentes na familia.

A súa intervención pode levarse a cabo en diferentes contextos (domicilio familiar, ámbito comunitario, despacho etc.) en función das necesidades de cada caso, aínda que sempre en estreita colaboración cos servizos comunitarios e cun carácter normalizado.

**PROGRAMAS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR:** Proporcionan unha intervención socioeducativa e psicosocial a familias con problemas de desprotección de gravidade moderada, elevada ou moi elevada, cando os nenos, nenas ou adolescentes permanecen no domicilio familiar. Os seus obxectivos céntranse en:

- Garantir a cobertura das necesidades básicas do neno, nena ou adolescente na súa contorna familiar e social natural.
- Finalizar a situación de desprotección e establecer as condicións necesarias para evitar a súa reaparición.
- Manter a unidade familiar.
- Capacitar ou complementar o pai, nai ou persoas que exercen a tutela ou garda do neno, nena ou adolescente para o adecuado exercicio do rol parental.
- Reparar as secuelas que a desprotección provocou no neno, nena ou adolescente.

A súa intervención pode levarse a cabo en diferentes contextos (domicilio familiar, contorna comunitaria, despacho etc.) en función das necesidades de cada caso.

**PROGRAMAS DE REUNIFICACIÓN FAMILIAR:** Proporcionan unha intervención socioeducativa e psicosocial a familias con nenos, nenas ou adolescentes con problemas de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada que requiriron a adopción dunha medida legal de protección. Os seus obxectivos céntranse en:

- Conseguir o retorno do neno, nena ou adolescente á familia no prazo de tempo máis breve posible, garantindo a cobertura das súas necesidades básicas.
- Establecer as condicións necesarias para evitar a reaparición da desprotección.
- Capacitar ou complementar as figuras parentais para o adecuado exercicio dos deberes de protección e
- Reparar as secuelas que a desprotección provocou no neno, nena ou adolescente.

A súa intervención pode levarse a cabo en diferentes contextos (domicilio familiar, ámbito comunitario, despacho etc.) en función das necesidades de cada caso.

**VALORACIÓN:** En sentido xenérico, acción e efecto de emitir un xuízo ao redor dun conxunto de información.

**AVALIACIÓN:** Fase de intervención que implica a recollida de información en profundidade sobre a historia previa e a situación actual dunha familia, co obxectivo de identificar as causas das súas dificultades e da situación de desprotección e deseñar o plan de intervención.



## **Anexo V**

### **Bibliografía, webgrafía e fontes de información de interese**

## PÁXINAS WEB

### Observatorio da Infancia, Goberno de España

(español)

Centro documental creado en 1999 polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Inclúe estatísticas, publicacións, informes técnicos propios, protocolos e manuais de actuación das comunidades autónomas etc. relacionados coa defensa e promoción dos dereitos da infancia e a protección infantil .

<https://observatoriodelainfancia.vpsocial.gob.es/queEs/home.htm>

### FAPMI Federación de Asociacións para a Prevención dos Malos Tratos Infantís

(español)

Centro documental con ampla bibliografía, recursos específicos, información sobre actividades formativas etc. relacionadas coa protección infantil. Inclúe información, documentación e materiais específicos sobre explotación sexual infantil (FAPMI-ECPAT España).

<https://www.bienestaryproteccioninfantil.es/index.asp>

### Observatorio da Infancia en Andalucía (OIA) e Rede SABIA Saúde e Bo Trato á Infancia e á Adolescencia

(español e inglés)

Plataformas en liña impulsadas pola Consellería de Saúde e Familias da Junta de Andalucía en Andalucía (OIA) para a xestión do coñecemento sobre a infancia e a adolescencia e difundir documentación e materiais sobre o bo trato á infancia e a atención aos malos tratos. A documentación recompilada polo OIA é moi completa e está permanentemente actualizada.

<https://www.observatoriodelainfancia.es/oia/esp/index.aspx>

<https://www.redsabria.org/>

## Familias. A forza de Andalucía.

(español)

<https://www.familiasandalucia.es/>

Plataforma en liña impulsada pola Consellería de Saúde e Familias da Junta de Andalucía, onde se recolle bibliografía e materiais preventivos diversos dirixidos a profesionais e familias sobre parentalidade, desenvolvemento infantil e adolescente, apego, separacións e divorcios, duelo etc.

## Familias en positivo

(español)

<https://familiasenpositivo.org/>

Plataforma en liña impulsada polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e a Federación Española de Municipios e Provincias. Contén información diversa, documentos e recursos sobre parentalidade positiva para profesionais e familias.

## Gurasotasuna

(español)

<https://www.euskadi.eus/gobierno-vasco/gurasotasuna/>

Plataforma en liña impulsada polo Departamento de Emprego e Políticas Sociais do Goberno Vasco. Contén información diversa, documentos e recursos sobre parentalidade positiva para profesionais e familias.

## Enciclopedia sobre o Desenvolvemento da Primeira Infancia

(español)

<http://www.encyclopedia-infantes.com/sobre-la-encyclopedia>

Plataforma en liña producida polo Centro de Excelencia para o Desenvolvemento da Primeira Infancia (CEDPI) e a Rede Estratéxica de Coñecementos sobre o Desenvolvemento da Primeira Infancia (REC-DPI), con sede na Universidade de Montreal e na Universidade de Laval (Quebec, Canadá), respectivamente, que recompila, sintetiza e comenta os coñecementos científicos máis recentes sobre o desenvolvemento infantil ata os cinco anos de idade.

## Páxinas web relacionadas con atención temperá

(español e inglés)

GAT ederación Española de Asociacións de  
Profesionais de Atención Temperá

<https://gat-atenciontemprana.org/>

Plena Inclusión:

<https://www.plenainclusion.org/>

Centers for Disease control and Prevention:

<https://www.cdc.gov/ncbddd/actearly/>

Early Intervention Foundation:

<https://www.eif.org.uk/>

## Páxinas web relacionadas con Apego

(español e inglés)

John Bowlby.com

<https://psychology.psy.sunysb.edu/attachment/>

Rede Iberoamericana de apego:

<https://rediberoamericanadeapego.org/>

Petales internacional (Grupo de axuda e  
de apoio. Pais de nenos que presentan  
trastornos do vínculo afectivo ou apego):

<http://petalesinternational.org/ES/del-vinculo-afectivo-o-apego.php>

Primeira alianza:

<https://blogs.comillas.edu/primeraalianza/home/>

## Instituto Cántabro de Servizos Sociais

(español)

Plataforma en liña que inclúe documentación técnica de  
interese e protocolos de actuación en infancia tanto para  
profesionais dos servizos sociais e de protección como  
para profesionais de ámbitos relacionados.

<http://www.serviciosocialescantabria.org/index.php?page=documentos-e-informes#infancia>

## GIFI – Grupo de investigación en familia e infancia

(español)

<http://grupogifi.com/>

Centro documental con documentación nacional e internacional de interese sobre acollemento residencial. Grupo vinculado á Universidade de Oviedo.

## Save the Children España

(español)

<https://www.savethechildren.es/>

Centro documental con publicacións nacionais e internacionais sobre dereitos e protección á infancia.

## ISPCAN – International Society for the Prevention of Child Abuse & Neglect

(inglés)

<https://www.ispcan.org/>

Páxina web da Asociación Internacional para a Prevención dos Malos Tratos Infantís. Inclúe información sobre congresos internacionais, difusión de documentación, webminars etc. ISPCAN edita a revista "Child Abuse & Neglect. The International Journal".

## Child Welfare Information Gateway

(inglés)

<https://www.childwelfare.gov/>

Plataforma en liña impulsada polo Departamento de Saúde e Servizos Humanos dos Estados Unidos que recompila e difunde documentación para profesionais sobre protección á infancia e prevención dos malos tratos infantís. Inclúe moita información. Algúns documentos están traducidos a español (utiliza xiros latinoamericanos).

## Center on the Developing Child, Harvard University

(inglés)

Plataforma en línea dun grupo de investigación especializado en desenvolvemento infantil temperán que traballa para difundir no ámbito profesional os avances do coñecemento científico e transformalo en propostas para a intervención temperá. Dispón de documentación escrita e audiovisual de gran calidade, que nalgúns casos está traducida a español.

<https://developingchild.harvard.edu/>

## OUTRA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (español)

- Prevención del maltrato infantil: Qué hacer, y cómo obtener evidencias. A. Butchart y Phinney, A. (2012), Organización Mundial de la Salud y ISPCAN.

[https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/44228/9789243594361\\_spa.pdf;jsessionid=7D11F051EFBDE2B482A785D40C525CC6?sequence=1](https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/44228/9789243594361_spa.pdf;jsessionid=7D11F051EFBDE2B482A785D40C525CC6?sequence=1)

- Informe mundial sobre la violencia contra los niños y las niñas. P.S. Pinheiro (2010), UNICEF.

[https://www.unicef.org/republicadominicana/Informe\\_Mundial\\_Sobre\\_Violencia\\_1\(2\).pdf](https://www.unicef.org/republicadominicana/Informe_Mundial_Sobre_Violencia_1(2).pdf)

- Modificación del sistema de protección a la infancia y a la adolescencia. Guía para profesionales y agentes sociales. J. Moreno-Torres (2017), Save the Children.

[https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/modificacion\\_del\\_sistema\\_de\\_proteccion\\_a\\_la\\_infancia\\_y\\_a\\_la\\_adolescencia.pdf](https://www.savethechildren.es/sites/default/files/imce/docs/modificacion_del_sistema_de_proteccion_a_la_infancia_y_a_la_adolescencia.pdf)

- Guía de indicadores para la identificación de situaciones de riesgo y desprotección infantil en niños y niñas entre 0-5 años, Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz, 2019.

<https://www.vitoria-gasteiz.org/docs/wb021/contenidosEstaticos/adjuntos/es/58/86/85886.pdf>

- Protocolos de actuación en protección a la infancia en el Territorio Histórico de Bizkaia (2015).

[https://www.eudel.eus/es/documentos/protocolo\\_proteccion\\_infancia\\_\\_\\_bizkaia\\_2015](https://www.eudel.eus/es/documentos/protocolo_proteccion_infancia___bizkaia_2015)

- Evaluación psicológica forense de los abusos y maltratos a niños, niñas y adolescentes. Guía de buenas prácticas. J.R. Juárez y F. Álvarez (2018), Asociación de Psicólogos Forenses de la Administración de Justicia.

<https://www.psicologosforenses.org/guia-de-buenas-practicas-para-la-evaluacion-psicologica-forense-de-los-abusos-y-maltratos-a-ninos-ninas-y-adolescentes-apf-2018/>

[https://www.copmadrid.org/web/img\\_db/publicaciones/guia-intervencion-menores-pdf-58be61d01e6e7.pdf](https://www.copmadrid.org/web/img_db/publicaciones/guia-intervencion-menores-pdf-58be61d01e6e7.pdf)

- Intervención psicológica en menores expuestos/as a la violencia de género. Aportes teóricos y clínicos. I. Romero (coord.) (2016). Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.

[https://www.copmadrid.org/web/img\\_db/publicaciones/espanol-556c433f7ad88.pdf](https://www.copmadrid.org/web/img_db/publicaciones/espanol-556c433f7ad88.pdf)

- Guía de buenas prácticas para la evaluación psicológica forense del riesgo de violencia contra la mujer en las relaciones de pareja (VCMP). M.R. Gómez, J.M. Muñoz, B. Vázquez, R. Gómez y N. Mateos (2012), Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.

## BIBLIOGRAFÍA DE INTERÉS (español)

- Amorós, P. y Palacios, J. (2004). Acogimiento familiar. Madrid: Alianza Editorial.
- Barudy, J. y Dantagnan, M. (2005). Los buenos tratos a la infancia. Parentalidad, apego y resiliencia. Barcelona: Gedisa Editorial.
- Barudy, J. y Dantagnan, M. (2010). Los desafíos invisibles de ser madre o padre: manual de evaluación de las competencias y resiliencia parental. Barcelona: Gedisa.
- Bermejo, J.C. (2011). Introducción al counselling (relación de ayuda). Barcelona: Sal Terrae.
- Cantón, J. y Cortés, M.R. (1997). Malos tratos y abuso sexual infantil. Madrid: Siglo XXI.
- Cantón, J. y Cortés, M.R. (2000). Guía para la evaluación del abuso sexual infantil. Madrid: Pirámide.
- Cyrulnik, B. (2001). Los patitos feos. La resiliencia: Una infancia infeliz no determina la vida. Barcelona: Gedisa.
- Fernández del Valle, J. y Fuertes, J. (2000). El acogimiento residencial en la protección a la infancia. Madrid: Pirámide.
- González, E. (2010). La detección del abuso sexual infantil. Criterios, dificultades y retos. Lisboa: Ed. Juruá.
- López, F. (1995). Prevención de los abusos sexuales de menores y educación sexual. Salamanca: Amarú Ediciones.
- López, F. (1999). La inocencia rota. Abusos sexuales a menores. Barcelona: Océano.
- López, F. (2008). Necesidades en la infancia y en la adolescencia. Respuesta familiar, escolar y social. Madrid: Pirámide.
- Martínez de Mandojana, I. (2017). Profesionales portadores de oxitocina. Los buenos tratos profesionales. Madrid: El Hilo.

- Miller, W.R. y Rollnick, S. (2015). La entrevista motivacional (3ª ed.). Barcelona, Paidós.
- Okum, B.F. (2001). Ayudar de forma efectiva (counselling): Técnicas de terapia y entrevista (Psicología Psiquiatría Psicoterapia). Barcelona: Paidós
- Pitillas, C. y Berástegui, A. (2018). Primera alianza: fortalecer y reparar los vínculos tempranos. Madrid, Gedisa.
- Rodrigo, M.J., Maíquez, M.L., Martín, J.C. y Byrne, S. (2008). Preservación familiar. Un enfoque positivo para la intervención con familias. Madrid: Pirámide.
- Rodrigo, M.J. y Palacios, J. (1998). Familia y desarrollo humano. Madrid: Alianza Editorial.
- Rubio, J. L. y Piug, G. (2015). Tutores de resiliencia: Dame un punto de apoyo y moveré el mundo. Barcelona: Gedisa.
- Torres Gómez de Cádiz, B, Causadias, J.M., y Posada, G. (2014). La teoría del apego. Investigación y aplicaciones clínicas. Madrid: Psimática.

## REVISTAS ESPECIALIZADAS

En español:

- Psychosocial Intervention (Revisa de Colegio Oficial de la Psicología de Madrid, <https://journals.copmadrid.org/pi/>). Incluye artículos relacionados con el ámbito de la protección de la infancia e dispone de varios monográficos.

En inglés:

- Child Abuse and Neglect. The International Journal (International Society for Prevention of Child Abuse and Neglect-ISPCAN; <https://www.sciencedirect.com/journal/child-abuse-and-neglect>).
- Child Maltreatment (American Professional Society on the Abuse of Children – APSAC; <http://www.apsac.org>)
- Child Abuse Review (British Association for the Study and Prevention of Child Abuse and Neglect – BASPCAN; <http://eu.wiley.com>)
- Adoption and Fostering (British Association for Adoption and Fostering-BAAF; <http://www.baaf.org.uk/journal>)
- The Future of Children (<http://futureofchildren.org>)
- Children & Youth Services Review (<https://www.sciencedirect.com/journal/children-and-youth-services-review>)

## BASES DE DATOS DE REVISIONS SISTEMÁTICAS E PROGRAMAS BASEADOS NA EVIDENCIA

(en inglés)

- California Evidence-Based Clearinghouse for Child Welfare <http://www.cebc4cw.org/>
- Blueprints for Healthy Youth Development <https://www.blueprintsprograms.org/>
- Child Trends <http://www.childtrends.org/>
- Promising practices network on children, families and communities <http://www.promisingpractices.net/>
- Home visiting evidence of effectiveness <http://homvee.acf.hhs.gov/>
- Revisiones sistemáticas; Campbell Collaboration <http://www.campbellcollaboration.org/>
- European Platform for Investing in Children (EPIC) <https://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=1246&langId=en>
- Washington State Institute for Public Policy <http://www.wsipp.wa.gov/>



## Anexo VI

### Guía rápida

# GUÍA RÁPIDA DE VALORACIÓN DA DESPROTECCIÓN INFANTIL VALORA-GALICIA

INSTRUMENTO PARA A VALORACIÓN DA GRAVIDADE DAS SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN INFANTIL EN GALICIA

**Un.**

## Información sobre o neno, nena ou adolescente.

- Comprobamos cal é a persoa menor que está en risco
- A idade
- Se hai posibles necesidades especiais ou outros factores d vulnerabilidade (discapacidade, minorías, trastornos específicos...).
- Que danos físicos ou psíquicos sufriu (áreas física, emocional, social, cognitiva ou afectivo-sexual): danos reais ou danos potenciais.
- Repetimos a aplicación con todas as persoas menores de idade da unidade familiar.



1

**Tres.**

## Identificamos a información relevante/ irrelevante.

- A valoración da gravidade baséase fundamentalmente no comportamento parental e no dano no neno (1/2).
- A valoración da gravidade concrétase na información referida aos últimos seis meses.



3

**Dous.**

## Conduta dos pais/ cuidadores.

- Buscamos Información sobre a conduta dos pais cuidadores relacionadas co dano na persoa menor.
- Valoramos se existe relación entre o dano do menor e a conduta de pais/cuidadores.



2

**Catro.**

## Tipo de desprotección.

- É frecuente atopar distintos tipos de desprotección nun mesmo caso.
- En primeiro lugar, repasaremos os marcadores principais, determinando o tipo xeral de desprotección que se observa:
  - A. Malos tratos físicos.
  - B. Malos tratos psicolóxicos.
  - C. Neglixencia.
  - D. Abandono.
  - E. Violencia sexual.
  - F. Incapacidade parental de control de conduta.
  - G. Outras.
- Independentemente do tipo principal de desprotección sempre exploraremos a posible presenza de malos tratos emocionais e negligencia.



4





## Cinco.

### Subtipo de desprotección.

- Buscaremos indicadores dos subtipos dentro dos tipos xerais identificados nas tipoloxías ou escalas.
- Para cada subtipo valoraremos o nivel de gravidade en función dos indicadores das tipoloxías ou escalas.
  - Comezaremos revisando os indicadores de nivel mínimo de gravidade e iremos ascendendo ata atopar en que se axusta á situación que estamos a valorar.



## Sete.

### Completar a folla-resumo e elaborar o Informe.

- Marcaremos na folla-resumo os niveis de gravidade detectados en cada tipo e subtipo de desprotección, así como o nivel de gravidade global.
- Ao completar a valoración redactarase o correspondente informe, independentemente de cales fosen as conclusións.
  - Nos casos de indicadores de desprotección de gravidade elevada ou moi elevada deberá fundamentarse na proposta de actuación a seguir: "intervención no medio" ou "desamparo".



## Seis.

### Decidir o nivel global de gravidade

- A presenza dun indicador de gravidade moi elevada ou gravidade elevada supoñerá, independentemente da gravidade do resto dos indicadores, a valoración global do caso como un risco grave ou como desamparo en función doutras circunstancias do caso como o grao de colaboración dos pais/coiadores ou a presenza de factores de vulnerabilidade do neno nena ou adolescente.
- A presenza de polo menos un indicador de gravidade moderada, sen que existan indicadores de gravidade elevada ou moi elevada supoñerá a valoración global do caso como risco moderado.
- A presenza de indicadores de risco leve sen que existan indicadores de gravidade moderada, elevada ou moi elevada, supoñerá a valoración global do caso como risco leve



## Oito.

### Intervir e/ou derivar.

Os servizos de protección de menores determinarán se a actuación para seguir implica intervención no medio, ou decretar desamparo e asumir medida de protección. Así mesmo, pódese propoñer unha actuación complementaria no medio da medida de protección

Os servizos sociais comunitarios poden propoñer medida de protección, pero serán os servizos sociais especializados de protección ao menor quen tomará a decisión.

# VALORA-GALICIA - Guía Rápida

Parte

# 01

**Contextualización do instrumento (páx. 14)**

**Obxectivos do instrumento. Procedemento de intervención dos servizos sociais especializados en protección de menores en situacións de desprotección e inserción do instrumento Valora-Galicia.**

Parte

# 02

**Situacións de risco e desamparo: Definición e niveis de gravidade (páx. 20)**

**Conceptos de risco/desamparo, desprotección/dificultade social. Tipos e gravidade de situacións: vulnerabilidade á desprotección, risco leve, risco moderado, risco grave, tutela (desamparo). Definición de desprotección e compoñentes: (1) Comportamento parental e (2) Dano significativo real ou potencial no neno/a ou adolescente.**

Parte

# 03

**Criterios xerais e procedemento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección (páx. 32)**

**Quen aplica o instrumento. Período de tempo que abarca. Niveis de gravidade, cualificación e significado**

**(páx. 33)**

Quen aplica o instrumento. Período de tempo que comprende a valoración. Procedemento para cualificar o nivel de gravidade de cada tipoloxía. Procedemento para cualificar o nivel global de gravidade da desprotección. Significado dos niveis de gravidade.

<p><b>Declaración administrativa de risco e valoración do grao de colaboración</b></p> <p>(páx. 36)</p>	<p>Declaración administrativa de risco: quen e cando. Criterios para a valoración do grao de colaboración e acreditación de ausencia de colaboración activa por parte dos pais, nais ou persoas que exercen a tutela ou garda.</p>
<p><b>Procedemento para a recollida de información</b></p> <p>(páx. 41)</p>	<p>Avaliación individualizada e completa do nivel de coidados e atención recibidos por cada un dos nenos, nenas e adolescentes na familia. Atención a nenos, nenas e adolescentes particularmente vulnerables (idades inferiores, discapacidades, outras). Contacto directo co neno, nena ou adolescente e o seu dereito a ser oído e escoitado.</p>
<p><b>Avaliación do dano en el neno, nena ou adolescente</b></p> <p>(páx. 43)</p>	<p>Acceso directo ao neno, nena ou adolescente. Definición de “dano significativo”. Criterios para a avaliación da presenza e gravidade de dano significativo e grave no neno, nena ou adolescente nas áreas emocional, social, cognitiva e afectivo-sexual.</p>
<p><b>Circunstancias particulares</b></p> <p>(páx. 49)</p>	<p>Aplicación do instrumento en casos de parellas separadas ou divorciadas, prácticas vinculadas a valores ou costumes particulares, adolescentes non emancipados legalmente que viven de forma independente. Actuación para seguir con proxenitores non custodios que se opoñen á investigación/intervención.</p>
<p><b>Intervención para seguir cando a información non é concluínte</b></p> <p>(páx. 52)</p>	<p>Intervención para seguir cando a desprotección non pode ser confirmada pero persisten sospeitas</p>
<p><b>Elaboración do informe</b></p> <p>(páx. 52)</p>	<p>Indicacións para a elaboración do informe e folla-resumo do instrumento.</p>
<p><b>Servizos implicados: servizos sociais comunitarios e especializados. Coordinación e derivación de casos</b></p> <p>(páx. 53)</p>	<p>Competencias dos servizos sociais comunitarios e especializados na valoración da existencia de desprotección e a súa gravidade. Equipos técnicos necesarios. Prazos de tempo. Intervención posterior. Derivación de casos entre servizos sociais comunitarios e especializados: cando e como.</p>
<p><b>Intervención posterior en situacións de risco grave e con medida de tutela ou garda</b></p> <p>(páx. 57)</p>	<p>Intervención dos servizos sociais especializados en casos de risco grave e con medida de tutela ou garda: avaliación, deseño e execución do plan de intervención.</p>

# Parte 04

## Tipoloxías de desprotección e niveis de gravidade (páx. 58)

### Tipoloxías de desprotección/Outras situacións específicas que constitúen risco grave ou desamparo. Listaxe

(páx. 59)

#### MALOS TRATOS FÍSICOS (páx. 61)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** Lesións, dano físico ou repercusións na saúde que o comportamento parental provocou ou puido provocar no neno, nena ou adolescente.
- **Cuestións particulares:** Inclúe síndrome de Munchausen por poderes. Particular consideración a nenos e nenas menores de seis anos ou maiores con discapacidades. Require valoración de “malos tratos psicolóxicos”.

#### NEGLIXENCIA (páx. 64)

##### A. NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES FÍSICAS (páx. 64)

###### ALIMENTACIÓN (comida e bebida) (páx. 64)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades de alimentación do neno, nena ou adolescente, (2) impacto na súa saúde ou desenvolvemento físico.
- **Cuestións particulares:** Relevancia do ditame médico.

###### COIDADADO DA SAÚDE FÍSICA (saúde e descanso) (páx. 66)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades hixiénico-sanitarias e de descanso do neno, nena ou adolescente, (2) impacto actual ou potencial na súa saúde, na das persoas que están ao seu arredor e no seu rendemento.
- **Cuestións particulares:** Relevancia do ditame médico.

###### VESTIDO (páx. 68)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das deficiencias observadas na disposición de vestiario suficiente, en boas condicións e adecuado ao tempo atmosférico e (2) impacto actual ou potencial na saúde do neno, nena ou adolescente e na súa participación en actividades cotiás.

###### HIXIENE PERSOAL (páx. 69)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das deficiencias observadas na atención ás necesidades do neno, nena ou adolescente con relación á súa hixiene persoal e (2) grao en que a situación afecta a súa relación con iguais e con outras persoas.

**CONDICIÓN HIXIÉNICAS DA VIVENDA (páx. 70)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das deficiencias observadas nas condicións hixiénicas da vivenda, (2) impacto actual ou potencial na saúde do neno, nena ou adolescente e (3) disposición das figuras parentais para corrixir a situación.
- **Cuestións particulares:** Importancia da existencia de residuos orgánicos en descomposición.

**ESTABILIDADE E CONDICIÓN DE HABITABILIDADE DA VIVENDA (páx. 72)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Disposición dunha vivenda con mínimas condicións de estabilidade, seguridade, espazo e habitabilidade e (2) conciencia das figuras parentais e comportamento.

**B. NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES DE SEGURIDADE (páx. 74)****SEGURIDADE FÍSICA DA VIVENDA E PREVENCIÓN DE RISCOS (páx. 74)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Presenza de déficits de seguridade na vivenda, (2) intensidade e frecuencia de condutas temerarias das figuras parentais co neno, nena ou adolescente, (3) grao de ameaza para a integridade física do neno, nena ou adolescente e (4) grao en que as figuras parentais teñen conciencia diso e mostran un comportamento responsable.

**SUPERVISIÓN (páx. 76)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Presenza e frecuencia de déficits con relación á supervisión do neno, nena ou adolescente tanto dentro coma fóra do domicilio familiar e (2) grao de ameaza que supoñen para a súa integridade física.
- **Cuestións particulares:** Importancia das características particulares do neno, nena ou adolescente (idade, capacidade intelectual etc.) á hora de considerar as súas necesidades de supervisión e o contexto no que se desenvolve. Diferenciación de rangos de idade. Inclúense criterios para diferencialo do abandono.

**PROTECCIÓN ANTE SITUACIÓNS DE DESPROTECCIÓN GRAVE PERPETRADAS POR OUTRAS PERSOAS (páx. 81)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Coñecemento das figuras parentais da existencia de agresións cara ao neno, nena ou adolescente, (2) capacidade para percibir os sinais de que se estaba producindo e (3) adecuación da súa resposta á situación. Inclúe vitimización en relacións de noivado.
- **Cuestións particulares:** Referida a terceiras persoas diferentes ás figuras parentais quen maltratou, agrediu ou abusou gravemente do neno, nena ou adolescente.

**C. NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES COGNITIVAS (páx. 83)****ESTIMULACIÓN (páx. 83)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade e frecuencia do comportamento negligente, (2) idade do neno, nena ou adolescente e (3) gravidade do dano (real ou potencial).
- **Cuestións particulares:** Diferenciación de rangos de idade.

**NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES FORMATIVAS (páx. 86)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Grao de atención e supervisión das figuras parentais cara ás necesidades formativas do neno, nena ou adolescente e (2) resposta ante os problemas que este/a pode presentar a este nivel e ás demandas e orientacións do centro escolar.
- **Cuestións particulares:** Inclúe absentismo. Aplicación restrinxida a idades con escolarización obrigatoria.

## D. NEGLIXENCIAS COAS NECESIDADES EMOCIONAIS (páx. 89)

### INTERACCIÓN E AFECTO (páx. 89)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade e frecuencia do comportamento negligente, (3) idade do neno, nena ou adolescente e (3) gravidade do dano (real ou potencial).
- **Cuestións particulares:** Diferenciación de rangos de idade.

### ATENCIÓN ESPECÍFICA A PROBLEMAS EMOCIONAIS GRAVES OU NECESIDADES ESPECIAIS (páx. 91)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Presenza de desatención clara á necesidade do neno, nena ou adolescente de recibir atención especializada pola presenza de problemas emocionais graves, necesidades especiais ou trastornos do desenvolvemento diagnosticados e (2) severidade de tales problemas.

### NORMAS, LÍMITES, RUTINAS E TRANSMISIÓN DE VALORES MORAIS POSITIVOS (páx. 92)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Grao de desatención por parte das figuras parentais cara a este tipo de necesidades e (2) presenza ou risco de problemas comportamentais e de adaptación persoal, familiar ou social no neno, nena ou adolescente.

## VIOLENCIA SEXUAL (páx. 94)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** Tipo de comportamento abusivo e dano que a situación provocou ou pode provocar no neno, nena ou adolescente.
- **Cuestións particulares:** Inclúe violencia sexual perpetrada polas figuras parentais e por outras persoas familiares ou achegadas que forman parte da unidade convivente. Inclúe tanto contacto e interacción sexual co neno, nena ou adolescente, como outras condutas daniñas para a súa sexualidade e desenvolvemento posterior.

## MALOS TRATOS PSICOLÓXICOS (páx. 97)

### MALOS TRATOS EMOCIONAIS (páx. 97)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade e frecuencia do comportamento parental, (3) idade do neno, nena ou adolescente e (3) gravidade do dano (real ou potencial).
- **Cuestións particulares:** Situacións que comprende (rexear; aterrorizar; illar; restrición da autonomía; sobreesixencia; transmisión de impredecibilidade, inestabilidade, inseguridade respecto ao futuro inmediato). Diferenciación de rangos de idade.

### IMPLICACIÓN DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE EN CONFLITOS ENTRE AS FIGURAS PARENTAIS E CONFLITOS ENTRE AS FIGURAS PARENTAIS E OUTROS FAMILIARES SIGNIFICATIVOS PERTENCENTES AO NÚCLEO CONVIVENTE (páx. 101)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade do comportamento das figuras parentais e (2) impacto no neno, nena ou adolescente e na calidade da súa relación coas figuras parentais/familiares significativos.
- **Cuestións particulares:** Non aplicable en casos de violencia de xénero.

**EXPOSICIÓN A VIOLENCIA DE PARELLA OU ENTRE MEMBROS DA UNIDADE CONVIVENTE (páx. 103)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade e frecuencia da violencia física e verbal e (2) severidade do dano que tales situacións provocaron ou poden provocar no neno, nena ou adolescente.
- **Cuestións particulares:** Cualificarase a existencia desta tipoloxía unicamente cando ningunha das figuras parentais sexa capaz de adoptar as medidas necesarias para deter ou controlar a situación de violencia e protexer o neno, nena ou adolescente afastándoa dela.

**AMEAZAS DE AGRESIÓN FÍSICA (páx. 105)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade do dano co que se ameaza o neno, nena ou adolescente, (2) temor que provocan nel ou nela e (3) risco de que as ameazas se materialicen.

**ABANDONO (páx. 107)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Duración e frecuencia da delegación do coidado do neno, nena ou adolescente en terceiras persoas, (2) circunstancias en que se produce e (3) intención das figuras parentais de volver asumir as súas responsabilidades.

**INCAPACIDADE PARENTAL DE CONTROL DA CONDUCTA DO NENO, NENA OU ADOLESCENTE (páx. 110)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Presenza e gravidade de problemas externalizados de adaptación persoal, familiar, social e/ou escolar do neno, nena ou adolescente e (2) capacidade das figuras parentais para controlar ou manexar tales problemas.
- **Cuestións particulares:** En xeral, esta tipoloxía implica a adolescentes ou a nenos e nenas de idades próximas. Diferenciación de (1) problemas na familia e (2) problemas fóra da familia.

**OUTRAS (páx. 113)****MALOS TRATOS PRENATAIS (páx. 113)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** Sempre será cualificado con gravidade moi elevada ou elevada. Os malos tratos prenatais determinaranse cando o bebé naza. Requírese valoración médica que asocie o comportamento parental durante a xestación e as enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais do bebé. Inclúense intentos de interrupción voluntaria do embarazo fóra dos prazos legalmente establecidos.
- **Cuestións particulares:** Para a valoración doutras situacións de risco durante o embarazo que requiren a intervención dos servizos sociais especializados, ver "Outras situacións específicas que constitúen risco grave ou desamparo – risco de malos tratos prenatal".

**TRATO NON APROPIADO: PRIVACIÓN DELIBERADA DE COMIDA OU AUGA (páx. 115) e CONFINAMENTO OU RESTRICIÓN FÍSICA (páx. 116)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Intensidade do comportamento parental e (2) dano que a situación provocou ou puido provocar no neno, nena ou adolescente.

**EXPULSIÓN OU NEGACIÓN DA ENTRADA NO DOMICILIO (páx. 117)**

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Idade e capacidades do neno, nena ou adolescente, (2) grao en que as figuras parentais se aseguraron de que o neno, nena ou adolescente tiña algún lugar seguro ao que ir e (3) perigo que a situación supuxo para o seu estado físico ou psicolóxico.

### CORRUPCIÓN (páx. 119)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Severidade das condutas das figuras parentais, (2) grao en que permiten ou promoven a exposición ou participación do neno, nena ou adolescente en condutas delituosas ou gravemente asociais e (3) impacto actual ou potencial da situación na súa adaptación social. Inclúe indución á delincuencia, presenza de modelos parentais asociais e indución á violencia ou sometemento cara a outras persoas por razón do seu sexo, relixión, orixe, orientación sexual, condicións físicas ou similar.

### MENDICIDADE (páx. 122)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Frecuencia e condicións en que o neno, nena ou adolescente exerce a mendicidade, (2) ameazas ou coaccións das figuras parentais e (3) impacto da situación na saúde física e asistencia escolar do neno, nena ou adolescente.

### EXPLOTACIÓN LABORAL (páx. 124)

- **Aspectos que se han considerar para valorar a gravidade:** (1) Ameazas ou coaccións ao neno, nena ou adolescente, (2) frecuencia e duración das ocasións en que ha de traballar e (3) impacto da situación nas súas actividades formativas, lúdicas e sociais ou nas súas necesidades de descanso.
- **Cuestións particulares:** Exclúense responsabilidades domésticas excesivas (cualifícanse en malos tratos emocionais).

### OUTRAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS QUE CONSTITÚEN RISCO GRAVE OU DESAMPARO (páx. 126)

- **Definición:** As figuras parentais presentan unha serie de características ou limitacións que fan pensar que a vida ou a integridade básicas do neno, nena ou adolescente poden atoparse en serio perigo e non hai elementos de control na contorna familiar que poidan suplir eses déficits e garantir unha atención minimamente adecuada ás súas necesidades básicas.
- **Situacións que inclúe:** (1) **Risco de malos tratos prenatais;** (2) **antecedentes de desprotección grave perpetrada polo pai, nai ou persoas titoras ou gardadoras;** (3) **graves dificultades persoais no pai, nai ou persoas titoras ou gardadoras;** (4) **imposibilidade temporal ou definitiva do pai, da nai ou das persoas titoras ou gardadoras;** (5) **nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados.**
- **Cuestións particulares:** A presenza destas situacións implica automaticamente a gravidade do caso como elevada.

Parte

05

Anexos (páx. 130)









XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE POLÍTICA  
SOCIAL



Xacobeo 21·22